



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Psicoloxía

Curso Académico:

2022/2023

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Aprobación por	Comisión de Calidade da Facultade de Psicoloxía	27/05/2024
Informe técnico por	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	22/10/2024
Aprobada por	Xunta de Facultade de Psicoloxía	25/11/2024
Aprobada por	Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno	29/11/2024

Índice

Control da elaboración e aprobación	1
1. Introducción	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados.....	6
2.1 Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	6
Cadro resumo de relación Obxectivos estratéxicos-Obxectivos de calidade, 2022-2023, Plan de Melloras, 2022-2023	42
2.2 Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	51
2.2.1. Grao en Psicoloxía	52
2.2.2. Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía	55
2.2.3 Máster Universitario en Psicoloxía	58
2.2.4 Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria	61
2.3 Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.	66
2.3.1. Grao en Psicoloxía	68
2.3.2 Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía.....	75
2.3.3 Máster Universitario en Psicoloxía	78
2.3.4. Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria	81
2.4 Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	87
2.4.1. Persoal académico.....	87
2.4.2. Persoal de apoio	93
2.5 Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	95
2.5.1. Infraestruturas e recursos materiais	95
2.5.2. Servizos.....	97
2.6 Directriz 6. Información pública.....	101
3. Plan de Melloras do centro, 2023-2024.....	103
3.1. Obxectivos de calidade e accións de mellora relacionadas	103
4. Modificacións nos diferentes títulos	129
5. Listaxe de evidencias e indicadores.....	130
5.1. Documentos e informes.....	130
5.2 Indicadores dispoñibles	135

1. Introducción

A Memoria de Calidade da Facultade de Psicoloxía é o documento que recolle a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro, así como o desenvolvemento e resultados dos programas de formación oficiais adscritos ao mesmo. Esta memoria elabórase de acordo co proceso *PE-02, Revisión e Mellora*, do SGC da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

A continuación preséntase o documento correspondente ao curso 2022-23 que se organiza, como en anos anteriores, en dous capítulos principais: *Seguimento do SGC e dos seus resultados*, estruturado internamente conforme ás seis directrices do Sistema FIDES-AUDIT, e o *Plan de Melloras Anual*, no que se actualizan os obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para acadalos. A estes dous capítulos principais engádense outros dous, de carácter instrumental: un no que se rexistran as modificacións introducidas nas titulacións obxecto desta memoria, e outro que recolle a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e dispoñibles para as eventuais avaliacións externas.

Antes de desenvolver eses capítulos, e para unha adecuada contextualización dos mesmos, detállase, nesta introdución, a estrutura xeral da Facultade, atendendo ás titulacións oficiais adscritas e aos órganos responsables do seu desenvolvemento.

Na Facultade de Psicoloxía da USC, no curso obxecto desta memoria (2022-23) impartíronse os seguintes estudos:

- Grao en Psicoloxía (GPs) (Código RUCT 2500462; Código USC G2011).
- Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía (MUPXer) (Código RUCT 4314476; Código USC P2171), coa participación das seguintes universidades: Barcelona (UB), Salamanca (USal) e Valencia (UV), coordinado pola USC.
- Máster Universitario en Psicoloxía (MUPs), coas especialidades de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria e de Psicoloxía Experimental (Código RUCT 4317022; código USC P3411).
- Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria (MUPXS) (Código RUCT 4314481; Código USC P2151).

O número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de profesores/as que impartiu docencia nos mesmos no curso de referencia foi o seguinte:

Táboa 1. Número de estudantado e profesorado nas titulacións do centro.

Titulación	estudantes	docentes
GPs	772	77 (máis 13 investigadores/as en formación ¹)
MUPXer	16	15 (USC) (máis 5 profesores/as ou profesionais externos)
MUPs	43	29 (máis 2 profesores/as ou profesionais externos)
MUPXS	74	25

¹ Persoal investigador contratado a través de programas de recursos humanos que colabora na docencia.

O Persoal Técnico de Xestión, Administración e Servizo (PTXAS) da Facultade de Psicoloxía, segundo a base de datos de persoal da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (ATIC) actualizada a 1 de xullo de 2023, ascendía a un total de 23 traballadores/as:

Táboa 2. Número de PTXAS no centro.

Área de administración	7
Área de conserxeira	4
Área de biblioteca	12

Nota: o persoal da biblioteca está adscrito conxuntamente ás Facultades de Psicoloxía e de CC. da Educación.

Os órganos para o desenvolvemento do SGC, son os seguintes:

Unipersoais:

- Decana e Responsable de Calidade
- Coordinadores/as de Título

Colexiados:

- Equipo decanal
- Comisión de Calidade do Centro (CCC)
- Comisións de Título (CT). No caso de títulos interuniversitarios, CT da USC e Comisión de Coordinación Académica Interuniversitaria (CCI)

Por riba deles, a **Xunta de Facultade (XF)**, o órgano estatutario colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da Memoria de Calidade, así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A Facultade de Psicoloxía conta coa Acreditación Institucional conforme ao establecido no RD 420/2015, de 29 de maio e a Resolución da *Secretaría General de Universidades* de 7 de marzo de 2018 que a desenvolve. Esta acreditación foi outorgada por Resolución do *Consejo de Universidades* de 28 de febreiro de 2019², unha vez que a implantación do SGC da Facultade de Psicoloxía fora certificada pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) en xuño de 2018, e tres dos títulos dos que é responsable (aqueles que correspondía someter ao proceso) tiñan renovada a súa acreditación en 2016 (GPs) e 2018 (MUPXS e MUPXer).

De acordo co procedemento establecido para a elaboración desta memoria no SGC (PE-02), as Comisións de Título (CT) achegaron á Comisión de Calidade do Centro (CCC) as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos durante o curso 2022-23, así como as súas propostas de obxectivos de calidade/accións de mellora, todo iso a partir dos informes e indicadores proporcionados pola responsable de calidade. A CCC analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria, e elaborou o Plan de Melloras Anual (PMA). O documento final, a Memoria de Calidade, foi enviada á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a súa avaliación técnica e sometida a aprobación da XF. Finalmente, deuse traslado á Comisión de Calidade

² O centro debe presentarse ao proceso de renovación da acreditación institucional antes de xaneiro de 2025.

delegada do Consello de Goberno (CG) da USC para a súa aprobación final e remisión á ACSUG. Unha vez aprobada, a Memoria faise pública a través da web da Facultade.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

2.1 Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora:

planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

A Facultade de Psicoloxía conta cunha [Política de Calidade](#) que, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola XF, se dá a coñecer aos grupos de interese mediante a publicación na páxina web do centro. Se ben esta Política de Calidade é acorde ao Plan Estratéxico (PE) do centro que está en vixencia, este [Plan Estratéxico 2021-22](#) que está publicado, de acordo co proceso *PS-06, Información pública*, do SGC, no sitio web da Facultade de Psicoloxía, atópase prorrogado até a renovación do PE da Universidade. Na actualidade estase a traballar nun novo PE tanto institucional como de centro, e a CCC fará os axustes necesarios para actualizar a Política de Calidade e mesmo para que o PE do centro converxa co PE institucional, accións que se levarán a cabo no momento no que este último entre na fase de publicación.

Con respecto á evolución e seguimento do PE do centro, unha vez detectadas as debilidades, a CCC dirixe os seus esforzos en propoñer accións de mellora que permitan afrontalas, así como manter as fortalezas do sistema e explorar novas oportunidades. De forma sistemática, a análise anual das titulacións do centro e do SGC deriva na proposta de accións de mellora vinculadas a cada unha das liñas estratéxicas, polo que o cumprimento do PE se aborda de xeito transversal. Non obstante, a elaboración do novo PE dará resposta ás novas necesidades que se derivan da actualización da política institucional da USC, permitindo o crecemento e madurez do noso SGC.

Un elemento que é necesario avaliar, en relación co desenvolvemento da Política de Calidade, é o **grao de cumprimento dos obxectivos de calidade e a execución e eficacia do PMA** levado a cabo durante o curso obxecto desta memoria (2022-23).

Este plan estruturouse en 29 obxectivos de calidade que levaron asociadas un total de 52 accións de mellora. Unha parte delas executáronse a nivel de Centro, por afectar ao conxunto do sistema ou a varias titulacións. Outras foron específicas dalgunha titulación, polo que foron executadas, en primeira instancia, polos órganos dos títulos (CT e coordinador/a), co apoio do equipo decanal.

O seguimento da eficacia das accións para a consecución dos obxectivos realízase desde as CT de cada titulación do centro e, en última instancia, desde a CCC. A continuación preséntase o informe de execución, aprobado en CCC o 29 de febreiro de 2024, no que se pode observar que a maior parte das accións de mellora foron executadas nun alto grao.

Non obstante, a AM_C-5, referida á modificación substancial da memoria do título de Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria tampouco puido ser executada no curso 2022-23, polo que se propón unha nova prórroga para a presentación da modificación substancial da memoria do título de MUPXS (ver Directriz 2 desta Memoria de Calidade do Centro para maior detalle sobre esta acción de mellora). Así mesmo, a AM_C-29.a, referida á instalación de fontes de auga na facultade, non puido ser executada durante o curso académico 2022-23, polo que se propón a continuidade da acción de mellora (ver Directriz 5 desta Memoria de Calidade do Centro para maior detalle sobre esta acción de mellora).

A CCC considera a necesidade de seguir traballando nas accións de mellora referidas á participación en actividades de captación de novo alumnado e a participación dos/as estudantes nas enquisas de satisfacción (ver Directrices 2 e 3 desta Memoria de Calidade do Centro).

Informe de execución do PMA da Facultade de Psicoloxía, 2022-2023 (aprobado pola Comisión de Calidade o 29/02/2024)

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-1. Revisar e actualizar a documentación do SGC do centro en base ao SGC da USC.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Manter actualizado o SGC da Facultade, promovendo o mantemento da acreditación institucional do centro (1.2)		
Procesos chave relacionados	PS-03. Xestión documental		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-1. Actualizar a documentación do SGC do centro: Política de calidade, Manual de procesos e Manual do SGC		
Indicador/es de medición	Actualización da documentación	Meta a conseguir:	Actualizar a Política de calidade, o Manual de procesos e o Manual do SGC
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	Si		
Grao de consecución da meta:	Alto		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-1
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	A documentación relativa ao SGC do centro debe ser actualizada en liña coas novas directrices de política e obxectivos de calidade da USC.
Definición/ descripción proposta	Actualizar a documentación do SGC do centro: a Política de calidade, o Manual de procesos e o Manual do SGC.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	María José Sampedro Vizcaya
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	A política de calidade, o Manual de procesos e o Manual do SGC do centro foron actualizados seguindo as directrices da USC.
Data Comprobación	Abril 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-2. Renovar a acreditación institucional do centro.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Manter actualizado o SGC da Facultade, promovendo o mantemento da acreditación institucional do centro (1.2)		
Procesos chave relacionados	PE-02. Revisión e mellora		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-2. Elaborar e presentar a renovación da acreditación institucional		
Indicador/es de medición	Presentación da renovación da acreditación	Meta a conseguir:	Renovar a acreditación do SGC do centro
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	Si		
Grao de consecución da meta:	Alto		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-2
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	No curso 2022-23 será necesario proceder co proceso de renovación da Acreditación Institucional de Centro outorgada polo Consello de Universidades.
Definición/ descripción proposta	Elaborar a documentación necesaria para a presentación da renovación da acreditación institucional do centro.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	María José Sampedro Vizcaya
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	A documentación para proceder coa renovación da acreditación institucional polo Consello de Universidades foi elaborada e presentada no prazo previsto. A visita da comisión avaliadora da ACSUG realizouse o 18 de xullo de 2023.
Data Comprobación	Xullo 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-3. Sistematizar a coordinación dos grupos de interese na política de calidade do centro.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Implicar na política de calidade a todos os sectores da Facultade (1.3)		
Procesos chave relacionados	PE-02. Revisión e mellora		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C.3. Elaborar unha rúbrica para sistematizar a coordinación dos axentes implicados na elaboración da memoria de calidade do centro.		
Indicador/es de medición	Elaboración dunha rúbrica	Meta a conseguir:	Mellorar a coordinación de cara a elaborar a memoria de calidade do centro
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	Si		
Grao de consecución da meta:	Alto		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-3
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Para facilitar e axilizar o proceso de elaboración da memoria de calidade do centro, vese necesario establecer unha rúbrica cos apartados e contidos básicos para favorecer a elaboración dos informes de seguimento.
Definición/ descripción proposta	Elaborar unha rúbrica para sistematizar a coordinación dos axentes implicados na elaboración da memoria de calidade do centro.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	María José Sampedro Vizcaya / Santiago Galdo Álvarez
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Elaborouse unha rúbrica cos apartados fundamentais da memoria de calidade para axilizar a coordinación dos axentes implicados na elaboración da memoria de calidade do centro.
Data Comprobación	Marzo 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-4. Mellorar a información dispoñible relativa á satisfacción dos grupos de interese.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Implicar na política de calidade a todos os sectores da Facultade (1.3)		
Procesos chave relacionados	PE-02. Revisión e mellora		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-4. Elaborar unha enquisa de satisfacción para os titores de prácticas externas compartida polas catro universidades implicadas no Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía.		
Indicador/es de medición	Aplicación da enquisa	Meta a conseguir:	Obter información sobre satisfacción dos titores de prácticas externas do MUPXer
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	Si		
Grao de consecución da meta:	Alto		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-4
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Dentro dos indicadores propios de resultados do Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía, non había unha enquisa para avaliar a satisfacción dos titores de prácticas externas unificada para as catro universidades.
Definición/ descripción proposta	Elaborar unha enquisa da satisfacción dos profesionais que actúan como titores nas prácticas externas no Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía a partir dunha serie de ítems avaliativos comúns para aplicar nas catro universidades implicadas na docencia do máster.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	David Facal Mayo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	A enquisa foi elaborada seguindo o modelo de enquisa da USC e compartida coas coordinacións do MUPXer nas catro universidades implicadas na docencia para obter os datos sobre satisfacción dos titores profesionais das prácticas unha vez rematado o período de prácticas (a partir de xullo).
Data Comprobación	Maio 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-5. Supervisar anualmente o cumprimento e propor modificacións das memorias de verificación dos títulos.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Actualizar e adaptar os programas formativos para dar resposta ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico (2.1)		
Procesos chave relacionados	PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-5. Prórroga da modificación substancial da memoria do título de Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria para a súa implantación no curso 2024-2025.		
Indicador/es de medición	Modificación da memoria do título	Meta a conseguir:	Adaptar o programa formativo do título do MUPXS ás novas necesidades normativas e formativas
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	Si		
Grao de consecución da meta:	Baixo		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-5
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	A acción de mellora proposta na memoria anterior relativa á modificación substancial da MVT do MUPXS non puido ser executada como se esperaba (ver informe de execución), polo que resulta necesario prorrogar a acción de mellora nos mesmos termos.
Definición/ descripción proposta	Elaborar e tramitar a proposta de modificación substancial da memoria do título de Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria para a súa aprobación en 2023-22 e posterior implantación en 2024-25.

Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	Ana López Durán
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Elaborouse e presentouse a proposta de modificación substancial da memoria do título de MUPXS no prazo previsto para a súa aprobación e posterior implantación no curso 2024-25.
Data Comprobación	Abril 2023
Incidencias	A proposta de modificación substancial da memoria do título de MUPXS non puido presentarse finalmente para a súa aprobación por parte do Consello de Goberno dado que non foi posible dar resposta no tempo establecido aos comentarios do SXOPRA relativos á redución do número de créditos optativos ofertados no título para poder adaptarse á normativa da USC actual, o cal implicaba unha re-estruturación de toda a oferta optativa.
Axustes/Novas Tarefas	Procederase novamente a solicitar a modificación substancial da memoria do título de MUPXS no curso 2024-25 (dado que no curso 2023-24 só é posible a realización de modificacións non substanciais).

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-6. Avaliar e axustar a oferta formativa da Facultade ás demandas académicas e do eido profesional da psicología.

Obxectivo estratéxico relacionado	Actualizar e adaptar os programas formativos para dar resposta ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico (2.1)		
Procesos chave relacionados	PC-03. Apoio a estudantes		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-6.a. Mellorar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicología Xeral Sanitaria ten acerca das características e actividade profesional dos dispositivos ofertados para a realización de prácticas externas.		
Indicador/es de medición	Realización de actividades informativas	Meta a conseguir:	Incorporar 1 actividade informativa para mellorar o coñecemento dos estudantes acerca dos dispositivos de prácticas
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-6.b. Mellorar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicología Xeral Sanitaria ten sobre o proceso e procedemento de realización de prácticas externas.		
Indicador/es de medición	Realización de actividades informativas	Meta a conseguir:	Incorporar 1 charla para mellorar o coñecemento dos estudantes acerca do proceso e procedemento de prácticas
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-6.c. Mellorar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicología Xeral Sanitaria ten sobre o proceso e procedemento de realización do Tráballo Fin de Máster.		
Indicador/es de medición	Realización de actividades informativas	Meta a conseguir:	Incorporar 1 charla para mellorar o coñecemento dos estudantes acerca do proceso e procedemento de TFM
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-6.d. Incorporar a modalidade de Prácticum de investigación na especialidade de Psicología da intervención social e comunitaria do Máster Universitario en Psicología.		
Indicador/es de medición	Incorporación da modalidade Prácticum de investigación	Meta a conseguir:	Mellorar a formación en investigación dos estudantes na intervención social e comunitaria
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-6.e. Axustar o tempo estimado para a realización da memoria de prácticas no Máster Universitario en Psicología.		

Indicador/es de medición	Axuste do programa da materia	Meta a conseguir:	Modificar o programa para optimizar o traballo individual dos estudantes na elaboración da memoria
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	AM_C-6.a. Si AM_C-6.b. Si AM_C-6.c. Si AM_C-6.d. Si AM_C-6.e. Si		
Grao de consecución da meta:	Alto		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-6.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	O alumnado manifestou a necesidade de mellorar a información recibida sobre os dispositivos de prácticas ofertados no Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria co fin de axustar a súa selección de dispositivo aos seus intereses.
Definición/ descripción proposta	Realización de actividades informativas para mellorar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria ten acerca das características e actividade profesional dos dispositivos ofertados para a realización de prácticas externas.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	Ana López Durán
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Para mellorar a información que o alumnado do MUPXS ten acerca das características e actividade profesional dos dispositivos ofertados para a realización de prácticas externas, 26 dos dispositivos colaboradores elaboraron materiais audiovisuais sobre as súas características e labores profesionais.
Data Comprobación	Decembro 2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-6.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	O alumnado manifestou a necesidade de mellorar a información recibida sobre o proceso e procedemento de realización de prácticas externas do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria (tipos de dispositivos, criterios de avaliación, elaboración da memoria...), polo que vese necesario aportar máis información ao respecto.
Definición/ descripción proposta	Realización de actividades informativas para mellorar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria ten sobre o proceso e procedemento de realización de prácticas externas.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	Ana López Durán
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Incorpóuse como actividade informativa ao comezo do segundo semestre unha charla dirixida ao alumnado do 1º curso do MUPXS para

	explicar información básica e resolver dúbidas sobre o proceso e procedemento de realización das prácticas externas.
Data Comprobación	Febreiro 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-6.c
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	O alumnado manifestou a necesidade de mellorar a información recibida sobre o proceso e procedemento de realización do Traballo Fin de Máster do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria (modalidade de TFM, requisitos, recursos dispoñibles...), polo que vese necesario aportar máis información ao respecto.
Definición/ descripción proposta	Realización de actividades informativas para mellorar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria ten sobre o proceso e procedemento de realización do Traballo Fin de Máster.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	Ana López Durán
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Incorporouse como actividade informativa unha charla a final do primeiro curso do MUPXS para explicar información básica e resolver dúbidas sobre o proceso e procedemento de realización do TFM, dirixida ao alumnado que no 2º curso se matricule desa materia.
Data Comprobación	Xuño 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-6.d
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	Esta iniciativa derívase das peticións expresas do alumnado e o profesorado do Máster Universitario en Psicoloxía, e axústase aos criterios formativos da titulación.
Definición/ descripción proposta	Incorporar a modalidade de Prácticum de investigación na especialidade de Psicoloxía da intervención social e comunitaria do Máster Universitario en Psicoloxía, para ser realizado en proxectos do eido da psicoloxía social de orientación aplicada.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	A modalidade de Prácticum de investigación foi incluída na especialidade de Psicoloxía da intervención social e comunitaria do MUPs, e ofertada para o curso 2022-23.
Data Comprobación	Setembro 2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-6.e

Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	A xuízo tanto do estudiantado como do profesorado titor do Máster Universitario en Psicoloxía, o tempo estimado para a realización da memoria de prácticas, está moi infravalorado na Guía da materia e na MVT.
Definición/ descripción proposta	Axustar o tempo estimado para a realización da memoria de prácticas, asignando 30 horas a traballo non presencial (tarefas de estudo e de elaboración da memoria) e 420 horas á actividade no centro/dispositivo de prácticas (fronte ás 7/443 h actuais).
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	O programa da materia Prácticum do MUPs foi modificado para axustar o tempo de traballo persoal do alumnado para realizar a memoria de prácticas.
Data Comprobación	Maio 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-7. Manter o contacto cos profesionais en exercicio, e os empregadores, de cara a identificar necesidades e temáticas emerxentes na práctica profesional

Obxectivo estratéxico relacionado	Actualizar e adaptar os programas formativos para dar resposta ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico (2.1)		
Procesos chave relacionados	PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-7. Colaborar coa cesión de espazos para a realización de cursos formativos organizados por profesionais da psicoloxía en exercicio.		
Indicador/es de medición	Número de espazos cedidos	Meta a conseguir:	Ceder espazos a lo menos en 2 ocasións durante o curso para mellorar a colaboración con profesionais en exercicio

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor do/s indicador/es	18
Grao de consecución da meta:	Alto

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-7
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	Detectouse a dificultade de establecer pontes entre o centro e os profesionais externos, polo que se debe fomentar o contacto e as relacións de colaboración cos profesionais en exercicio.
Definición/ descripción proposta	Colaborar coa cesión de espazos para a realización de cursos formativos organizados por profesionais da psicoloxía en exercicio.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	María José Sampedro Vizcaya
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Cedéronse espazos para a realización de cursos formativos no curso 2022-2023 a 4 organizacións profesionais externas ao centro en 18

	ocasións: AGAPIR (Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes) - 2 seminarios; COPG (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia) - 8 seminarios; ATFMG (Asociación de Terapia Familiar y mediación de Galicia) - 1 seminario; ASAC (Asociación de Altas Capacidades) - 7 seminarios.
Data Comprobación	Xullo 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-8. Promover o contacto con egresados para avaliar os índices de empregabilidade e axustar a formación recibida ás demandas do exercicio profesional.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade (2.2)		
Procesos chave relacionados	PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-8.a. Sistematizar a xestión da autorización de contacto co alumnado do último curso do MUPXS para manter o contacto como egresados.		
Indicador/es de medición	Envío da autorización	Meta a conseguir:	Mellorar o contacto co alumnado egresado do MUPXS
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-8.b. Elaborar unha enquisa para o alumnado egresado unificada para as catro universidades implicadas no Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía.		
Indicador/es de medición	Aplicación da enquisa	Meta a conseguir:	Mellorar a información obtida do alumnado egresado do MUPXer
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	AM_C-8.a. Si AM_C-8.b. Si		
Grao de consecución da meta:	Alto		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-8.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	Detectáronse dificultades para manter o contacto cos estudantes do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria unha vez xa egresados, polo que resulta preciso contar coa súa autorización para recibir comunicacións dende o máster (enquisas de grao inserción, ofertas laborais...) antes de que rematen os estudos.
Definición/descripción proposta	Sistematizar a xestión e envío da autorización de contacto co alumnado do último curso do MUPXS para manter o contacto como egresados e facilitarlles enquisas de empregabilidade e ofertas laborais.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	Ana López Durán
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Estableceuse como actividade de xestión do MUPXS o envío da autorización ao alumnado no segundo semestre de 2º curso para autorizar o futuro contacto como egresados.
Data Comprobación	Xullo 2023
Incidencias	--

Axustes/Novas Tarefas	--
-----------------------	----

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-8.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	Detectouse a ausencia de datos institucionais sobre inserción laboral do alumnado egresado do Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía, o cal podería ser solucionado cunha enquisa propia que, ademais, reforzaría os vínculos co alumnado egresado.
Definición/ descripción proposta	Elaborar unha enquisa para o alumnado egresado unificada para as catro universidades implicadas no Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía, que inclúa preguntas sobre aproveitamento do Máster e grao de inserción laboral e que sexa implementada periodicamente.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	David Facal Mayo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	A enquisa foi elaborada seguindo un modelo da UAB (Universidade Autónoma de Barcelona) e compartida coas coordinacións do MUPXer nas catro universidades implicadas na docencia para obter os datos sobre aproveitamento académico da formación e o grao de inserción laboral como egresados unha vez rematado o curso académico.
Data Comprobación	Maio 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-9. Procurar novos convenios con centros e dispositivos para a realización de prácticas dos distintos títulos do centro, que poidan contribuír tanto á formación do estudiantado como á súa empregabilidade.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade (2.2)		
Procesos chave relacionados	PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-9. Procura de novos convenios para a realización do Prácticum nas distintas titulacións do centro.		
Indicador/es de medición	Nº convenios asinados	Meta a conseguir:	Ampliar a lo menos 10 convenios con centros para realización de Prácticum
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	34		
Grao de consecución da meta:	Alto		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-9
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	A formación práctica recibida no marco do Prácticum do Grao e dos Másteres do centro debe ampliarse mantendo a representación das distintas áreas profesionais da psicoloxía para favorecer a formación do estudiantado e promover a adquisición de habilidades profesionais que faciliten a súa empregabilidade no futuro.

Definición/ descripción proposta	Procura de novos convenios para a realización do Prácticum nas distintas titulacións do centro.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	María José Sampedro Vizcaya / Olalla Cutrín Mosteiro
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Asináronse un total de 34 novos convenios para a realización do Prácticum no Grao e nos tres másteres oficiais da Facultade (MUPXS, MUPs, MUPXer).
Data Comprobación	Xullo 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-10. Optimizar o sistema de revisión e aprobación ética dos traballos académicos do alumnado dos diferentes títulos do centro.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Potenciar as competencias éticas e cívico-sociais na formación curricular (3.1)		
Procesos chave relacionados	PC-03. Apoio a estudantes		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-10. Elaborar unha rúbrica de comprobación dirixida ao alumnado para axilizar as solicitudes do alumnado á Comisión de Supervisión de Aspectos Éticos do centro para a aprobación en relación cos traballos académicos das titulacións do centro.		
Indicador/es de medición	Elaboración dunha lista de comprobación	Meta a conseguir:	Optimizar o proceso de solicitudes presentadas á Comisión de Supervisión de Aspectos Éticos
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	Si		
Grao de consecución da meta:	Alto		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-10
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Na Comisión de Supervisión de Aspectos Éticos do centro se viñan detectando moitas solicitudes de informe con documentación incompleta polo que se requiría ao alumnado corríxila, prolongando desta maneira o prazo de resolución das solicitudes.
Definición/ descripción proposta	Elaborar unha lista de comprobación dirixida ao estudantado para axilizar a resolución das solicitudes á Comisión de Supervisión de Aspectos Éticos en relación cos traballos académicos das titulacións do centro.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	María José Sampedro Vizcaya / Dolores Rodríguez Salgado
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Elaborouse e púxose a disposición do alumnado unha lista de comprobación cos aspectos requiridos para presentar a solicitude de aprobación á Comisión de Supervisión de Aspectos da realización de traballos académicos que impliquen a participación de persoas ou datos persoais.
Data Comprobación	Decembro 2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-11. Fomentar a participación do estudantado en programas de formación extracurriculares e nos programas de voluntariado.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Potenciar as competencias éticas e cívico-sociais na formación curricular (3.1)		
Procesos chave relacionados	PC-03. Apoio a estudantes		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-11.a. Fomentar a participación do estudantado do Grao en Psicoloxía no programa de titores A Ponte.		
Indicador/es de medición	Número de estudantes titores	Meta a conseguir:	Incorporar novo alumnado no programa A Ponte
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-11.b. Fomentar a participación do estudantado do centro en programas de voluntariado.		
Indicador/es de medición	Realización de actividades informativas	Meta a conseguir:	Realizar a lo menos 1 charla para mellorar o coñecemento dos estudantes sobre os programas de voluntariado
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-11.c. Fomentar a participación do estudantado do centro en actividades culturais e físico-deportivas.		
Indicador/es de medición	Realización de actividades	Meta a conseguir:	Organizar a lo menos 2 actividades para mellorar a implicación do alumnado en actividades extracurriculares
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	AM_C-11.a. 3 AM_C-11.b. Si AM_C-11.a. Si		
Grao de consecución da meta:	Alto		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-11.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Aínda que a participación do alumnado se incrementou con respecto ao curso pasado, pode manterse e mesmo mellorarse no marco dos programas de promoción e titorización da titulación do Grao en Psicoloxía (programa A Ponte).
Definición/descrición proposta	Fomentar a participación do estudantado do Grao en Psicoloxía como titores no Programa A Ponte.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	Dolores Rodríguez Salgado
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	A través da difusión de información do Programa A Ponte, tres alumnas de Grao foron seleccionadas e formadas para ser titoras.
Data Comprobación	Abril 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-11.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Análise causa	Detectouse a necesidade de informar ao alumnado sobre as posibilidades de realizar un voluntariado dentro dos programas organizados pola USC, así como promover e fomentar a súa participación como medio para ter contacto co mundo profesional e adquirir coñecementos e habilidades máis aló da formación curricular.
Definición/ descripción proposta	Fomentar a participación do estudantado do centro en programas de voluntariado.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	María José Sampedro Vizcaya / Olalla Cutrín Mosteiro
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Organizáronse dúas actividades informativas para difundir información sobre o voluntariado en entidades do eido da Psicoloxía.
Data Comprobación	Decembro 2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-11.c
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Detectouse a necesidade de fomentar entre o alumnado a participación e colaboración na organización de actividades culturais e físico-deportivas para promover a vinculación coa institución e o desenvolvemento de valores éticos e sociais.
Definición/ descripción proposta	Fomentar a participación do estudantado do centro en actividades culturais e físico-deportivas.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	María José Sampedro Vizcaya
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Organizáronse diferentes actividades culturais (presentación do libro El niño que quería un baobab; concerto Fear of Missing Out) e físico-deportivas (I edición da Gala Deportiva da Facultade de Psicoloxía) ao longo do curso 2022-2023.
Data Comprobación	Xuño 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-12. Mellorar a información e orientación para a toma de decisións centrada na práctica laboral para o alumnado do último curso de grao e másteres.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais (3.2)		
Procesos chave relacionados	PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-12.a. Incluír como parte do Plan de Acción Titorial do Grao en Psicoloxía a difusión de información formativa sobre orientación laboral e saídas profesionais unha vez rematado o Grao.		
Indicador/es de medición	Realización de actividades informativas	Meta a conseguir:	Incorporar 1 charla para mellorar o coñecemento dos estudantes sobre orientación laboral
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-12.b. Fixar os criterios para activar a posibilidade de solicitar exención parcial de créditos do Prácticum do Máster Universitario en Psicoloxía por experiencia laboral previa.		

Indicador/es de medición	Establecemento dos criterios de exención	Meta a conseguir:	Posibilitar a exención parcial do Prácticum no MUPs
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	AM_C-12.a. Si AM_C-12.b. Si		
Grao de consecución da meta:	Alto		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-12.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	O alumnado manifestou a necesidade de obter máis información sobre orientación laboral e alternativas profesionais ao remate dos estudos, polo que se ve necesario organizar unha sesión informativa conxuntamente co persoal da Área de orientación laboral e emprego da USC para ofrecer información a este respecto.
Definición/ descrición proposta	Incluír como parte do Plan de Acción Titorial do Grao en Psicoloxía a difusión de información formativa sobre orientación laboral e saídas profesionais unha vez rematado o Grao.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	Dolores Rodríguez Salgado
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Incorporouse como actividade informativa dentro do Plan de Acción Titorial do Grao a realización dunha charla sobre orientación laboral e saídas profesionais dirixida a alumnado de 4º curso. A charla foi impartida por unha responsable da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC.
Data Comprobación	Marzo 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-12.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Tense detectado que entre o alumnado do máster se inclúen persoas que teñen experiencia profesional previa nos eidos de especialización do título, que sería preciso recoñecer.
Definición/ descrición proposta	Fixar os criterios para activar a posibilidade, recollida na MVT, de solicitar exención parcial de créditos do Prácticum para aqueles/as estudantes que teñan experiencia previa profesional como psicólogos/as nos eidos de especialización do Máster.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	<p>Durante o curso 2022-2023, leváronse a cabo as seguintes actividades a través da Cátedra Cruz Roja:</p> <ul style="list-style-type: none"> • II edición de Premios a TFG/TFM para a mellora de calidade da vida das persoas maiores • I Certame de fotografía "Solidariedade interxeneracional: Apoios e cuidados para a mellora da calidade de vida". • Mesa redonda "Modelos asistenciais e de convivencia dirixidos ás persoas maiores en Galicia: experiencias actuais" e entrega premios 14 setembro. • Congreso SGXX. Vigo, 9 e 10 de xuño: A cátedra organiza un simposio e convoca premios para as propostas de traballos científicos presentados sobre calidade de vida. • Comunicacions orais Cátedra Cruz Roja USC "Calidade de vida en Adultos Maiores: Benestar persoal, integración social, saúde e economía". • Symposium "Calidade de vida en adultos maiores: benestar persoal, integración social, saúde e economía". • Curso de verán "Perspectivas sobre apoio e cuidados para a mellora da calidade de vida en persoas maiores". Lugo, 11 a 14 xullo. • Asesoramento técnico no estudio "El supermercado de proximidad: la experiencia de compra de las personas mayores en Galicia" e publicación de datos iniciais en xullo. • Colaboración técnica- Cruz Roja A Coruña: proxecto de innovación social "La buena vecindad". • Posicionamento en RRSS e divulgación xeral.
Data Comprobación	Xullo 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-28. Fomentar o papel da Comisión de Igualdade da Facultade na programación académica e na organización de actividades extracurriculares.

Obxectivo estratéxico relacionado	Aliñar as actuacións da Facultade co compromiso institucional da USC coa promoción da igualdade, o respecto a diversidade, e a sostibilidade (6.3)		
Procesos chave relacionados	PC-03. Apoio a estudantes		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-28. Promover actividades extracurriculares no marco da axenda feminista da Comisión de Igualdade.		
Indicador/es de medición	Actividades promovidas pola comisión	Meta a conseguir:	Fomentar o papel activo da Comisión de Igualdade de Xénero
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	Si		
Grao de consecución da meta:	Alto		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-28
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública
Análise causa	Obsérvase a necesidade de incorporar a perspectiva feminista na vida cotiá de alumnado e PDI no centro a través da realización de actividades organizadas pola Comisión de Igualdade de Xénero.
Definición/ descripción proposta	Promover actividades extracurriculares no marco da axenda feminista da Comisión de Igualdade.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	María José Sampedro Vizcaya / Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	No marco da axenda feminista da Comisión de Igualdade do centro, leváronse a cabo as seguintes actividades: Campaña 25N (lectura manifesto, cinefórum da película "Una joven prometedora", Exposición "Desmentindo falsas crenzas", actividade "Cada mensaxe conta") e Campaña 8M (lectura manifesto, Exposición "Por que o 8M?", Exposición fotográfica permanente "Mulleres na Psicología", difusión do Protocolo de prevención e actuación da USC para facer fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero).
Data Comprobación	Xullo 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-29. Fomentar o compromiso coa política de sostibilidade, tratamento e xestión adecuada de residuos, e co uso racional dos recursos.

Obxectivo estratéxico relacionado	Aliñar as actuacións da Facultade co compromiso institucional da USC coa promoción da igualdade, o respecto á diversidade, e a sostibilidade (6.3)		
Procesos chave relacionados	PS-02. Xestión dos recursos materiais e servizos		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-29.a. Dotar o centro de fontes de auga filtrada.		
Indicador/es de medición	Número de fontes instaladas	Meta a conseguir:	Promover o uso racional dos recursos
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-29.b. Optimizar o consumo enerxético do centro.		

Indicador/es de medición	Número de dispositivos mellorados	Meta a conseguir:	Promover o uso racional dos recursos
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-29.c. Eliminar o depósito en papel dos Traballos Fin de Grao.		
Indicador/es de medición	Implantación do sistema	Meta a conseguir:	Promover o uso racional dos recursos
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-29.d. Levar a cabo iniciativas e actividades extracurriculares que promovan o comportamento sostible en alumnado e profesorado.		
Indicador/es de medición	Realización de actividades	Meta a conseguir:	Realizar a lo menos 1 actividade para promover o compromiso coa sostibilidade
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	AM_C-29.a. 0 AM_C-29.b. 7 AM_C-29.c. Si AM_C-29.d. Si		
Grao de consecución da meta:	Medio-Alto		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-29.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública
Análise causa	O Centro conta cun número limitado de fontes de auga que resultan insuficientes polo que se vai ampliar dita dotación de forma que se podan beneficiar máis membros da comunidade, o cal reduciría o consumo de auga embotellada en plástico.
Definición/ descrición proposta	Dotar o centro de fontes de auga filtrada.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	María José Sampedro Vizcaya
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Solicitouse a instalación no centro de 2 fontes de auga filtrada (1 no módulo A e 1 no módulo B).
Data Comprobación	Xullo 2023
Incidencias	A instalación non puido ser executada antes do final do curso 2022-23 como estaba prevista.
Axustes/Novas Tarefas	Acometer a instalación das fontes solicitadas.

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-29.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública
Análise causa	Detectouse que o uso de interruptores de luz nos aseos do centro estaba a producir un gasto non eficiente de enerxía, polo que se viu necesario a súa substitución por interruptores de luz con temporizador.
Definición/ descrición proposta	Optimizar o consumo enerxético do centro a través da instalación de interruptores de luz con temporizador.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	María José Sampedro Vizcaya
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Instaláronse interruptores de luz con temporizador en aseos dos módulos A e B (un total de 7 dispositivos instalados).

Data Comprobación	Xullo 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-29.c
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública
Análise causa	Valorouse que o depósito en papel dos Traballos Fin de Grao na secretaría do centro, ademais de ser unha práctica pouco sostible, supón un desembolso económico innecesario para o alumnado, que xa leva a cabo un depósito electrónico.
Definición/ descripción proposta	Eliminar o depósito en papel dos Traballos Fin de Grao.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	Dolores Rodríguez Salgado
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Instaurouse o procedemento único de depósito de TFG a través de métodos electrónicos (secretaría virtual do estudantado).
Data Comprobación	Xullo 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-29.d
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2021-22
Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública
Análise causa	A implicación da comunidade universitaria en comportamentos sostibles debe ser promovido e facilitado a través da organización de actividades desde o propio centro.
Definición/ descripción proposta	Levar a cabo iniciativas e actividades extracurriculares que promovan o comportamento sostible en alumnado e profesorado.
Datas	Finalización: 31/07/2023/ Inicio: 01/09/2022
Responsables	María José Sampedro Vizcaya
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Organizouse e levouse a cabo unha xincana (con data 28/04/2023; organizada como unha actividade “aprendizaxe-servizo” dentro de materias do Máster en Psicoloxía en colaboración coa ONG Amigas da Terra) co obxectivo de sensibilizar ao estudantado da facultade sobre a necesidade de realizar conductas proambientais tanto dentro como fóra do contexto académico e dos recursos que existen dentro da facultade para ser máis sostibles (como, por exemplo, contedores de reciclaxe ou os sistemas Reciclos), e ao mesmo tempo, recoller información sobre o seu nivel de preocupación sobre estas cuestións e as prácticas que levan a cabo para obter un diagnóstico que poder compartir coa entidade. Tamén se levou a cabo unha presentación pública dos resultados do Proxecto de Aprendizaxe e Servizo realizado por alumnado de 1º curso do Máster en Psicoloxía: "Psicoloxía Social aplicada. O medio rural como alternativa sustentable", tamén en colaboración con Amigas da Terra e a Asociación Avoar.
Data Comprobación	Xuño 2023
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Cadro resumo de relación Obxectivos estratéxicos-Obxectivos de calidade, 2022-2023, Plan de Melloras, 2022-2023³

Plan de Melloras Anual, 2022-2023		
Obxectivos estratéxicos (OE)	Obxectivos de calidade (OC) 2022-2023	Accións de mellora (AM), 2022-2023
Manter actualizado o SGC da Facultade, promovendo o mantemento da acreditación institucional do centro (1.2)	OC-1. Revisar e actualizar a documentación do SGC do centro en base ao SGC da USC.	AM_C-1. Actualizar a documentación do SGC do centro: Política de calidade, Manual de procesos e Manual do SGC.
	OC-2. Renovar a acreditación institucional do centro.	AM_C-2. Elaborar e presentar a renovación da acreditación institucional.
Implicar na política de calidade a todos os sectores da Facultade (1.3)	OC-3. Sistematizar a coordinación dos grupos de interese na política de calidade do centro.	AM_C-3. Elaborar unha rúbrica para sistematizar a coordinación dos axentes implicados na elaboración da memoria de calidade do centro.
	OC-4. Mellorar a información dispoñible relativa á satisfacción dos grupos de interese.	AM_C-4. Elaborar unha enquisa de satisfacción para os titores de prácticas externas compartida polas catro universidades implicadas no Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía.
Actualizar e adaptar os programas formativos para dar resposta ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico (2.1)	OC-5. Supervisar anualmente o cumprimento e propor modificacións das memorias de verificación dos títulos.	AM_C-5. Prórroga da modificación substancial da memoria do título de Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria para a súa implantación no curso 2024-2025.
	OC-6. Avaliar e axustar a oferta formativa da Facultade ás demandas académicas e do eido profesional da psicoloxía.	AM_C-6.a. Mellorar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria ten acerca das características e actividade profesional dos dispositivos ofertados para a realización de prácticas externas. AM_C-6.b. Mellorar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria ten sobre o proceso e procedemento de realización de prácticas externas. AM_C-6.c. Mellorar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria ten sobre o proceso e procedemento de realización do Traballo Fin de Máster. AM_C-6.d. Incorporar a modalidade de Prácticum de investigación na especialidade de Psicoloxía da intervención social e comunitaria do Máster Universitario en Psicoloxía. AM_C-6.e. Axustar o tempo estimado para a realización da memoria de prácticas no Máster Universitario en Psicoloxía.

³ Nos obxectivos estratéxicos indícase entre (), a directriz do programa FIDES-AUDIT coa que se vinculan.

Plan de Melloras Anual, 2022-2023		
Obxectivos estratéxicos (OE)	Obxectivos de calidade (OC) 2022-2023	Accións de mellora (AM), 2022-2023
	OC-7. Manter o contacto cos profesionais en exercicio, e os empregadores, de cara a identificar necesidades e temáticas emerxentes na práctica profesional.	AM_C-7. Colaborar coa cesión de espazos para a realización de cursos formativos organizados por profesionais da psicoloxía en exercicio.
Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade (2.2)	OC-8. Promover o contacto con egresados para avaliar os índices de empregabilidade e axustar a formación recibida ás demandas do exercicio profesional.	AM_C-8.a. Sistematizar a xestión da autorización de contacto co alumnado do último curso do MUPXS para manter o contacto como egresados. AM_C-8.b. Elaborar unha enquisa para o alumnado egresado unificada para as catro universidades implicadas no Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía.
	OC-9. Procurar novos convenios con centros e dispositivos para a realización de prácticas dos distintos títulos do centro, que poidan contribuír tanto á formación do estudiantado como á súa empregabilidade.	AM_C-9. Procura de novos convenios para a realización do Prácticum nas distintas titulacións do centro.
Potenciar as competencias éticas e cívico-sociais na formación curricular (3.1)	OC-10. Optimizar o sistema de revisión e aprobación ética dos traballos académicos do alumnado dos diferentes títulos do centro.	AM_C-10. Elaborar unha rúbrica de comprobación dirixida ao alumnado para axilizar as solicitudes do alumnado á Comisión de Supervisión de Aspectos Éticos do centro para a aprobación en relación cos traballos académicos das titulacións do centro.
	OC-11. Fomentar a participación do estudiantado en programas de formación extracurriculares e nos programas de voluntariado.	AM_C-11.a. Fomentar a participación do estudiantado do Grao en Psicoloxía no programa de titores A Ponte. AM_C-11.b. Fomentar a participación do estudiantado do centro en programas de voluntariado. AM_C-11.c. Fomentar a participación do estudiantado do centro en actividades culturais e físico-deportivas.
Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais (3.2)	OC-12. Mellorar a información e orientación para a toma de decisións centrada na práctica laboral para o alumnado do último curso de grao e másteres.	AM_C-12.a. Incluír como parte do Plan de Acción Titorial do Grao en Psicoloxía a difusión de información formativa sobre orientación laboral e saídas profesionais unha vez rematado o Grao. AM_C-12.b. Fixar os criterios para activar a posibilidade de solicitar exención parcial de créditos do Prácticum do Máster Universitario en Psicoloxía por experiencia laboral previa.
	OC-13. Continuar a organizar actividades formativas con profesionais en exercicio, nos distintos eidos de aplicación da Psicoloxía.	AM_C-13.a. Fomentar a participación de profesionais dedicados a eidos de especialización psicolóxica novidosos e en auxe en conferencias e ciclos de charlas dirixidos ao alumnado do centro. AM_C-13.b. Continuar realizando actividades complementarias de orientación e formación académica e profesional invitando a profesionais en exercicio no Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

Plan de Melloras Anual, 2022-2023		
Obxectivos estratéxicos (OE)	Obxectivos de calidade (OC) 2022-2023	Accións de mellora (AM), 2022-2023
Facilitar a integración do estudantado na Facultade e no seu funcionamento (3.3)	OC-14. Fomentar a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción.	AM_C-14.a. Incluír formas de acceso electrónico ás enquisas de satisfacción do alumnado de Grao para fomentar a súa participación. AM_C-14.b. Incrementar a participación do alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria nas enquisas de satisfacción elaboradas dende a USC. AM_C-14.c. Continuar a fomentar a participación do alumnado e o profesorado nas enquisas oficiais da USC referidas á valoración xeral do Máster Universitario en Psicoloxía.
	OC-15. Favorecer a integración do estudantado de novo ingreso e do estudantado con necesidades específicas.	AM_C-15.a. Aumentar o apoio, orientación e integración do alumnado de 1º curso e do alumnado con necesidades específicas. AM_C-15.b. Optimizar e axilizar o proceso de incorporación ao centro do alumnado de traslado procedente doutras universidades.
Promover horarios e calendarios que permitan un reparto axeitado da carga de traballo (3.4)	OC-16. Promover un reparto axeitado das tarefas e cargas docentes dos distintos cursos e semestres en cada titulación.	AM_C-16.a. Revisión e redistribución de materias entre o primeiro e o segundo semestre para un reparto máis axeitado de contidos nas materias do Grao. AM_C-16.b. Seguir a traballar na coordinación entre o profesorado das distintas materias do Máster Universitario en Psicoloxía de cara a promover actividades formativas e de avaliación que poidan ser compartidas. AM_C-16.c. Modificar a estrutura dos horarios do Máster Universitario en Psicoloxía, reducindo o número de horas de docencia diarias alongando a duración de cada bloque temático.
Promover a actualización formativa e a adquisición de competencias de innovación docente do PDI (4.1)	OC-17. Solicitar e organizar actividades para PDI que contribúan a actualización das competencias didácticas e pedagóxicas.	AM_C-17. Solicitar un curso propio para formar ao PDI da USC na xestión e promoción da saúde mental do alumnado.
Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal (4.3)	OC-18. Introducir fórmulas de flexibilización da xornada laboral para facilitar a conciliación.	AM_C-18. Flexibilizar a xornada laboral para facilitar a conciliación laboral coa vida familiar e persoal.
Mellorar e ampliar as infraestruturas e servizos de apoio á docencia (5.1)	OC-19. Renovar e manter os espazos físicos e o mobiliario, atendendo as necesidades actuais, e prevendo a adaptación as novas necesidades.	AM_C-19. Habilitar casilleiros para o profesorado con despacho sito no módulo C2.
	OC-20. Comprobar e renovar equipamento docente das aulas e espazos docentes.	AM_C-20.a. Renovar mobiliario para optimizar a docencia interactiva. AM_C-20.b. Manter unha dotación adecuada de equipamento para a docencia.
Dispoñer de infraestrutura que posibilite a incorporación progresiva do uso das TIC na docencia (5.2)	OC-21. Dotar os espazos docentes de conexións eléctricas e incrementar a rede wifi en todos os edificios e espazos docentes da Facultade.	AM_C-21. Incrementar as conexións eléctricas nos espazos dedicados á docencia.

Plan de Melloras Anual, 2022-2023		
Obxectivos estratéxicos (OE)	Obxectivos de calidade (OC) 2022-2023	Accións de mellora (AM), 2022-2023
	OC-22. Completar o equipamento docente con sistemas de videoconferencia que permitan a conexión en remoto con propósitos docentes.	AM_C-22. Adquirir equipamento para dotar de sistemas de videoconferencia os espazos dedicados á docencia.
Dispor de espazos e instalacións que atendan ás necesidades do estudantado (5.3)	OC-23. Proporcionar ao estudantado espazos de traballo e infraestruturas que permitan optimizar o aproveitamento da súa permanencia na Facultade.	AM_C-23. Habilitar un espazo no centro para uso do alumnado como sala de lactación.
Facilitar o acceso á información interna, e os mecanismos de comunicación externa, profundando na cultura de transparencia (6.1)	OC-24. Difusión de cara ao exterior, de forma axeitada e eficaz, da oferta formativa.	AM_C-24.a. Continuar coas iniciativas de captación de alumnado no Máster Universitario en Psicoloxía e incorporar estratexias centradas especificamente na captación de alumnado para a especialidade en psicoloxía experimental. AM_C-24.b. Participar en iniciativas informativas dirixidas a estudantes de ensino medio para presentar información sobre os estudos de Grao. AM_C-24.c. Mellorar o perfil de futuros estudantes entre os que se visibiliza e promociona a información sobre os estudos de Grao. AM_C-24.d. Mellorar a transparencia da información incluída nas programacións relativa ao sistema de avaliación das materias de Grao.
	OC-25. Manter a información actualizada nas páxinas web do centro.	AM_C-25.a. Actualizar e incluír na web pública a información sobre calidade e comisións do centro, así como información e avisos relevantes para o alumnado. AM_C-25.b. Actualizar a información sobre actividades e resultados de interese social na intranet do centro. AM_C-25.c. Publicar información sobre procedementos relacionados coa xestión académica do centro en taboleiro electrónico da USC.
Incrementar o compromiso coa transferencia efectiva de coñecemento cara á sociedade (6.2)	OC-26. Fomentar a participación do centro en actividades de difusión da labor da Psicoloxía en distintos contextos de intervención.	AM_C-26. Dar visibilidade ao Museo Galego de Psicoloxía e promocionar as visitas ao mesmo.
	OC-27. Fomentar a colaboración entre o mundo académico e o profesional transmitindo o coñecemento psicolóxico e as súas aplicacións ao contorno social.	AM_C-27. Promocionar iniciativas de investigación e colaboración profesional no campo da atención e coidados das persoas maiores.
Aliñar as actuacións da Facultade co compromiso institucional da USC coa promoción da igualdade, o respecto a diversidade, e a sostibilidade (6.3)	OC-28. Fomentar o papel da Comisión de Igualdade da Facultade na programación académica e na organización de actividades extracurriculares.	AM_C-28. Promover actividades extracurriculares no marco da axenda feminista da Comisión de Igualdade.

Plan de Melloras Anual, 2022-2023		
Obxectivos estratéxicos (OE)	Obxectivos de calidade (OC) 2022-2023	Accións de mellora (AM), 2022-2023
	OC-29. Fomentar o compromiso coa política de sostibilidade, tratamento e xestión adecuada de residuos, e co uso racional dos recursos.	AM_C-29.a. Dotar o centro de fontes de auga filtrada. AM_C-29.b. Optimizar o consumo enerxético do centro. AM_C-29.c. Eliminar o depósito en papel dos Traballos Fin de Grao. AM_C-29.d. Levar a cabo iniciativas e actividades extracurriculares que promovan o comportamento sostible en alumnado e profesorado.

Con respecto á vixencia do **Sistema de Garantía de Calidade (SGC)** da Facultade de Psicoloxía, no curso 2022-23 levouse a cabo o proceso de avaliación para a renovación da certificación da implantación do SGC do centro. En primeiro lugar, como cada curso académico, o Manual do SGC do centro e o Manual de Procesos do SGC foron revisados pola CCC para comprobar a súa vixencia. No Manual do SGC a revisión implicou unha adaptación á modificación do SGC institucional e unha actualización de diferentes seccións, a saber: Política de Calidade do centro, os recursos humanos e materiais, as comisións delegadas e non delegadas da XF e as funcións da CCC. No Manual de Procesos do SGC a revisión implicou unha incorporación de novos procesos institucionais, sen considerarse necesaria a realización de modificacións substanciais. Ambos manuais actualizados aprobáronse no mes de abril de 2023 (CCC de 20/04/2023, XF de 21/04/2023), dando así resposta á primeira acción de mellora proposta para o curso 2022-23 descrita no anterior Informe de Execución.

En segundo lugar, recibíuse a visita da Comisión Avaliadora da ACSUG no marco do programa FIDES-AUDIT para a renovación do certificado de implantación do SGC o 18 de xullo de 2023, tras a preparación por parte da CCC e do equipo decanal da documentación e organización das evidencias (dando así resposta á segunda acción de mellora proposta e descrita no anterior Informe de Execución). A valoración da Comisión Avaliadora durante a súa visita para a renovación da acreditación da implantación do SGC da Facultade foi, en xeral, moi positiva. Destacaron, entre outras cuestións, a implicación dos membros da CCC e do equipo decanal na supervisión e aplicación do SGC. Non obstante, propuxeron recomendacións necesarias para actualizar o SGC e avanzar na sistematización e seguimento do sistema. En resposta aos comentarios e recomendacións sinalados pola Comisión Avaliadora da ACSUG, a CCC elaborou e presentou ante a ACSUG un Plan de Melloras e comezou de inmediato a executar melloras no SGC⁴. Seguindo as indicacións da Comisión, estas melloras serán integradas na presente Memoria de Calidade dentro do PMA para o curso 2023-24.

Neste sentido, se ben o modelo de Memoria de Calidade do Centro, como evidencia fundamental do SGC, constitúe un documento aliñado en forma e recomendacións co

⁴ No momento de elaboración da presente Memoria Anual de Calidade, o centro ten recibido, con data 12 de febreiro de 2024, o informe final da Comisión Avaliadora da ACSUG para a renovación da acreditación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) emitindo a valoración de FAVORABLE.

documento marco proposto pola ACMP da USC, a Comisión Avaliadora da ACSUG indicou varias cuestións relativas á forma de organizar e operativizar o seguimento do SGC do centro que se necesitan mellorar para dar madurez ao noso sistema. Estas recomendacións diríxense fundamentalmente á necesidade de seguir traballando na avaliación continuada, de xeito sistemático e estruturado, dos catro elementos do ciclo de mellora (PDCA): Planificar, Desenvolver, Analizar e Actuar. Máis concretamente, as recomendacións implican unha revisión substancial do Manual do SGC e o Manual de Procesos do SGC da facultade para, entre outras cuestións, arbitrar e definir indicadores e metas concretos que permitan dar seguimento efectivo á implementación do SGC. Ademais, a elaboración dun novo Plan Estratéxico aliñado coas directrices institucionais constitúe unha necesidade para realizar un correcto seguimento da estratexia do centro en canto á Política de Calidade.

Neste sentido, a CCC acordou incluír no Plan de Melloras as seguintes accións, que incluírán na análise da súa necesidade as suxestións feitas pola ACSUG, de ser o caso:

Obxectivo de Calidade (OC): Revisar e actualizar a documentación do SGC do centro en base ao SGC da USC (OC-1).

Acción de Mellora (AM): AM_C-1.a. Actualizar a documentación do SGC do centro: Política de calidade, Manual de procesos e Manual do SGC.

Acción de Mellora (AM): AM_C-1.b. Elaborar o Plan Estratéxico 2024-26 do centro aliñado co Plan Estratéxico da USC.

Nesta liña, o centro segue a traballar no mantemento continuo da acreditación institucional do centro, que debe ser renovada antes de xaneiro de 2025, sendo este un obxectivo estratéxico que se concreta na seguinte AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Manter e renovar a acreditación institucional do centro (OC-2).

Acción de Mellora (AM): AM_C-2. Revisar e axustar, se procede, a implantación das titulacións da facultade.

Respecto á **coordinación das accións de calidade** no caso de **titulacións interuniversitarias** en todos os centros implicados, a Facultade de Psicoloxía conta cunha única titulación destas características, o MUPXer, coordinado dende esta Facultade, que se desenvolve conforme ao seu SGC. A xestión académica (preinscrición, matrícula, emisión de certificados, etc.) realízase conforme ás mecánicas establecidas en cada unha das universidades participantes que, sendo todas elas públicas e do estado español, son moi semellantes. A coordinación entre os centros das distintas universidades, principalmente a través da Comisión de Coordinación Interuniversitaria do Título, favorece a aplicación conxunta das políticas de calidade. Un dos maiores retos aos que se enfronta dita Comisión á hora de xestionar e coordinar esta titulación, como se propón de forma continua nas Memorias de Calidade do noso centro, deriva da dificultade para que os departamentos de Calidade de todas as universidades provean a totalidade dos indicadores definidos no SGC do Centro coordinador (a Facultade de Psicoloxía da USC), o que obriga aos responsables da titulación a recadar esa información polos seus propios medios. Neste sentido avanzouse na recollida de datos sistemáticos a través da elaboración de enquisas unificadas e comúns para as catro universidades (ver AM_C-4 e AM_C-8.b descritas no anterior Informe de execución).

Coa finalidade de continuar traballando na coordinación docente do MUPXer, a CCC considera apropiada a proposta da CCI para a elaboración e implementación dun formato de seguimento común da acción tutorial nas catro universidades, que actuará, á súa vez, como mecanismo de soporte do proceso de recollida de información a través das enquisas propias. Esta AM concrétase do seguinte xeito:

Obxectivo de Calidade (OC): Sistematizar a coordinación dos grupos de interese na política de calidade do centro (OC-3).

Acción de Mellora (AM): AM_C-3. Elaborar e implementar un formato de seguimento da acción tutorial das prácticas externas e TFM común ás catro universidades implicadas no Máster Interuniversitario de Psicoxerontoloxía.

Como última cuestión a valorar neste epígrafe, en relación coa Directriz 1, cómpre facer referencia aos **mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese**. A sistemática para esta recollida de información está exposta nos procesos institucionais da USC PI-07 (Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros), PI-08 (Análise das expectativas e a satisfacción dos grupos de interese) e PI-09 (Xestión de incidencias, SQR), que establece o protocolo de recollida de información a nivel institucional sobre os aspectos máis relevantes (docencia, titulacións, servizos, mobilidade, traballo). A Facultade complementa esta información, recadada a nivel institucional, mediante a aplicación de enquisas propias para procesos específicos (TFG/TFM, Prácticum, actividades do Plan de acción tutorial) ou mediante reunións con axentes dos grupos de interese (estudantes, profesorado). Esta información, xunto coa derivada dos resultados dos programas formativos e, no seu caso, a procedente de queixas, reclamacións e suxestións, conforma, en boa medida, a base sobre a que se realiza o seguimento anual do SGC e dos programas formativos.

A CCC sigue constatando unha participación desigual dos distintos colectivos nas diferentes enquisas que se aplican. Mentres que a participación nas enquisas oficiais sobre a satisfacción coas titulacións é moderada no caso do profesorado (entre o 38.4% e o 45.0%, aumentando con respecto ao curso anterior: 23.7-37.5%)⁵, segue sendo baixa no caso do estudantado (entre o 2.9% e o 21.4%)⁶. No que atinxe ás enquisas de satisfacción sobre a docencia recibida, os índices de participación do estudantado son moito máis elevados⁷, especialmente nas titulacións do MUPXer (92.9%) e do MUPXS (88.9%), sendo menores no caso do MUPs (25%) e no Grao (39.5%) (ver Directrices 2 e 3 para maior detalle sobre a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coas titulacións e a docencia impartida). No caso do profesorado, as enquisas de satisfacción coa docencia impartida tiveron tamén taxas de participación moderadas-altas no curso 2022-23, oscilando entre o 50.0 e o 80.6%⁸.

Da análise das accións de mellora aplicadas para o aumento da participación do alumnado no curso 2022-23 (ver AM_C-14.a, AM_C-14.b e AM_C-14.c no Informe de Execución

Nota: as referencias a documentos que se fan nesta memoria sen ligazón URL corresponden a documentación dispoñible para os membros das Comisións de Título, a Comisión de Calidade do Centro, a ACMP da USC e, eventualmente, aos auditores externos nos procesos de acreditación, conforme aos cadros do cap. 5 desta memoria.

⁵ Códigotítulo_INF.23_2022-2023.pdf

⁶ Códigotítulo_INF.22_2022-2023.pdf

⁷ Códigotítulo_INF.13_2022-2023.pdf

⁸ Códigotítulo_INF.14_2022-2023.pdf

presentado anteriormente), derívase que estas poden ter un impacto positivo aumentando considerablemente a implicación nas enquisas, polo que a CCC considera necesario seguir a implementar accións neste eido para aumentar e/ou manter esta participación e, así, asegurar a eficacia dos mecanismos de recollida de información. Especialmente no que respecta ás enquisas institucionais da USC, que teñen valores máis baixos de participación que as enquisas propias das titulacións, as CT e a CCC consideran apropiado implementar accións para incrementar a participación xeral do alumnado:

Obxectivo de Calidade (OC): Fomentar a participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción (OC-13).

Acción de Mellora (AM): AM_C-13.a. Continuar a fomentar a participación do estudiantado do Grao en Psicoloxía nas enquisas de satisfacción institucionais da USC.

Acción de Mellora (AM): AM_C-13.b. Continuar a incrementar a participación do alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria nas enquisas de satisfacción institucionais da USC.

Acción de Mellora (AM): AM_C-13.c. Continuar a fomentar a participación do alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía nas enquisas de satisfacción institucionais da USC.

Por outra banda, as Comisións de Titulacións do centro e a Comisión Interuniversitaria do MUPXer coinciden en valorar a contribución positiva das enquisas propias como un mecanismo útil, adicional ao sistema de recollida de información institucional, especialmente para obter información de aspectos particulares das titulacións que non se recollen nas enquisas institucionais. Neste sentido, a CCC considera que se deben seguir aplicando enquisas propias para obter información complementaria e fortalecer a eficacia dos sistema de recollida de información.

Máis concretamente, a CCI do MUPXer identificou como unha necesidade a aplicación unificada de enquisas para Titores Profesionais de Prácticas Externas co fin de recoller información deste grupo de interese que sexa comparable entre as universidades implicadas na docencia da titulación e así, permitir o seguimento dos mecanismos de detección e mellora. Para concretar esta acción, a CCC propón a seguinte AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Mellorar a información dispoñible relativa á satisfacción dos grupos de interese (OC-4).

Acción de Mellora (AM): AM_C-4. Aplicar a enquisa unificada para titores profesionais de prácticas externas nas catro universidades implicadas no Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía.

A pesar da adecuación das enquisas como ferramenta para obter información dos grupos de interese, a CCC segue a considerar, ao igual que en cursos previos, que unha forma máis directa e efectiva para recadar suxestións e detectar problemas é a celebración de reunións con representantes de estudantes e profesorado para avaliar o desenvolvemento dos cursos. Estas reunións serven para detectar desaxustes e adoptar as medidas oportunas para corrixilos coa maior celeridade posible. No marco destas reunións tamén xorden propostas de diferente tipo que se trasladan ao órgano que corresponde para a súa valoración e, de ser o caso, aplicación ou traslado ao PMA. Por exemplo, no curso 2022-23, aplicáronse varias accións de mellora derivadas da información recollida en reunións de coordinación co profesorado e co estudiantado no caso concreto do Máster Universitario en Psicoloxía, facendo fincapé na realización de actividades coordinadas entre o profesorado durante todo o curso e modificando os horarios dos módulos das

materias para favorecer a aprendizaxe do estudiantado (ver AM_C-16.b e AM_C-16.c no Informe de execución anterior).

En canto ás queixas, suxestións e reclamacións, a Facultade de Psicoloxía recibe un número moi escaso de queixas e reclamacións formais⁹. No decanato da Facultade, en 2022-23 non se rexistrou ningunha queixa, igual que ocorrera nos catro cursos anteriores. Na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) da USC, segundo a súa memoria anual, recibíronse 10 recursos: 9 deles relacionados co proceso de validación e recoñecemento de estudos vinculados ao Grao en Psicoloxía, e 1 relacionado coa modificación de matrícula no MUPs. Dous dos recursos referidos ao recoñecemento de estudos foron estimados, catro estimados parcialmente, dous desestimados e un inadmitido. O recurso referido á modificación de matrícula foi estimado. Por outra banda, non se recibiron queixas directamente relacionadas co noso centro ou as nosas titulacións.

⁹ 5064-INF-P-FAC-01_2022_23.pdf

2.2 Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Para o deseño, aprobación, revisión e extinción dos programas formativos da Facultade de Psicoloxía rexen os procedementos comúns ao conxunto da USC que están sistematizados nos procesos *PI-03, Establecemento e actualización da oferta académica* e *PI-07, Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros* do Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC. Nel establécense as pautas para o deseño, revisión e mellora dos programas formativos. Complementábase, a nivel do SGC da Facultade, co proceso *PE-02, Revisión e mellora*, que guía o seguimento anual de ditos programas e a execución das accións de mellora vinculadas a eles. A normativa que os rexe, a nivel administrativo no ámbito da USC é o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC e do procedemento de aseguramento da súa calidade (aprobada en CG de 28/10/2022). Establece, entre outras cuestións, cales son e como se conforman os órganos académicos responsables dos programas formativos (CT, coordinador/a de título); a estrutura da organización en créditos; tipos de materias, ou modalidades de ensino. O repositorio documental da normativa referida á organización docente na USC pódese consultar no enlace: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/organizacion-docente>. Nel establécense as pautas para o deseño, revisión e mellora dos programas formativos. Complementábase, a nivel do SGC da Facultade, co proceso *PE-02, Revisión e mellora*, que guía o seguimento anual de ditos programas e a execución das accións de mellora vinculadas a eles. A normativa que os rexe, a nivel administrativo no ámbito da USC é o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC e do procedemento de aseguramento da súa calidade (aprobada en CG de 28/10/2022). Establece, entre outras cuestións, cales son e como se conforman os órganos académicos responsables dos programas formativos (CT, coordinador/a de título); a estrutura da organización en

créditos; tipos de materias, ou modalidades de ensino. O repositorio documental da normativa referida á organización docente na USC pódese consultar no enlace: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/organizacion-docente>

Os órganos encargados de analizar, con periodicidade anual, o desenvolvemento e os resultados dos programas formativos e a efectividade das accións de mellora vinculadas aos mesmos, son as CT. Estas avalían o cumprimento da memoria verificada do título (MVT) e, no seu caso, a conveniencia de modificala ou actualizala, e analizan o cumprimento dos programas das materias, a adecuación dos perfís de ingreso/egreso, os procedementos de coordinación, os resultados de aprendizaxe, e a información sobre satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese. O SGC establece a sistemática coa que se realizan os procesos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos, entre eles, ademais do xa sinalado *PE-02*, están os procesos chave *PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*. Unha vez aprobados polas correspondentes CT, os informes de resultados nos que se dá conta desta revisión anual son trasladados á CCC, que os ratifica e aproba, de ser o caso, as accións de mellora propostas que serán incorporadas ao PMA do Centro. As evidencias de que a revisión e mellora se realiza conforme a estes procedementos atópanse nas actas destes órganos (CT e CCC). No caso do deseño de novos títulos, procédese conforme ao proceso institucional citado (*PI-01*) e, no que compete ao Centro (traballos de comisión redactora, aprobación por XF) queda, igualmente, evidencia nas actas e acordos deses órganos.

A continuación, nesta memoria preséntase unha síntese dos informes de resultados das catro titulacións da Facultade de Psicoloxía no curso 2022-23, no relativo ao deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.

2.2.1. Grao en Psicoloxía

A CT do GPs realizou, conforme lle corresponde, o seguimento do desenvolvemento do título de Grao en Psicoloxía durante o curso 2022-23. Este seguimento recóllese no informe de resultados aprobado, pola devandita comisión, o 5 de abril de 2024.

- *Cumprimento da Memoria de Verificación do Título (MVT)*

No curso 2022-23 o programa formativo do Grao en Psicoloxía foi desenvolvido conforme ao establecido, coas modificacións non substanciais que se viñan acumulando dende hai algúns anos, recollidas nos sucesivos informes de seguimento.

- *Modificacións substanciais e/ou non substanciais na MVT*

Non houbo incorporación de modificacións, substanciais ou non substanciais, no curso académico ao que se refire este informe.

- *Cumprimento dos programas das materias e guías docentes*

Durante o curso 2022-23, o cumprimento dos programas das materias e guías docentes, previamente publicados e coñecidos polo estudantado antes do inicio do curso, desenvolveuse sen incidencias.

Na enquisa de satisfacción coa docencia¹⁰, o estudantado valorou moi positivamente, cun 4.69 sobre 5, o ítem referente ao cumprimento dos programas e ao plan de traballo previsto. Ademais, nesta enquisa valoraron entre 4.45 e 4.64 (sobre 5) outros aspectos como a explicación da programación da materia e dos criterios de avaliación polo docente, ao coñecemento dos criterios de corrección de exames e/ou traballos que utiliza o docente e ao desenvolvemento dos contidos de acordo co cronograma temporal da materia. Estas puntuacións son similares ás acadadas nos cursos previos.

- ***Mecanismos de coordinación docente do título***

Durante o curso 2022-23 mantívose a figura do coordinador/a de curso, que, entre outras responsabilidades, organiza reunións de coordinación co alumnado e, posteriormente, co profesorado, polo menos unha vez por semestre para o seu seguimento. Estas reunións continúan a demostrar a súa utilidade para implicar máis directamente ao estudantado e axudar na detección a tempo de desaxustes na carga de traballo entre as diferentes materias ou calquera outra cuestión de relevancia na organización que precise ser abordada. Para estas reunións, existe un guión de contidos mínimos a recoller/tratar, e a información obtida é enviada á coordinadora do Título. Ademais de ser almacenada, a coordinadora transmite esta información nas reunións da Comisión de Título (CT) correspondente, quedando así rexistrada nas súas actas¹¹.

Por outro lado, as enquisas de satisfacción coa titulación tamén ofrecen información sobre os procedementos de coordinación. No que concirne ás enquisas do profesorado¹², cunha taxa de participación superior á do curso anterior (38.46% en comparación co 31.11%), obsérvase unha avaliación positiva. Así, os profesores valoran cunha puntuación de 3.77 e 4.03 (sobre 5) os ítems referidos á distribución da carga de traballo e á coordinación dos docentes na organización do título, respectivamente. En xeral, os docentes consideran que a titulación está ben organizada (puntuando 4.29 neste ítem). En canto ás enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación¹³, a taxa de participación foi moi baixa, aínda que superior á do ano anterior (5.78% en comparación co 2.83%), polo que, como en cursos anteriores, non foi posible obter información fiable.

- ***Perfil de ingreso/egreso***

A adecuación do perfil de ingreso no Grao en Psicoloxía para o curso 2022-23 foi similar ao dos cursos anteriores¹⁴. En relación ao acceso, as ponderacións das materias nas probas de avaliación do Bacharelato (ABAU) mantivéronse: Bioloxía (0.2), Historia da Filosofía (0.1), Matemáticas II (0.1) e Matemáticas Aplicadas II (0.2). A Facultade de Psicoloxía da USC continuou a ser o único centro de Galicia que imparte a titulación de Grao en Psicoloxía, e novamente todas as prazas de novo ingreso ofertadas (150) foron cubertas. No curso 2022-23, a porcentaxe de estudantes matriculados que escolleu a titulación

¹⁰ 2500462_INF.13_2022-2023.pdf

¹¹ 2500462_E5_Actas_CT_2022-2023.pdf

¹² 2500462_INF.23_2022_2023.pdf

¹³ 2500462_INF.22_2022-2023.pdf

¹⁴ 2500462_P.Ind_2022-2023.pdf

como primeira opción foi do 100%, aumentando con respecto ao curso anterior 2021-22 (93.33%). A nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que comezaron os seus estudos no Grao de Psicoloxía foi de 11.43 sobre 14, mostrando unha lixeira baixada respecto ao curso 2021-22 (11.65).

Ao marxe dos datos de acceso á titulación, a adecuación do perfil de ingreso está evidenciada en diversos indicadores, que reflexan a competitividade e o nivel do alumnado que se matricula no Grao en Psicoloxía. O estudantado que iniciou os seus estudos no Grao de Psicoloxía no curso 2022-23 tiña, como en cursos pasados, alta motivación e formación. Así, a taxa de abandono no primeiro curso foi do 5.93% (inferior á do curso pasado cun 6.87%), e claramente inferior á da media xeral da USC (15.05%). Ademais, as taxas de éxito do estudantado de primeiro curso foron altas, cun 87.10%, similar á do curso previo (87.29%).

En relación á adecuación do perfil de egreso do Grao en Psicoloxía, para a súa avaliación contamos cos seguintes datos: a taxa de éxito dos egresados (a porcentaxe de créditos superados sobre os presentados) foi do 96.5%, e a súa taxa de eficiencia ou rendemento (a porcentaxe de créditos superados sobre os matriculados) foi de 94.88%. Tamén a taxa de idoneidade, que reflicte a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto, é boa (67.18%). Estes valores son moi similares aos do curso 2021-22 (96.66%, 95.24% e 67.83% respectivamente).

- ***Adecuación dos resultados de aprendizaxe ao previsto***

Para o Grao en Psicoloxía, no curso 2022-23 os resultados de aprendizaxe¹⁵ mantéñense en niveis moi satisfactorios, como en cursos anteriores. Na seguinte táboa pódense apreciar as taxas de rendemento, de éxito e de avaliación do Grao en Psicoloxía correspondentes ao curso 2022-23 (e a comparativa co curso previo). Tamén se recollen no cadro os valores destas taxas correspondentes á media das titulacións da USC. Como se pode apreciar, todas as taxas do Grao en Psicoloxía son superiores ás da USC.

Táboa 3. Resultados da aprendizaxe na Titulación e comparación cos resultados da USC.

	Media estudos Grao USC 2022-23	Grao en Psicoloxía		
		2020-21	2021-22	2022-23
Taxa de rendemento	80.29%	88.19%	87.76%	88.57%
Taxa de éxito	87.67%	92.39%	91.81%	92.33%
Taxa de avaliación	91.58%	95.46%	95.59%	95.93%

Por outra banda, a boa consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para o título tamén se pode apreciar noutros indicadores como a taxa de graduación, que no curso 2022-23 foi do 80% (superior á do curso anterior 70.97%) e segue a ser superior á media de Graos da USC (55.44%). Outro indicador relevante sería a duración media dos estudos do Grao en Psicoloxía, que é de 4.38 anos, inferior á da USC (que se sitúa en 4.86 anos). Por último, tamén é de sinalar en relación coa consecución dos resultados de aprendizaxe previstos que a taxa de abandono do Grao en Psicoloxía, calculada conforme ao RD1393/2007, no curso 2022-23 foi do 12.17%, inferior á do curso anterior (14.52%), e por baixo da media dos Graos da USC (22.80%).

¹⁵ 2500462_P.Ind_2022-23.pdf

- ***Satisfacción xeral do estudantado***

A enquisa institucional de satisfacción do estudantado coa titulación¹⁶ amosa unha valoración global de 3.51 puntos sobre 5, lixeiramente superior á de cursos previos (3.31 no 2021-22; 3.03 no 2020-21). Sen embargo, a taxa de participación é tan reducida (5.78%) que sería cuestionable xeneralizar os seus resultados.

- ***Satisfacción dos egresados coa titulación***

O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación¹⁷ tamén debe ser valorado con moita cautela dado o baixo grao de participación (10% no primeiro semestre e 4.35% no segundo semestre). Os resultados indican unha valoración global de 3.21 sobre 5 puntos no primeiro semestre e 3.45 no segundo semestre; valores moi similares á de cursos previos (3.26 no 2021-22 e 3.38 no 2020-21).

- ***Inserción laboral e en ofertas de posgrao***

Non se dispón de datos de inserción laboral por parte do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU) ou da ACSUG dende o curso 2013-14, polo que non se pode valorar a súa adecuación actual ás demandas do mercado laboral. Sen embargo, poderían considerarse os resultados do estudantado de 4º curso na materia Prácticum, xa que implica a incorporación do/a estudante a unha contorna laboral/profesional e a súa cualificación depende, esencialmente, da avaliación do titor profesional. Como se indicará máis en detalle na Directriz 3, os/as titores/as profesionais consideran que os/as estudantes están adecuadamente preparados para ese primeiro contacto coa práctica da Psicoloxía, como evidencian as cualificacións que outorgan nesta materia (un 78% de sobresalientes e 4.40% de matrículas de honra no curso 2022-23, en liña co curso previo)¹⁸.

- ***Análise de queixas e reclamacións***

As queixas e incidencias tamén poden ser relevantes para detectar aspectos que precisen axustes no desenvolvemento dos programas formativos; neste sentido non se recibiron no Centro, nin noutras instancias, queixas, reclamacións ou incidencias que afectaran ao desenvolvemento do programa formativo do Grao en Psicoloxía.

2.2.2. Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía

A Comisión de Coordinación Interuniversitaria (CCI) do MUPXer analizou o desenvolvemento e resultados do título durante o curso 2022-23 no Informe de resultados que aprobou o 20 de marzo de 2024. Todas as universidades implicadas na docencia do MUPXer, a través da súa participación na CCI, colaboran de forma activa na aplicación conxunta das políticas de calidade necesarias para o correcto desenvolvemento da titulación.

- ***Cumprimento da Memoria de Verificación do Título (MVT)***

As catro universidades participantes no MUPXer desenvolven a docencia con máximo

¹⁶ 2500462_INF.22_2022-2023.pdf

¹⁷ 2500462_INF.09_1ºS_2022-2023; 2500462_INF.09_2ºS_2022-2023

¹⁸ 2500462_INF.15_2022-2023.pdf

cumprimento da MVT.

- ***Modificacións substanciais e/ou non substanciais na MVT***

Durante o curso 2022-23 non se realizaron modificacións substanciais ou non substanciais na MVT. A CCI si detectou neste curso a necesidade de realizar modificacións non substanciais respecto á área de coñecemento e o acceso do alumnado ás prácticas externas que se levarán a cabo no vindeiro curso académico.

- ***Cumprimento dos programas das materias e guías docentes***

A implementación dos programas do MUPXer desenvolveuse satisfactoriamente en base ao establecido nas guías docentes e ao proposto na MVT do título (documento accesible nas páxinas web das universidades participantes)¹⁹, cumprindo obxectivos, contidos e sistemas de avaliación.

- ***Mecanismos de coordinación docente do título***

O MUPXer coordínase, como queda rexistrado nas súas actas²⁰, principalmente a través da CT da sede na USC, así como da CCI do título na que están representados os/as coordinadores/as das catro universidades participantes. A Comisión reúnese de xeito telemático para favorecer a asistencia de todas as universidades implicadas (USC, USal, UB e UV) a través de Microsoft Teams un mínimo de 2-3 veces no curso. No caso do curso 2022-23, a CCI reuniuse en dúas ocasións (outubro de 2022 e abril de 2023). Con respecto á coordinación entre materias, non se detectaron problemas en ningunha das universidades que imparten docencia, a excepción dunha materia impartida na UV que tivo que ser impartida en momentos separados debido a causas sobrevidas dun dos docentes, o que supuxo certa discontinuidade no ritmo de aprendizaxe do estudiantado e unha maior descoordinación entre os dous docentes que impartiron a docencia.

Actualmente, estase a traballar na implementación dunha serie de procesos de avaliación e seguimento de xeito coordinado para favorecer o desenvolvemento da docencia. Con respecto ao TFM, comezouse a aplicar unha rúbrica de avaliación e unha enquisa de satisfacción do alumnado compartidas polas catro universidades. Este proceso permitiu a homoxeneización na avaliación e a coordinación na aplicación dos mesmos procedementos por parte das Comisións de Título de cada universidade, así como detectar aspectos a mellorar no proceso de titorización dos TFM. Con respecto ás prácticas externas, deseñouse no curso 2022-23 unha enquisa para obter a información sobre a satisfacción dos/as titores/as profesionais co desenvolvemento das prácticas de xeito unificado nas catro universidades (ver AM_C.4 no Informe de Execución descrito con anterioridade). Ademais, no curso 2022-23 desenvolveuse unha enquisa para obter información unificada do alumnado egresado sobre a súa satisfacción coa formación e o seu impacto no acceso ao mercado laboral. Toda esta información permitiu a adecuada coordinación do desenvolvemento da docencia en todas as universidades implicadas e favoreceu a toma de decisións dirixida a mellorar a calidade da docencia impartida.

¹⁹ <https://www.uv.es/uvweb/universidad/es/estudios-postgrado/masteres-oficiales/oferta-masteres-oficiales/master-universitario-psicogerontologia-1285848941532/Titulacio.html?id=1285874213812&plantilla=UV/Page/TPGDetail>
<https://www.uv.es/uvweb/master-psicogerontologia/es/master-universitari-psicogerontologia-1285882578983.html>
http://www.ub.edu/web/ub/ca/estudis/oferta_formativa/master_universitari/fitxa/P/MOMOV/index.html
<https://masterpsicogerontologia.com/plan-de-estudios>

²⁰ 4314476_E5_Actas_CT_2022-2023.pdf

- **Perfil de ingreso/egreso**

O axuste do perfil de ingreso²¹ para o seguimento e aproveitamento dos contidos do plan de estudos foi adecuado dado que o acceso está restrinxido a tituladas/os en Psicología, polo que o axuste do novo alumnado é total e o grao de familiarización co ámbito da Psicoxerontoloxía é alto. De feito, parte do estudantado matriculado no título tivo previamente contacto en prácticas en ámbitos relacionados co envellecemento, polo que a súa motivación polo estudo da titulación é elevada. Todas as universidades que imparten o título presentaron homoxeneidade respecto á nota media de entrada na titulación (oscilando entre 7.40 e 7.73), co 100% do alumnado matriculado cunha nota de acceso superior a 6.

Con respecto ao perfil de egreso, a taxa de éxito dos egresados foi do 100% nas catro universidades que imparten docencia e a taxa de eficiencia de rendemento dos egresados foi do 100% (UB e UV) ou próxima ao 100% (98.8% na USC, 98.54% na USal).

- **Satisfacción xeral do estudantado**

Segundo os resultados das reunións realizadas e das enquisas recollidas, as/os estudantes amosaron una elevada satisfacción coa titulación nas diferentes universidades que imparten o título. Na USC, a puntuación media de satisfacción coa titulación²² foi de 3.67 sobre 5 e a satisfacción coa docencia recibida²³ foi de 4.33 sobre 5 (en liña coa satisfacción do alumnado das outras universidades que imparten no MUPXer).

- **Adecuación dos resultados de aprendizaxe ao previsto**

Nas diferentes universidades que imparten o título pódense apreciar resultados de aprendizaxe satisfactorios, tal como amosan as elevadas taxas de rendemento, éxito e avaliación recollidas na seguinte táboa:

Táboa 4. Resultados da aprendizaxe na Titulación (2022-23).

	USC	USal	UB	UV
Taxa de rendemento	93.46%	100%	89.75%	95.72%
Taxa de éxito	99.63%	100%	100%	100%
Taxa de avaliación	93.81%	100%	99.60%	95.72%

A consecución dos resultados de aprendizaxe previstos tamén se reflicte noutros indicadores. Así, a taxa de graduación na USC foi do 92.86% e na UV do 75% (non hai datos sobre a taxa de graduación nas outras universidades), a duración media dos estudos estivo próxima a un ano (1.09 na USC, 1 na USal e 1.07 na UV) e a taxa de abandono foi moi baixa (2.27% na UV e 7.14% na USC).

- **Satisfacción dos egresados coa titulación**

No curso 2022-23 non se contou con datos institucionais da USC sobre a satisfacción dos egresados coa titulación. Non obstante, a satisfacción do estudantado egresado no resto das universidades oscilou entre 4.25 (UB) e 4.67 (USal), sobre 5.

²¹ 4314476_P.Ind_2022-2023.pdf

²² 4314476_INF.22_2022-2023.pdf

²³ 4314476_INF.13_2022-2023.pdf

- ***Inserción laboral e ofertas de posgrao***

Non se dispón de datos institucionais actualizados de inserción laboral dos egresados do MUPXer no curso 2022-23. Para intentar suplir esta carencia, a CCI percibiu como unha necesidade a aplicación unificada de enquisas para estudantes egresados sobre a súa satisfacción coa formación e o seu impacto no acceso ao mercado laboral. En base a isto, a CCC propón continuar no vindeiro curso coa acción de mellora executada durante o curso 2022-23 (ver AM_C-8.b no Informe de Execución presentado anteriormente) referida á elaboración de dita enquisa para a súa posterior implementación nas catro universidades que imparten docencia no MUPXer:

Obxectivo de Calidade (OC): Promover o contacto con egresados para avaliar os índices de empregabilidade e axustar a formación recibida ás demandas do exercicio profesional (OC-8).

Acción de Mellora (AM): AM_C-8.b. Aplicar a enquisa unificada para alumnado egresado nas catro universidades implicadas no Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía.

- ***Análise de queixas e reclamacións***

Non se recibiu ningunha queixa nin reclamación durante o curso 2022-23 na USC, USal e UB. A UV recibiu unha queixa relacionada coa falta de coordinación nunha materia con docencia compartida entre dous docentes que, por causas sobrevidas, tivo que impartirse en momentos separados, tal e como se mencionou no apartado *Mecanismos de coordinación docente do título*. Esta queixa resolveuse satisfactoriamente adaptando os prazos de entrega dos traballos solicitados na materia.

2.2.3 Máster Universitario en Psicoloxía

A CT do Máster en Psicoloxía, responsable directa da organización e desenvolvemento da titulación, analizou o funcionamento do título e o desenvolvemento e resultados do programa formativo no curso 2022-23. Esa análise quedou reflectida no Informe de seguimento aprobado o 15 de abril de 2024, e que trasladou á CCC.

- ***Cumprimento da Memoria de Verificación do Título (MVT)***

Durante o curso 2022-23 o programa formativo axustouse ao establecido na MVT en canto a estrutura e distribución de créditos, competencias, procedementos de acceso e admisión, planificación das ensinanzas, perfil do persoal académico e dotación de recursos materiais e servizos.

- ***Modificacións substanciais e/ou non substanciais na MVT***

Durante o curso 2022-23 non se realizaron modificacións substanciais ou non substanciais na MVT. Procede destacar, unicamente, unha mellora implementada nos procedementos de acceso e admisión, en concreto no relativo ao recoñecemento de créditos. Neste ámbito, levouse a termo no curso 2022-23 a acción de mellora dirixida a fixar os criterios para activar a posibilidade, recollida na MVT, de solicitar exención parcial de créditos do Prácticum para aqueles/as estudantes que teñan experiencia previa profesional como psicólogos/as nos eidos de especialización do Máster (ver AM_C 12.b no Informe de Execución presentado anteriormente). Polo tanto, esta acción atendeu ao desenvolvemento dunha cuestión que estaba recollida na MVT, pero que aínda non se protocolizara debidamente.

- ***Cumprimento dos programas das materias e guías docentes***

Polo que respecta aos programas das materias, tanto no primeiro como no segundo semestre cumpriuse co establecido nos programas aprobados polos Departamentos responsables, e conforme co recollido na MVT (os programas están dispoñibles na páxina web da Facultade, no apartado de información académica do Máster). Na enquisa oficial de satisfacción do alumnado coa docencia recibida²⁴, puntuaron con 4.81 (sobre 5) o cumprimento do docente co programa e o plan de traballo previsto.

Con respecto á materia Prácticum, realizáronse dúas modificacións, ao abeiro das accións de mellora aprobadas no curso precedente (ver AM_C-6.d e AM_C-6.e no Informe de Execución presentado anteriormente), incorporando a modalidade de Prácticum de investigación na especialidade de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria e aumentando o tempo de traballo do estudiantado á realización da memoria de prácticas. Ambas accións permitiron, efectivamente, mellorar o proceso de desenvolvemento e avaliación da materia e na reunión co alumnado de 2º curso estas iniciativas foron valoradas moi positivamente.

- ***Mecanismos de coordinación docente do título***

O procedemento de coordinación docente lévase a cabo, principalmente, a través das reunións da CT e dos distintos grupos de interese. No curso 2022-23 celebráronse 5 reunións da Comisión, nas que se planifica e decide sobre o funcionamento do Título. As actas destas reunións xúntanse como evidencia documental²⁵. Todos os acordos acadados nestas reunións fanse públicos na páxina web da Facultade, no apartado correspondente a Calidade. Ao longo do curso celebráronse tamén reunións de coordinación, entre a coordinadora do Título, as coordinadoras de cada especialidade e a coordinadora do Prácticum.

- ***Perfil de ingreso***

O panel de indicadores da titulación²⁶ da conta da información referida ao perfil de ingreso. O número de prazas ofertadas anualmente para as dúas especialidades do Máster é de 24, o número de alumnos/as de nova matrícula no curso 2022-23 foi de 18, o que supón unha taxa de ocupación do 75.0%. A nota media de acceso foi de 7.51 (superando todos os alumnos a cualificación de 6), similar á de cursos anteriores (7.79 no 2021-22, 7.80 no 2020-21). Tomando como referencia o número total de matriculados no Máster (43), con respecto ao curso anterior, apreciouse un incremento tanto de estudantes estranxeiros (6.98% fronte ao 4.55% do curso anterior) como de estudiantado procedente doutras universidades españolas (30.23% fronte ao 27.27% do 2021-22), así como un lixeiro descenso na porcentaxe de estudantes procedentes da USC (41.86% fronte ao 47.73% no 2021-22).

Dos 18 estudantes de novo ingreso, 17 optaron pola Especialidade de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria e 1 pola Especialidade de Psicoloxía Experimental.

²⁴ 4317022_INF.13_2022-2023.pdf

²⁵ 4317022_E5_Actas_CT_2022-2023.pdf

²⁶ 4317022_P.Ind_2022-2023.pdf

Neste sentido é preciso facer mención á acción de mellora implementada no curso 2022-23 encamiñada a incrementar a captación de alumnado, especificamente na especialidade de Psicoloxía Experimental (ver AM_C-24 no Informe de Execución presentado anteriormente), que derivou nun lixeiro incremento na matrícula desta especialidade.

A adecuación do novo alumnado tamén está acreditada polo feito de que a MVT establece que o Grao/Licenciatura en Psicoloxía constitúe un requisito de acceso, o que garante un nivel de competencia básico en contidos de psicoloxía. Polo tanto, pódese concluír que tanto pola súa nota de acceso, como pola diversidade de procedencia e a súa formación previa, o perfil de acceso axustouse aos requirimentos do título.

- ***Adecuación dos resultados de aprendizaxe ao previsto***

Os resultados da aprendizaxe alcanzaron valores moi satisfactorios, tal como se reflicte nas taxas de rendemento, éxito e avaliación, recollidas na seguinte Táboa, con valores superiores á media dos acadados no conxunto dos estudos de Máster da USC, e moi similares aos acadados no curso anterior²⁷. Estes valores foron tamén superiores aos estimados na MVT para a taxa de éxito (valor estimado do 95%) e moi similares á previsión para a taxa de rendemento (95%) e a taxa de avaliación (98%).

Táboa 5. Resultados da aprendizaxe na Titulación e comparación cos resultados da USC.

	Media estudos Máster USC 2022-23	Máster Universitario en Psicoloxía		
		2020-21	2021-22	2022-23
Taxa e de rendemento	88.67%	97.61%	96.12%	93.53%
Taxa de éxito	98.70%	100%	99.84%	99.64%
Taxa de avaliación	89.85%	97.61%	96.27%	93.87%

A taxa de eficiencia dos/as egresados/as foi do 98.23% e a taxa de éxito do 99.86%. A taxa de graduación foi do 95.24% (superior á do pasado curso: 82.35%, e á media da USC: 79.67%) e a taxa de abandono foi do 0%. A duración media dos estudos foi de 2.12 cursos (a titulación consta de 90 créditos e, polo tanto, a duración mínima dos estudos é de 1.5 cursos, pero boa parte do estudantado opta por estender o período dedicado ao TFM e defendelo na segunda convocatoria, ao final do 2º curso).

- ***Satisfacción xeral do estudantado***

Nas respostas ás enquisas oficiais²⁸, a valoración global da titulación para o curso 2022-23 non pode ser tida en conta, dado que só unha persoa (5.0%) cubriu a enquisa. Sen embargo, a participación nas reunións semestrais de valoración da titulación foi importante (asistiron, presencial ou telematicamente, 12 dos 18 estudantes (66.6%). Nestas reunións sinaláronse distintos puntos fortes da titulación, entre os que cabe mencionar: a relación positiva co profesorado, cercano e atento ás necesidades do alumnado; as charlas de profesionais externos, que favorecen o coñecemento do mundo profesional; e a diversidade de materias, incluídas as obrigatorias comúns para ambas especialidades, que proporcionan ferramentas útiles para o traballo aplicado e a

²⁷ 4317022_P.Ind_2022-2023.pdf

²⁸ 4317022_INF.22_2022-2023.pdf

investigación. Con respecto aos puntos a mellorar na titulación, os comentarios do estudantado fixeron referencia a cuestións moi específicas que afectan a poucas materias, polo que a CT non considerou necesario incluír accións de mellora sobre elas para o vindeiro curso, senón simplemente axustar os procesos nas materias ás que afectaban.

A implementación da acción de mellora no curso 2022-23 relacionada coa mellora na coordinación entre o profesorado das materias e as actividades propostas (ver AM_C-16.b no Informe de Execución) foi efectiva para mellorar a satisfacción coa titulación. O estudantado valorou positivamente a existencia de proxectos de traballo compartidos en materias relacionadas, segundo expresaron nas reunións de coordinación de curso semestrais. Ademais, na enquisa oficial de valoración da docencia dirixida ao profesorado²⁹, a valoración media no ítem relacionado coa adecuación da coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi de 3.91 (mellorando a acadada no 2021-22: 3.71).

- ***Satisfacción dos egresados coa titulación***

O grao de satisfacción xeral dos/as egresados/as coa titulación³⁰ foi de 3.30, similar ao observado en cursos anteriores (3.26 no 2020-21, 3.50 no 2021-22), cunha taxa de resposta do 23.56%. Para valorar o perfil de egreso cómpre tamén facer referencia aos resultados dos/as egresados/as na materia que máis se asimila á práctica profesional e que se realiza baixo a supervisión de psicólogos/as en exercicio: o Prácticum. No curso 2022-23 as cualificacións outorgadas polos/as titores/as profesionais (que constitúen o 75% da nota final na materia), así como os comentarios que realizan no apartado observacións do cuestionario de avaliación, son moi satisfactorios. Concretamente, os/as titores/as profesionais cualificaron a 17 dos 19 estudantes que realizaron a súas prácticas en dispositivos externos (89.5%) con notas superiores a 9, e o 100% do alumnado matriculado acadou cualificacións superiores a notable. No apartado de observacións do formulario de avaliación, o 66.6% dos/as titores/as externos incluíron valoracións moi positivas do alumnado, facendo referencia ao seu compromiso, capacidade de realización de tarefas e habilidade para a integración no equipo de traballo. Estes datos poden considerarse un bo indicativo da adecuación para o exercicio profesional que proporciona a formación recibida no Máster.

- ***Inserción laboral e en ofertas de posgrao***

Polo que fai referencia a inserción laboral, non se dispón de datos específicos e contrastados sobre esta cuestión. Sería desexable contar en próximos anos con esta información, nos informes da ACSUG ou do SIIU.

- ***Análise de queixas e reclamacións***

Durante o curso 2022-23 non se recibiu ningunha queixa nin reclamación por parte do alumnado.

2.2.4 Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria

²⁹ 4317022_INF.14_2022-2023.pdf

³⁰ 4317022_INF.09_2022-2023.pdf

O desenvolvemento do programa formativo do MUPXS foi analizado pola súa CT, e quedou reflectido no Informe de resultados que aprobou o 10 de abril de 2024.

- ***Cumprimento da Memoria de Verificación do Título (MVT)***

No curso 2022-23 o programa formativo do MUPXS desenvolveuse conforme ao establecido na súa MVT.

- ***Modificacións substanciais e/ou non substanciais na MVT***

Durante o curso 2022-23, elaborouse unha proposta de modificación substancial da MVT do MUPXS para adaptala aos novos requirimentos da titulación, e engadir as modificacións non substanciais e aspectos a mellorar segundo a análise nas sucesivas memorias de seguimento do título. Non obstante, tal como se indicou no Informe de Execución do PMA previamente exposto (ver AM_C-5), a proposta tivo que ser retirada no paso previo á súa aprobación por parte do CG da USC (abril 2023) dado que non foi posible, no tempo establecido, dar resposta á solicitude dunha importante redución no número de créditos optativos ofertados (requirimento necesario para adaptarse á normativa actual da USC). A CT e a CCC consideran necesario prorrogar a modificación substancial da memoria do título de Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria, cuxa tramitación se iniciará no curso 2024-25:

Obxectivo de Calidade (OC): Supervisar anualmente o cumprimento e propor modificacións das memorias de verificación dos títulos (OC-5).

Acción de Mellora (AM): AM_C-5.a. Presentar proposta de modificación substancial da memoria do título de Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

- ***Cumprimento dos programas das materias e guías docentes***

O desenvolvemento da docencia realizouse axeitadamente, dado que as coordinadoras de cada semestre e do Prácticum e TFM non detectaron problemas ao respecto e non consta ningunha queixa dos estudantes.

- ***Mecanismos de coordinación entre materias do título***

A coordinación das materias do título realízase a través das figuras de coordinación do título, coordinador do TFM, coordinador do Prácticum e coordinadores do primeiro e segundo semestre. Todas estas figuras facilitan que se dea resposta, dun xeito práctico, ás dificultades que poidan ir xurdindo xa que cada unha pode centrarse nun aspecto concreto e dende a coordinación do título facilítase o engrenaxe entre todas elas. Das distintas accións de coordinación que se realizan danse conta nas actas das reunións da comisión do título³¹.

- ***Perfil de ingreso***³²

O MUPXS trátase dun máster ao que só poden acceder graduados/licenciados en Psicoloxía, que ten unha elevada demanda, contando cunha nota media de acceso de 8.42 no curso 2022-23 e coa ocupación da totalidade das prazas ofertadas. Do total de matriculados no 1º e 2º curso durante o curso 2022-23, nun 32.5% dos casos tratouse de

³¹ 4314481_E5_Actas_CT_2022-2023.pdf

³² 4314481_P.Ind_2022-2023.pdf

estudantes que procedían de zonas xeográficas diferentes a Galicia³³, sendo un 59.46% a porcentaxe de matriculados que realizaron os seus estudos de grao na USC.

- ***Adecuación dos resultados de aprendizaxe ao previsto***³⁴

A taxa de graduación seguiu incrementándose con respecto aos cursos anteriores, situándose nun 96.88% no 2022-23 (fronte ao 96.77% no 2021-22 e o 96.55% no 2020-21), e situándose moi por encima da media da USC (79.67%). A taxa de abandono continuou, como nos anos anteriores, no 0% (9.06% na USC) e a duración media dos estudos estivo en 2.15 anos, inferior á dos dous cursos anteriores (2.19 no 2021-22 e 2.24 no 2020-21). A seguinte Táboa presenta a comparación das taxas da titulación nos últimos cursos, así como as taxas medias da USC. A taxa de rendemento foi do 95.46% e a de avaliación do 95.6%, sendo moi elevadas igual que nos cursos anteriores e situáronse por encima das taxas medias da USC (88.67% de rendemento e 89.85% de avaliación). A taxa de éxito foi do 99.85%, lixeiramente por debaixo do 100% habitual dos últimos anos, pero sendo superior á media da USC. A taxa de éxito dos egresados e a súa taxa de eficiencia seguiron sendo elevadas, situándose en 99.48% e 96.43%, respectivamente.

Táboa 6. Resultados da aprendizaxe na Titulación e comparación cos resultados da USC.

	Media estudos Máster USC 2022-23	Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria		
		2020-21	2021-22	2022-23
Taxa e de rendemento	88.67%	97.31%	96.87%	95.46%
Taxa de éxito	98.70%	100%	100%	99.85%
Taxa de avaliación	89.85%	97.31%	96.87%	95.60%

- ***Satisfacción xeral do estudantado***

A satisfacción do estudantado coa docencia recibida³⁵ acadou o nivel máis elevado dos últimos anos situándose no 4.61, superando así o 4.03 do curso 2021-22 e o 3.92 do curso 2020-21. Cómpre sinalar que a satisfacción do estudantado coas prácticas externas tamén foi moi elevada (4.21 puntos sobre 5).

- ***Satisfacción dos egresados coa titulación***

O grao de satisfacción dos egresados coa titulación³⁶ foi de 3.42, sendo este valor non concluínte xa que a taxa de resposta nesta enquisa foi só do 10% (N = 1). Quizais sexa máis representativo o dato da enquisa propia que se realiza unha vez rematan a defensa do TFM³⁷, que contou cunha taxa de participación do 65.8%. Nesta enquisa propia a valoración xeral que realiza o estudantado ao rematar o Máster foi dunha puntuación media de 4.12 (sobre 5).

- ***Inserción laboral e en ofertas de posgrao***

O último dato dispoñible correspóndese ao análise realizado no curso 2017-18 tendo en conta catro anos dende a finalización dos estudos, sendo entón a taxa de afiliación media

³³ 4314481_INF.16_2022-2023.pdf

³⁴ 4314481_P.Ind_2022-2023.pdf

³⁵ 4314481_P.Ind_2022-2023.pdf

³⁶ 4314481_P.Ind_2022-2023.pdf

³⁷4314481_INF-P-MUPXS_05_2022-2023.pdf

do 93.75%³⁸. Dende o propio Máster realizouse, en maio de 2023, unha enquisa propia³⁹ aos egresados dos últimos catro anos. Dos 41 egresados/as que responderon, o 83% estaba traballando, sendo nun 82% dos casos como profesional da Psicoloxía Xeral Sanitaria. O 71% sinalou que ter o título influíu moito na procura de traballo e o 22% considerou que bastante. Ademais, os centros que desenvolven a súa actividade no campo da Psicoloxía Xeral Sanitaria, confían na formación recibida polos nosos egresados, xa que contactan coa coordinación do Máster para dar difusión ás ofertas de traballo que xorden neste ámbito.

Dada a relevancia de fomentar as competencias para a empregabilidade, considerouse apropiado seguir promovendo o contacto cos egresados da titulación a través das enquisas propias e poder facilitar que o propio centro sexa un axente activo na formación continua e no acceso ao mundo laboral, o que se concreta na seguinte AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Promover o contacto con egresados para avaliar os índices de empregabilidade e axustar a formación recibida ás demandas do exercicio profesional (OC-8).

Acción de Mellora (AM): AM_C-8.a. Continuar o proceso de sistematización da xestión e envío da autorización de contacto cos egresados do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

- *Análise de queixas e reclamacións*

Non houbo queixas nin reclamacións ao longo do curso 2022-23.

Finalizada a valoración dos datos para as catro titulacións do centro no curso 2022-23, a CCC considera que os mecanismos de deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos foron aplicados de xeito satisfactorio de forma continua durante os últimos anos atendendo ao estipulado no Manual de Procesos do centro. Aínda que o SGC do centro precisa de melloras para madurar (descritas máis pormenorizadamente na Directriz 1), a adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, e mellora dos programas formativos, ata o momento, permitiu implantar de maneira exitosa todas as titulacións do centro e conseguiu realizar modificacións derivadas do proceso de revisión anual das distintas titulacións. A situación de emerxencia sanitaria que afectou de xeito significativo ao desenvolvemento da docencia en anos previos, afortunadamente, xa está superada e non tivo implicacións que deberan ser consideradas na presente Memoria Anual de Calidade relativa ao curso 2022-23. Apoiándose nos mecanismos de coordinación dispoñibles no SGC e obtendo a información precisa dos axentes implicados, a CCC considera que se conseguiu retomar con éxito a situación de normalidade na docencia de todas as titulacións, como dan conta todas as evidencias e indicadores, tanto institucionais como propios do centro, do alto grao de execución dos procesos de revisión e mellora e dos elevados niveis de satisfacción dos grupos de interese das titulacións.

Non obstante, quedan moitos retos por afrontar e aos que debe dar resposta o noso SGC, como é, por exemplo, a tramitación de modificacións substanciais na MVT do MUPXS

³⁸ 4314481_EIL-SIU_2022-2023.pdf

³⁹ 4314481_INF-P-MUPXS_06_2022-2023.pdf

que, de novo, tivo que ser adiada. Con respecto á adecuación das MVT, todas as titulacións deben levar a cabo modificacións non substanciais para a adaptación do Título universitario ao R.D. 822/2021, relativo á necesidade de adscrición a un dos ámbitos de coñecemento do Anexo I do R.D. 822/2021. A CCC considera a seguinte AM para dar resposta a esta necesidade no curso 2023-24:

Obxectivo de Calidade (OC): Supervisar anualmente o cumprimento e propor modificacións das memorias de verificación dos títulos (OC-5).

Acción de Mellora (AM): AM_C-5.b. Presentar a proposta de modificacións non substanciais das memorias das titulacións do centro para adscribirse aos novos ámbitos de coñecemento.

Outro reto e foco importante de mellora que afecta, en xeral, a todas as titulacións é acadar maiores índices de participación nas enquisas por parte do estudantado. A motivación do estudantado para conseguir a súa implicación no SGC é unha cuestión que abordaron todas as CT e que precisa de accións específicas, como así consideraron mediante as propostas de AM para o curso 2023-24 (detalladas anteriormente na Directriz 1). Finalmente, a CCC considera que, para continuar favorecendo a adquisición de competencias por parte dos egresados das titulacións do centro, fomentando a súa empregabilidade e o seu axuste ás demandas profesionais, un elemento esencial é proporcionar prácticas externas axeitadas para a formación do estudantado. Neste sentido o establecemento de novas colaboracións con dispositivos externos é fundamental para aumentar a representatividade da práctica profesional da nosa profesión na actualidade, o que se concreta na seguinte AM aplicable a todas as titulacións do centro:

Obxectivo de Calidade (OC): Procurar novos convenios con centros e dispositivos de realización de prácticas para promover a empregabilidade do estudantado (OC-9).

Acción de Mellora (AM): AM_C-9. Procura de novos convenios para a realización do Prácticum nas distintas titulacións do centro.

2.3 Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:

Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).

Admisión do alumnado (acción de captación).

Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.

Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

Mobilidade.

Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

Avaliación da aprendizaxe.

Prácticas externas.

Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Os procedementos que rexen a organización dos procesos de ensino/aprendizaxe e avaliación ao longo da vida académica do alumnado sintetízanse en diversos procesos chave do SGC da Facultade de Psicoloxía: *PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas.* A través deles procúrase que o estudantado poida acadar os obxectivos formativos das titulacións.

O marco institucional normativo da USC que regula a vida académica do estudantado, desde a admisión ata o momento da obtención do título establécese con carácter xeral, mediante normativas e regulamentos aprobados polo CG que, nalgúns casos, poden concretarse en normativas específicas para cada centro ou titulación. As normativas que atinxen ao estudantado poden consultarse nos seguinte enderezo web: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/alumnado>. Neste sitio web pódense consultar:

- Dereitos do estudantado: Estatuto do Estudantado, Normativa de Permanencia, Normativa de Avaliación, Normativa de Asistencia a clase.

- Normativa de desenvolvemento dos títulos de grao e máster da USC.
- Normativa de Admisión: ABAU, deportistas de alto nivel, traslados, requisito de idioma, maiores de 40 anos.
- Normativa de Matrícula.
- Normativa de Mobilidade: Regulamento de intercambios interuniversitarios.
- Normativa de Alumnado Visitante.
- Normativa de Expediente académico e recoñecemento: Valoración de expedientes, Recoñecemento de estudos e competencias, Recoñecemento de estudos de Formación Profesional, Recoñecemento de experiencia profesional, Recoñecemento en réxime de intercambio, Recoñecemento, Regulamento de Prácticas académicas externas.
- Normativa de Traballos Fin de Grao e Fin de Máster: Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos.
- Normativa de Premios e Mencións: Regulamento de concesión dos premios extraordinarios.
- Outra normativa de xestión académica: <https://minerva.usc.es>.

Na web da Facultade de Psicoloxía recóllense os desenvolvementos específicos de normativas ou regulamentos xerais que requiren adaptación para o Centro ou as Titulacións⁴¹:

- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (XF de 21/03/2018, CG de 10/07/2018).
- Normativa de Traballos de Fin de Máster da titulación de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria (XF de 18/12/2017, CG de 19/07/2018).
- Normativa de Traballos de Fin de Máster da titulación de Máster Universitario en Psicoloxía (XF de 03/07/2020, CG de 30/04/2021).
- Normativa para a dispensa de asistencia a clase do Grao en Psicoloxía da USC (XF de 27/11/2012, modificada en XF de 18/12/2017, modificada en XF de 30/06/2022).
- Normativa para o cambio de grupo da Facultade de Psicoloxía da USC (XF de 22/07/2013).
- Regulamento do Prácticum do Grao en Psicoloxía Universidade de Santiago de Compostela (XF de 20/07/2012).

⁴¹ <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-psicologia/arquivo>
Memoria de Calidade

Todo este marco normativo regula con transparencia os procedementos e condicións formais para o acceso, progresión e terminación dos programas formativos. As CT en primeira instancia, e a CCC en segunda, analizan e informan anualmente do desenvolvemento destes procesos, dos indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados ao ensino, aprendizaxe e avaliación en cada unha das titulacións. A continuación, sintetízanse as conclusións destas análises, recollidas máis extensamente nos informes de resultados das correspondentes titulacións.

2.3.1. Grao en Psicoloxía

- *Procesos de admisión e accións de captación de alumnado*

Na Facultade realizáronse diversas accións de captación de alumnado, principalmente centradas na participación nas iniciativas do programa A Ponte da USC, co obxectivo de atraer aos estudantes con mellores expedientes para o Grao en Psicoloxía e asegurar que cheguen coa mellor información e orientación posible. No curso 2022-23, puidéronse levar a cabo os Encontros na zona da USC do programa A Ponte, nos que durante tres días se recibiu a visita de 480 estudantes de bacharelato procedentes de distintos centros de ensino secundario de Galicia para a presentación do título e do centro. Ademais, participouse na iniciativa dos Encontros virtuais na zona USC, tamén do programa A Ponte. Nesta iniciativa leváronse a cabo virtualmente, a través da ferramenta Microsoft Teams, reunións/titorías programadas, nas que o alumnado de ensino medio podía conectarse para propoñer as súas dúbidas á coordinadora do Grao (coordinadora no centro do programa A Ponte). Tamén se participou na iniciativa USC camiña a Monforte de Lemos levouse a cabo unha intervención nas XXIX xornadas de orientación universitaria e profesional organizadas polo concello da Coruña.

A CT considerou continuar colaborando con iniciativas que favorezan a información dos estudos de Grao en Psicoloxía en ensinanza medias e potenciar a captación de alumnado para o Grao e mellorar o perfil de futuros estudantes, concretándose na seguinte AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Difusión de cara ao exterior, de forma axeitada e eficaz, da oferta formativa (OC-20).

Acción de Mellora (AM): AM_C-20.b. Continuar participando en iniciativas informativas e de captación dirixidas a estudantes de ensino medio para presentar información sobre os estudos do Grao en Psicoloxía.

Na titulación do Grao en Psicoloxía presenta particular relevancia o proceso de recoñecemento de créditos (validacións), xa que conta cun número significativo de estudantes que acceden por traslado de expediente. No curso 2022-23 tramitáronse 57 solicitudes de recoñecemento e recoñecéronse un promedio de 38.2 créditos de Formación Básica e/ou obrigatoria⁴². As solicitudes corresponderon, nunha ampla maioría, a materias cursadas en Graos de Psicoloxía doutras universidades (principalmente á UNED). Neste curso non houbo solicitudes de recoñecemento de créditos por experiencia profesional previa. Considérase que hai unha sistemática de recoñecemento de créditos adecuada. A tardanza na tramitación como principal inconveniente neste proceso foi solucionado, en parte, a través da implementación da acción de mellora relativa á actualización da táboa de equivalencias para a validación

⁴² 2500462_E6_Lista_recoñec_credits_2022-2023.pdf

automática das materias cursadas na UNED (ver AM_C.15.b no Informe de Execución presentado anteriormente), reducindo así considerablemente o tempo de espera do alumnado de traslado procedente desta universidade.

Para seguir optimizando o proceso de incorporación do alumnado de traslado de expediente, a CT considerou apropiado revisar o número de prazas ofertado para este tipo de estudantado. Esta revisión concrétese na seguinte AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Favorecer a integración do estudantado no funcionamento do centro (OC-14).

Acción de Mellora (AM): AM_C-14.b. Optimizar e axilizar o proceso de incorporación ao centro do alumnado de traslado procedente doutras universidades.

- ***Ratios de estudantes***

As ratios de estudantes por grupo de docencia continuaron a ser adecuadas para garantir unha docencia de calidade no curso académico 2022-23⁴³. É de salientar a ratio da docencia interactiva, axeitada a grupos de laboratorio, sendo igual a 21.01.

- ***Complementos formativos e accións de orientación académica e/ou profesional***

No curso 2022-23 continuouse cos procesos de orientación académica e profesional do Plan de Acción Titorial do Grao en Psicoloxía, na liña de cursos anteriores:

- A Xornada de Acollida para os/as estudantes de primeiro realizouse en setembro de xeito presencial no salón de actos da facultade, na que se achegou aos alumnos información relativa ao centro, organización dos estudos, etc. A valoración promedio por parte dos estudantes que participaron na enquisa foi de 4.23 (sobre 5)⁴⁴.
- Realizouse un acompañamento do alumnado de Grao a través da súa posta a disposición de titorías levadas a cabo polas Titoras do Programa A Ponte da USC, nunha ubicación concreta da facultade durante todo o curso.
- En relación coa orientación asociada ás competencias de acceso á información para o desenvolvemento académico, impartíronse dous cursos aos estudantes do Grao en Psicoloxía no primeiro semestre do curso, organizados pola biblioteca do centro. O primeiro deles, o *Curso introdutorio á Biblioteca*, permitiu ao estudantado familiarizarse coa busca de información no catálogo da Biblioteca e nas bases de datos. Na enquisa propia do centro⁴⁵, o 95.5% destes estudantes manifestaron acordo con que o curso resultou satisfactorio. O segundo curso, *Recursos de información e técnicas documentais para a realización do TFG*, é de carácter obrigatorio para o alumnado matriculado por primeira vez no TFG. Na enquisa de valoración propia deste curso⁴⁶ os estudantes puntuaron (sobre 5) a utilidade da información proporcionada con 4.46, a utilidade das actividades prácticas con 4.26 e a súa satisfacción xeral con 4.22. Cómpre sinalar que este segundo curso vense celebrando no centro desde o curso 2017-18 ininterrompidamente, porque observamos que lles facilita enormemente o desenvolvemento do TFG ao estudantado. Ademais, fóronse introducindo pequenos axustes desde a súa primeira edición para responder ás

⁴³ 2500462_P.Ind_2022-2023.pdf

⁴⁴ 2500462_INF-P-GPS_01_2022-2023.pdf

⁴⁵ 2500462_INF-P-GPS_02_2022-2023.pdf

⁴⁶ 2500462_INF-P-GPS_03_2022-2023.pdf

demandas dos estudantes e as suxestións dos encargados de impartilo. Todas estas razóns invitáronnos a presentar esta actividade á V Convocatoria para o recoñecemento de Boas Prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2023).

- O ciclo de charlas sobre *A práctica profesional da Psicoloxía* levouse a cabo, como cada curso, en nove sesións dende outubro a marzo. A enquisa de valoración propia⁴⁷ amosou índices de satisfacción superiores ao 4 sobre 5, cunha taxa de resposta do 60% das persoas que presentaron o portafolios para a avaliación final da actividade, o que supón un incremento con respecto á taxa de resposta do curso previo (33.3%). Esta actividade foi recoñecida e premiada na I Convocatoria para o recoñecemento de Boas Prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2019).
- O *Curso de Ética e Deontoloxía*, de carácter obrigatorio para o alumnado matriculado na materia de Prácticum, organizouse en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) e levouse a cabo ao inicio do primeiro semestre, como cada curso. Os resultados da enquisa de satisfacción propia⁴⁸ do alumnado con este curso mostraron unha valoración global de 3.04 puntos sobre 5 (en liña cos resultados acadados no curso previo), en base a unha taxa de participación do 30.63% do alumnado matriculado no Prácticum.
- A Charla informativa sobre as titulacións de másteres oficiais que se imparten na facultade levouse a cabo en marzo de 2023. Os estudantes amosaron na enquisa propia administrada⁴⁹ unha satisfacción xeral coa charla de 4 sobre 5 puntos. Cabe sinalar que o 75% dos que participaron na enquisa indicaron estar bastante satisfeitos ou totalmente satisfeitos coa actividade.
- Tamén se levaron a cabo outras actividades do Plan de Acción Titorial, como as charlas informativas sobre mobilidade, a sesión informativa de Prácticum e TFG dirixida a estudantes de 3º curso⁵⁰ ou a titorización de estudantes deportistas de alto nivel. En todos os casos leváronse a cabo sen incidencias.

Ademais de todas estas actividades, anualmente desde 2019 e en colaboración co COPG, a facultade organiza a actividade *Tempo da Psicoloxía*. Ao longo dunha semana organízanse distintas mesas redondas nas que se aborda unha temática de actualidade para a saúde mental en profundidade, con tempo e rigor. No curso 2022-23, a temática abordada foron os movementos migratorios e os seus efectos sobre a saúde mental dos migrantes. Aínda que esta actividade estivo dirixida a toda a comunidade universitaria e profesional, o alumnado do GPs beneficiase especialmente da formación que reciben a través da experiencia profesional dos/as poñentes e da reflexión interdisciplinar na abordaxe das problemáticas psicosociais. Dada a traxectoria desta actividade, que permitiu consolidar o proceso de Planificación - Implantación - Avaliación - Axuste e mellora, *Tempo da Psicoloxía* foi presentada á IV convocatoria para o recoñecemento de Boas Prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2022) durante o curso que atinxe a esta memoria, sendo recoñecida como Boas Prácticas pola Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno en marzo de 2023.

Dada a calidade das actividades que se están a levar a cabo, a boa acollida polo alumnado e a relevancia de seguir traballando no acercamento do mundo profesional ao académico,

⁴⁷ 2500462_INF-P-GPS_09_2022-2023.pdf

⁴⁸ 2500462_INF-P-GPS_05_2022-2023.pdf

⁴⁹ 2500462_INF-P-GPS_11_2022-2023.pdf

⁵⁰ 2500462_INF-P-GPS_12_2022-2023.pdf

a CT e a CCC consideran oportuno seguir propoñendo como accións de mellora neste eido:

Obxectivo de Calidade (OC): Mellorar a información e orientación para a toma de decisións centrada na práctica laboral para o alumnado do último curso de grao e másteres (OC-11).

Acción de Mellora (AM): AM_C-11.a. Continuar a realizar actividades informativas sobre formación práctica, orientación laboral e saídas profesionais unha vez rematado o Grao en Psicoloxía.

Obxectivo de Calidade (OC): Continuar a organizar actividades formativas con profesionais en exercicio nos distintos eidos de aplicación da Psicoloxía (OC-12).

Acción de Mellora (AM): AM_C-12.a. Fomentar a participación de profesionais dedicados a eidos de especialización psicolóxica en conferencias e ciclos de charlas dirixidos ao alumnado do centro.

Ademais, considérase necesario seguir traballando na implicación do propio estudantado na organización de accións de orientación académica, de xeito que se promova a aprendizaxe horizontal entre o alumnado e se potencie a vinculación coa institución, o que se concreta na seguinte AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Fomentar a participación do estudantado en programas de formación extracurriculares e de voluntariado (OC-10).

Acción de Mellora (AM): AM_C-10.a. Fomentar a participación do estudantado do Grao en Psicoloxía no programa de titores A Ponte.

- *Participación en programas de mobilidade*

En relación coa mobilidade entrante, recibíronse un total de 43 alumnos/as alleos: 18 no marco do programa SICUE, 8 no programa Erasmus+ e 17 no programa por convenio bilateral. O alumnado entrante puntuou a súa satisfacción global coa experiencia de mobilidade na USC cun 4.75 sobre 5⁵¹. Respecto da mobilidade saínte, un total de 39 alumnos/as da Facultade de Psicoloxía aceptaron participar e finalizaron a súa formación en programas de mobilidade (19 no programa SICUE, 16 no Erasmus+ e 4 no convenio bilateral). A satisfacción global do alumnado saínte⁵² no curso 2022-23 cos programas de mobilidade foi moi alta (4.55 puntos sobre 5, na liña do curso previo). Non obstante, aínda que a taxa de participación aumentou ata o 27.5% no 2022-23 (con respecto ao 15.79% no 2021-22), os niveis de resposta seguen sendo mellorables.

Neste sentido, a CT e a CCC consideran apropiado abordar dun xeito máis concreto o fomento da participación do estudantado de mobilidade nas enquisas de satisfacción, tendo en conta ademais que non hai un indicador propio de centro que poida dar conta desta información. Esta acción intégrase dentro da AM_C-13.a presentada anteriormente, dirixida a continuar a fomentar a participación do estudantado do Grao en Psicoloxía nas enquisas de satisfacción institucionais da USC.

- *Mecanismos de adaptación para persoas con necesidades específicas de apoio educativo*

O Servizo de participación e integración universitaria (SEPIU) identifica as demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo e informa aos docentes ao comezo de cada semestre, mediante informe detallado, respecto ao alumnado matriculado nas súas materias que requiren algún tipo de adaptación. Os docentes reciben indicacións precisas do procedemento a seguir segundo as características e necesidades particulares

⁵¹ 5064_INF.05_2022-23.pdf

⁵² 2500462_INF.04_2022-23.pdf

de cada caso. Ademais, na titulación do Grao en Psicoloxía cubrimos posibles necesidades de conciliación dos estudos co deporte de alto nivel (DAN). Aos estudantes DAN asígnaselles un titor/a académico (o/a coordinador/a de curso no que se atope matriculado), quen cubrirá as tarefas para a conciliación recollidas na Normativa sobre Deportistas de alto nivel da USC (aprobada en CG de 05/05/2011).

Indicar, por último, que non constan incidencias presentadas perante o centro relativas a demandas de adaptación a necesidades específicas que non puideran ser atendidas polo profesorado.

Mais aló dos mecanismos xa existentes, a CT e a CCC consideran oportuno seguir investindo esforzos para apoiar, orientar e integrar ao alumnado con NEAE, así como outros colectivos que requiran de maior apoio, como é o caso das persoas que inician os seus estudos de Grao. Isto concrétese na seguinte AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Favorecer a integración do estudantado no funcionamento do centro (OC-14).

Acción de Mellora (AM): AM_C-14.a. Aumentar o apoio, orientación e integración do alumnado de novo ingreso, de 1º curso e do alumnado con necesidades específicas.

- *Resultados de aprendizaxe*

Como en cursos previos, durante o curso 2022-23 obtivéronse datos moi positivos. Neste curso, recuperada totalmente a presencialidade na docencia e na avaliación, os indicadores relativos aos resultados da aprendizaxe das materias ordinarias (excluídos Prácticum e TFG, créditos por actividades transversais, etc.) mantivéronse en niveis elevados, similares aos dos cursos previos. En xeral, o alumnado obtivo na maioría das materias da titulación (FB, OB e optativas) cualificacións de Notable. As seguintes tres táboas recollen, respectivamente, os valores correspondentes á taxa de rendemento, taxa de éxito e taxa de avaliación, explicitándose, en cada unha delas, o número de materias con taxas nos rangos indicados. As porcentaxes correspondentes ás mencionadas taxas son todas superiores ás súas correspondentes medias para as titulacións da USC como xa previamente se indicou.

Táboa 7. Taxa de rendemento materias do GPs⁵³

	2020-21	2021-22	2022-23
Media	89%	88%	90%
Mínimo	51%	53%	45%
Nº de materias con taxas nos rangos indicados:			
<80%	9	6	7
≥80 - <90%	9	15	10
≥90 - <95%	12	10	13
≥95 - ≤100%	18	17	18

Táboa 8. Taxa de éxito materias do GPs⁵⁴

	2020-21	2021-22	2022-23
--	---------	---------	---------

⁵³ 2500462_INF.18_2022-2023.pdf

⁵⁴ 2500462_INF.17_2022-2023.pdf

Media	93%	92%	93%
Mínimo	61%	68%	56%
Nº de materias con taxas nos rangos indicados:			
<80%	4	5	3
≥80 - <90%	10	4	10
≥90 - <95%	1	15	9
≥95 - ≤100%	33	24	26

Táboa 9. Taxa de avaliación materias do GPs⁵⁵

	2020-21	2021-22	2022-23
Media	95%	96%	96%
Mínimo	78%	78%	80%
Nº de materias con taxas nos rangos indicados:			
<80%	1	1	1
≥80 - <90%	3	3	0
≥90 - <95%	6	10	10
≥95 - ≤100%	38	34	37

A materia Prácticum ten especial relevancia no currículo do Grao e na valoración da consecución dos resultados de aprendizaxe previstos xa que é unha materia obrigatoria de 12 créditos que enmarca as prácticas externas curriculares da titulación. Esta materia realízase no marco do Regulamento de Prácticas Externas da USC e dos convenios de colaboración entre a Facultade de Psicoloxía e os máis de 220 dispositivos distribuídos por toda Galicia. Estas prácticas externas permiten a primeira toma de contacto dos estudantes coa realidade da práctica profesional da nosa profesión. Dado que é requisito de todos eses dispositivos contar cun psicólogo/a que exerza a función de titor/a profesional, garántese a adecuación do perfil das prazas ofertadas ás características da titulación. No curso 2022-23, matricularonse na materia Prácticum 160 alumnos/as, dos cales 156 chegaron a rematar as prácticas. Os resultados da aprendizaxe foron similares aos de cursos previos: o 82.39% do alumnado de Prácticum obtivo cualificacións no máximo nivel (Sobresaliente ou Matrícula de Honra)⁵⁶, con pouca variación respecto do 81.5% do curso anterior.

A materia Traballo de Fin de Grao (TFG) tamén ten especial relevancia no currículo do Grao e nos resultados de aprendizaxe previstos. A oferta e o proceso de asignación dos TFG para o curso 2022-23 non sufriu cambios respecto ao procedemento habitual e desenvolveuse sen incidencias. A oferta inicial de temas sobre os que poden versar os TFG publicouse a finais de xuño 2022. Unha vez consolidada a matrícula, asignáronse un total de total 188 TFG (36 repetidores), cifra similar ao curso anterior (184 TFG). Os datos respecto aos resultados das defensas e cualificacións dos TFG seguiron manténdose moi bos, similares aos de cursos anteriores. Dos TFG inicialmente asignados, foron presentados para a súa defensa o 85.11%, sendo unha porcentaxe maior que o dos cursos previos (2021-22: 80.4%; 2020-21: 81%), distribuídos da seguinte maneira: convocatoria de febreiro (11 TFG), xullo primeira quenda (64 TFG), xullo segunda quenda (65 TFG) e setembro (19 TFG). Dos 188 TFG asignados inicialmente, defendéronse 159⁵⁷, dos cales só suspendeu

⁵⁵ 2500462_INF.19_2022-2023.pdf

⁵⁶ 2500462_INF.15_2022-2023.pdf

⁵⁷ 2500462_E17_Listaxe_TFG-TFM_2022-2023.pdf

un deles (0.62%), presentando una cifra similar a outros cursos. A cualificación por riba de notable foi dun 83.12% (similar ao curso anterior cun 86% dos casos)⁵⁸.

- ***Satisfacción do estudantado coa docencia***

En xeral os estudantes valoraron positivamente o desenvolvemento académico e manifestaron estar satisfeitos coa coordinación entre materias e a secuenciación do calendario de tarefas. A enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida⁵⁹ reflicte que o seu grao de valoración global foi positivo, do 4.39 sobre 5 puntos, lixeiramente superior á do curso anterior (4.34). Na enquisa todos os ítems tiveron valoracións por riba dos 4 puntos sobre 5, se ben destacan con valoracións por riba de 4.5 puntos sobre 5, os ítems que gardan relación con que o/a docente explicou a programación da materia e os criterios de avaliación, cumpriu co programa e o plan de traballo previsto, desenvolveu a materia de acordo co cronograma temporal, resolveu as dúbidas que se lle formularon ou prestou axuda nas titorías de utilidade. A taxa de participación nesta enquisa foi do 39.46%, na liña á do curso anterior (40.7%).

O bo grao de satisfacción coa materia Prácticum refléxase nos resultados das enquisas de satisfacción institucionais que amosan valoracións positivas. Por unha banda, a valoración da satisfacción dos titores/as profesionais das prácticas externas⁶⁰ coas tarefas desenvolvidas foi de 4.50 sobre 5 (na liña dos últimos cursos). Na mesma liña, a enquisa de satisfacción dos/as titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas⁶¹ amosou unha satisfacción xeral de 4.71 (sobre 5). Por outra banda, observouse unha tendencia estable á mellora da valoración do alumnado coas prácticas nas enquisas institucionais⁶² no desenvolvemento desta materia. Aínda que, como ven sendo habitual cada curso, no momento de contactar cos centros, algúns alumnos/as (3 no curso 2022-23) tiveron que ser reasignados a outros dispositivos por imprevistos na organización e xestión dos centros propostos inicialmente, aínda así, estes cambios non supuxeron un inconveniente na realización das prácticas nin na súa valoración. Neste curso 2022-23, por exemplo, a satisfacción global coas prácticas dos estudantes aumentou a 4.50 puntos sobre 5 (con respecto a 3.75 no 2021-22 e 3.38 no 2020-21), a satisfacción co período de prácticas externas aumentou a 4.35 sobre 5 (con respecto a 3.64 no 2021-22 e 3.40 no 2020-21) e a satisfacción coa información previa recibida do procedemento das prácticas aumentou a 4.48 (con respecto a 3.79 no 2021-22 e 3.00 no 2020-21). O alumnado tamén valorou positivamente a atención recibida polos/as titores/as profesionais (4.61 sobre 5; o que supón un aumento considerable con respecto á puntuación do curso anterior: 3.79), así como polos/as titores/as académicos (4.22 sobre 5; en liña coa satisfacción do curso anterior: 4.14).

En comparación, o ítem peor valorado ao longo dos cursos nas enquisas institucionais respecto á satisfacción coas prácticas externas ten sido o referido á duración axeitada das prácticas (3.83 neste curso 2022-23, 4.00 no 2021-22 e 2.80 no 2020-21). Non obstante, a análise da información cualitativa aportada polo alumnado no apartado de Observacións da enquisa de satisfacción propia, indica que esta (relativa) baixa valoración reflicte o

⁵⁸ 2500462_INF.15_2022-2023.pdf

⁵⁹ 2500462_INF.13_2022-2023.pdf

⁶⁰ 2500462_INF.07_2022-2023.pdf

⁶¹ 2500462_INF.08_2022-2023.pdf

⁶² 2500462_INF.06_2022-2023.pdf

desexo do alumnado de que duren máis, precisamente porque están satisfeitos coa experiencia que lles aporta este período de prácticas. Ademais, esta enquisa de satisfacción propia⁶³ amosou unha participación do 58.75% (mostrando un aumento con respecto á participación do curso previo, que se situou no 40.9%). En conxunto, estas valoracións amosan unha leve tendencia positiva de melloría, sendo a puntuación de satisfacción global de 4.6 puntos sobre 5 (4.5 no 2021-22 e 4.4 no 2020-21).

A valoración do alumnado co proceso de TFG no curso 2022-23 foi boa, outorgando puntuacións superiores a 4 sobre 5 en todos os ítems da enquisa propia⁶⁴, igual que no curso previo. A puntuación media que outorgan no ítem sobre o seu nivel xeral de satisfacción co procedemento do TFG foi de 7.68 (sobre 10), similar á do curso previo (7.9). No caso das enquisas propias para titores/as⁶⁵, a valoración da satisfacción xeral co proceso de TFG foi de 7.22 sobre 10 puntos (superior ao 6.8 do curso anterior), sendo a taxa de participación na enquisa do 32.4%, valor superior ao curso previo (29%). É de destacar nas enquisas en relación co TFG que, tanto alumnado como profesorado, seguen a valorar positivamente o proceso. Así, as puntuacións outorgadas foron superiores a 4 en todos os ítems avaliados (información e documentos incluídos na guía, así como proceso de titorización e avaliación).

- ***Satisfacción do profesorado coa docencia***

Polo que respecta ao profesorado, o nivel global de satisfacción coa docencia impartida⁶⁶ neste curso alcanzou unha valoración media de 4.3 sobre 5, puntuación similar á do curso previo (4.27). É de destacar que varios ítems se mantiveron en puntuacións por riba dos 4.8 puntos sobre 5 relacionados, por exemplo, co trato correcto cos estudantes e amosarse accesible, ou informar axeitadamente sobre os criterios de avaliación. A taxa de participación nesta enquisa foi do 59.34%, similar á do curso pasado (58.9%).

2.3.2 Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía

No MUPXer, é a CCI, conformada polos/as coordinadores/as do máster en todas as universidades, quen analiza a adecuación dos procesos de aprendizaxe, ensino e avaliación do título. Do seu informe de resultados, trasladado á CCC, recóllense aquí as principais conclusións:

- ***Procesos de admisión e accións de captación de alumnado***

Realízanse accións de captación de estudantado nas diferentes universidades. Na USC, de modo habitual, participase na charla de presentación dos títulos de Máster oficiais da Facultade dentro das xornadas de orientación que se organizan para o estudantado de 4º curso do Grao en Psicoloxía. Dende o curso 2020-21, organízase anualmente o “Encontro Virtual de Psicoxerontoloxía” en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que serve de enlace entre o estudantado de Grao e os profesionais do sector. Dende o curso 2022-23, obxecto de esta memoria, ademais, o MUPXer participa nas

⁶³ 2500462_INF-P-GPS_04_2022-2023.pdf

⁶⁴ 2500462_INF-P-GPS_06_2022-2023.pdf

⁶⁵ 2500462_INF-P-GPS_07_2022-2023.pdf

⁶⁶ 2500462_INF.14_2022-2023.pdf

xornadas informativas para alumnado estranxeiro que organiza o Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización da USC.

Na UB organízase regularmente a xornada Psicofutur, en formato feira, na que o estudantado pode informarse de maneira personalizada. Na USal, como cada ano, realizouse unha charla informativa para o estudantado de Psicoloxía que cursa a optativa Psicoxerontoloxía en 4º curso de grao para informar sobre o MUPXer e as súas saídas profesionais. Na UV, de modo habitual, preséntase o MUPXer nunhas xornadas da súa facultade de Psicoloxía dirixida a todo o estudantado de 4º curso de grao e realízase unha presentación máis detallada ao estudantado que realiza o seu prácticum en centros xerontolóxicos.

- ***Ratios de estudantes***

As ratios de estudantes matriculados no MUPXer na USC por grupo de docencia foron axeitadas para garantir unha docencia de calidade no curso académico 2022-23. Así, a media de estudantado por grupo de expositivas (FB/OB) foi de 14, por grupo de expositivas (optativas) foi de 8.75 e por grupo de interactivas, de 11.38⁶⁷.

- ***Complementos formativos e accións de orientación académica e/ou profesional***

Non se estima a necesidade de complementos formativos para a titulación no MUPXer dado que as materias optativas metodolóxicas cobren a formación de natureza máis instrumental.

Durante o curso 2022-23 organizáronse actividades formativas para complementar a docencia. Na USC, celebrouse a segunda edición do “Senior Innovation Lab”, aplicando metodoloxías de innovación áxil para o desenvolvemento de solucións no ámbito da lonxevidade. Na UV realizouse un taller de Historias de vida de persoas maiores e un seminario sobre o “Fomento del buen trato en adultos mayores”. Na UB realizouse unha experiencia didáctica co traxe de simulación de envellecemento.

Respecto ás accións de orientación académica e/ou profesional, informouse ao estudantado sobre o doutoramento e as liñas de investigación que manteñen os docentes do MUPXer. Na UB impartíuse unha charla pola Coordinadora do Grupo de Envejecimiento del Colegio Oficial de Psicología de Cataluña. A UV e a USC, pola súa banda, dispoñen dun programa de mentorado que ofrece a colaboración do estudantado con profesionais especializados no campo do envellecemento a través do MUPXer. Ademais, a USC organizou unha sesión específica de orientación profesional en liña impartida pola responsable da Área de Orientación Laboral e Emprego, no marco do proxecto INVENTHEI.

- ***Participación en programas de mobilidade***

No curso 2022-23, un alumno da USC realizou os créditos optativos do cuarto módulo docente (febreiro e marzo de 2023) na UV.

⁶⁷ 4314476_P.Ind_2022-2023.pdf

- ***Mecanismos de adaptación para persoas con necesidades específicas de apoio educativo***

No curso 2022-23, a UV aplicou unha serie de medidas de adaptación para unha estudante con dificultades auditivas, previa valoración da Unidade de discapacidade desa universidade. Non foron precisas outras medidas de adaptación.

- ***Resultados de aprendizaxe***

Como se pode observar na táboa, case a totalidade de materias do MUPXer na USC amosan taxas de rendemento, éxito e avaliación moi elevadas, ao igual que ocorre nas outras universidades que imparten o título:

Táboa 10. Taxas de rendemento, éxito e avaliación das materias do MUPXer na USC no 2022-23.

	Taxa de rendemento ⁶⁸	Taxa de éxito ⁶⁹	Taxa de avaliación ⁷⁰
Media	93.46%	99.63%	93.81%
Mínimo	68.75%	92.86%	68.75%
Nº de materias con taxas nos rangos indicados:			
<80%	1	0	1
≥80 - <90%	0	0	0
≥90 - <95%	2	1	1
≥95 - ≤100%	15	17	16

En xeral, a CCI considera que as taxas específicas de aprendizaxe foron elevadas, o rendemento nas Prácticas Externas foi excelente e os TFM tiveron un nivel académico satisfactorio. De feito, a sede de Barcelona de Cáritas premiou un TFM da UB como mellor TFM de temática social presentado en universidades catalanas. En canto ás Prácticas Externas do MUPXer na USC, esta materia amosou unha taxa de éxito do 100% e unhas taxas de rendemento e de avaliación do 92.86%. Con respecto ao TFM do MUPXer na USC, no curso 2022-23 defendéronse 11 traballos⁷¹, cunha taxa de éxito do 100% e unhas taxas de rendemento e de avaliación do 68.75%. Estas taxas relativamente baixas de rendemento e avaliación no TFM derívanse, ao igual que en cursos previos, da potencialidade de inserción laboral da titulación, xa que algúns estudantes acceden ao mercado laboral do sector durante o curso académico, especialmente a través das Prácticas Externas, dificultando a finalización do TFM no mesmo curso.

- ***Satisfacción do estudantado coa docencia***

A satisfacción do estudantado coa docencia foi, en xeral, elevado. Na USC o estudantado amosou unha satisfacción coa docencia recibida⁷² de 4.33 sobre 5, en liña cos datos das outras universidades (4.2 en UB, 5 en USal e 4.56 na UV). Con respecto á satisfacción coa formación das prácticas externas⁷³, o estudantado da USC amosou unha satisfacción de 3.89 sobre 5, sendo este dato lixeiramente máis baixo ca nas outras universidades (4.4 en UB, 5 en USal e 4.8 en UV) e referíndose o estudantado a que a duración debería ser

⁶⁸ 4314476_INF.18_2022-2023.pdf

⁶⁹ 4314476_INF.17_2022-2023.pdf

⁷⁰ 4314476_INF.19_2022-2023.pdf

⁷¹ 4314476_E17_Listaxe_TFG-TFM_2022-2023.pdf

⁷² 4314476_INF.13_2022-2023.pdf

⁷³ 4314476_INF.06_2022-2023.pdf

máis longa. Cunha taxa de participación que oscilou entre o 39.7% (UB) e o 92.86% (USC), considérase que a satisfacción coa docencia por este colectivo foi elevada, tanto nas materias obrigatorias como nas optativas, e na formación recibida a través das Prácticas Externas. Os resultados da enquisa propia sobre a satisfacción do alumnado co TFM realizado na USC amosou puntuacións de 8.2 (sobre 10)⁷⁴.

- ***Satisfacción do profesorado coa docencia***

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida foi elevado. Na USC⁷⁵ o profesorado amosou unha satisfacción de 4.36 sobre 5, en liña cos datos da UB e da UV (4.4 e 4.86, respectivamente). Na USal a satisfacción do profesorado coa docencia impartida avalíase con carácter bianual, polo que non se dispón de datos para o curso 2022-23. Cunha taxa de participación que oscila entre o 43.75% (UV) e o 55% (UB), considérase que a satisfacción do profesorado coa docencia impartida foi elevada.

2.3.3 Máster Universitario en Psicoloxía

- ***Procesos de admisión e accións de captación de alumnado***

Con respecto ás actividades de captación, e de acordo coa acción de mellora AM_C-24.a (ver Informe de Execución anteriormente descrito), participouse, como é habitual, na charla de presentación dos títulos de Máster oficiais da Facultade dentro das xornadas de orientación que se organizan para o estudiantado de 4º curso do Grao en Psicoloxía. Tamén se participou na Xornada de Captación Internacional da USC. En ambas xornadas fíxose mención específica das características e posibilidades da especialidade en Psicoloxía Experimental. No curso 2022-23 incorporouse unha alumna de novo ingreso nesta especialidade. É preciso, non obstante, continuar con estas actividades de promoción, polo que a CT propón como acción de mellora para o vindeiro curso:

Obxectivo de Calidade (OC): Difusión de cara ao exterior, de forma axeitada e eficaz, da oferta formativa (OC-20).

Acción de Mellora (AM): AM_C-20.a. Continuar coas iniciativas de captación de alumnado no Máster Universitario en Psicoloxía e incorporar estratexias centradas especificamente na captación de alumnado para a especialidade en psicoloxía experimental.

- ***Ratios de estudantes***

Dado que o número de estudantes do título é reducido, as ratios de estudantes son axeitadas, tanto nas materias obrigatorias (18.2) como nas optativas (9.89)⁷⁶.

- ***Complementos formativos e accións de orientación académica e/ou profesional***

As actividades de orientación académica e profesional máis salientables realizadas no curso 2022-23, inclúen:

- A xornada de acollida, realizada en setembro de 2022, contou coa asistencia das coordinadoras, profesorado e estudiantado da promoción anterior. Nesta xornada preséntase tanto o contido académico como os perfís laborais de cada especialidade do Máster. Na reunión de avaliación do funcionamento do título, o estudiantado mencionou explicitamente a súa satisfacción con esta actividade, non só pola

⁷⁴ 4314476_INF-P-MUPXER_01_2022-23.pdf

⁷⁵ 4314476_INF.14_2022-2023.pdf

⁷⁶ 4317022_P.Ind_2022-2023.pdf

información académica e profesional, senón tamén pola descrición práctica dos sistemas de acceso á información na web e pola visita guiada polas instalacións do centro, ambas actividades especialmente útiles para o alumnado procedente doutras universidades e países.

- Continuouse coas reunións informativas sobre o Prácticum, iniciadas no curso anterior, que tiveron lugar entre abril e maio de 2023. Estas reunións permitiron aclarar todas as dúbidas do alumnado e orientar a súa escolla para o seguinte curso.
- Ao igual que en cursos pasados, seguiuuse a contar coa participación de profesionais en exercicio, invitados a impartir charlas no Máster, así como coa realización de proxectos de “aprendizaxe servizo” vinculados conxuntamente a distintas materias, nas que se levou a cabo o deseño, implementación e difusión de intervencións, por exemplo, de sensibilización sobre a necesidade de implicarse en conductas proambientais (en colaboración coa asociación Amigas da Terra) ou dirixidas á menores vulnerables (en colaboración coa asociación “Vite a Ceo Aberto”).
- Nesta mesma liña, organizouse, como parte das actividades encadradas na semana do 25N, Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller (ONU), e en colaboración coa Comisión de Igualdade do centro, unha mesa redonda/debate na que se analizou a temática da violencia de xénero nos contextos de ocio nocturno. Nesta actividade o alumnado do Máster participou tanto na organización como na mesa de debate (xunto con profesionais en exercicio), o que permitiu que o estudantado non só recibise formación nesta temática senón que tamén mellorase a adquisición de habilidades para o deseño de actuacións orientadas á sensibilización contra a violencia de xénero.
- Por último, este curso 2022-23 púxose en marcha unha iniciativa, que se espera continuar nos vindeiros cursos, consistente na creación dun repositorio dixital conformado por charlas gravadas (ata o momento 7) polos titores e titoras dos centros cos que existen convenios para a realización do Prácticum da Especialidade en Psicoloxía da Intervención social e Comunitaria. Estas charlas están enfocadas a dar a coñecer ao alumnado os centros e, máis concretamente, as actividades que neles realizan os profesionais da psicoloxía.

Tanto esta última actividade como a mesa redonda recibiron financiación da convocatoria de Axudas de Apoio a Mestrados Universitarios (2022) da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, orientada a fomentar a orientación profesional nos másteres da USC.

Como parte da preocupación do Máster por seguir a traballar nas iniciativas de vinculación entre a formación que se proporciona no título e o mundo profesional, a CT e a CCC propoñen as seguintes accións de mellora a desenvolver no vindeiro curso:

Obxectivo de Calidade (OC): Avaliar e axustar a oferta formativa ás demandas académicas e profesionais da psicoloxía (OC-6).

Acción de Mellora (AM): AM_C-6.d. Incrementar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía ten acerca das características e actividade profesional dos dispositivos ofertados para a realización de prácticas externas.

Obxectivo de Calidade (OC): Mellorar a información e orientación para a toma de decisións centrada na práctica laboral para o alumnado do último curso de grao e másteres (OC-11).

Acción de Mellora (AM): AM_C-11.b. Promover a colaboración entre o Máster Universitario en Psicoloxía e o COPG para dar a coñecer ao alumnado as actividades profesionais da sección de intervención social.

- **Participación en programas de mobilidade**

No curso 2022-23 recibíuse unha alumna procedente da (Brasil), ao abeiro dun convenio bilateral, o que supón un 2.33% do alumnado⁷⁷.

- **Mecanismos de adaptación para persoas con necesidades específicas de apoio educativo**

No curso avaliado non se ten notificado necesidade de aplicar mecanismos de adaptación para persoas con necesidades especiais.

- **Resultados de aprendizaxe**

Segundo os indicadores analizados⁷⁸, nas materias ordinarias a taxa de éxito foi do 100% en todas as materias, agás en Intervención en pobreza, emigración e desarraigamento (93.75%) e Promoción de hábitos de vida saudables (92.31%), nas que houbo un suspenso. As taxas de rendemento e de avaliación foron do 100% nas materias da especialidade de Psicoloxía Experimental, e superiores ao 87 % en todas as materias da especialidade de Intervención Social e Comunitaria e nas materias obrigatorias comúns. Na materia Prácticum as taxas de éxito, de rendemento e de avaliación foron do 100% e na materia TFM a taxa de éxito foi do 100%, e as taxas de rendemento e avaliación do 96%. O dato referido á taxa de avaliación e de rendemento do TFM da especialidade de Intervención Social e Comunitaria é debido a que houbo 1 non presentado entre o alumnado que formalizou a matrícula, vinculado a incompatibilidade co traballo.

Estes datos positivos vense corroborados tamén nas cualificacións obtidas. Como se pode apreciar na seguinte Táboa, a porcentaxe de estudantes que alcanza puntuacións de notable ou superiores sitúase por riba do 90% nas materias ordinarias; do 100% no Prácticum e do 80% no TFM⁷⁹ (con 24 traballos defendidos no curso 2022-23⁸⁰).

Táboa 11. Porcentaxe de cualificacións iguais ou superiores a notable por tipo de materia no MUPs.

	2020-21	2021-22	2022-23
Materias ordinarias	90.69%	88.18%	90.89%
Prácticum	95.85%	97.6%	100%
TFM	100%	100%	80%

- **Satisfacción do estudantado coa docencia**

De acordo cos resultados das enquisas oficiais da USC⁸¹, a valoración xeral do estudantado con respecto á docencia do Máster é moi positiva, cunha puntuación global media de 4.69 (superior á de cursos pasados: 4.18 no 2021-22, 4.23 no 2020-21). Cómpre sinalar que os/as estudantes avaliaron con puntuacións medias iguais ou superiores a 4 a totalidade dos ítems da enquisa. Destacan as respostas aos ítems que fan referencia á

⁷⁷ 4317022_P.Ind_2022-2023.pdf

⁷⁸ 4317022_INF.17_2022-2023.pdf; 4317022_INF.18_2022-2023.pdf; 4317022_INF.19_2022-2023.pdf

⁷⁹ 4317022_INF.15_2022-2023.pdf

⁸⁰ 4317022_E17_Listaxe_TFG-TFM_2022-2023.pdf

⁸¹ 4317022_INF.13_2022-2023.pdf

resolución de dúbidas, tanto na aula (puntuación media de 4.85) como en titorías (5.0), así como ao cumprimento do programa (4.85).

A valoración da materia Prácticum na enquisa oficial da USC⁸² foi tamén elevada, cunha puntuación global media de 4.36 (similar á de cursos anteriores: 4.31 no 2021-22, 4.13 no 2020-21). Destacar que a valoración do ítem *En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral* alcanzou unha puntuación de 5 (sobre 5). Ademais, os resultados das enquisas propias⁸³, nas que se avalía a satisfacción xeral coas prácticas e a valoración do estudantado respecto dos/as titores académicos e profesionais, foron tamén moi satisfactorios. Cunha participación do 94.1% do alumnado que realizou as prácticas en dispositivos externos (N = 16), a media dos ítems de valoración xeral da satisfacción co proceso e os resultados foi de 4.29 (idéntica á do curso pasado), a media dos referidos aos/as titores/as externos/as foi de 4.56 (4.48 no 2021-22), e a dos referidos á valoración dos/as titores/as académicos/as foi de 4.79 (4.76 no 2021-22).

- ***Satisfacción do profesorado coa docencia***

Polo que se refire á valoración do profesorado con respecto á docencia impartida⁸⁴, os datos son tamén moi positivos: a media global de valoración foi de 4.37 (similar á de cursos anteriores: 4.43 no curso 2021-22, 4.24 no 2020-21). As puntuación medias foron superiores a 3.9 en todos os ítems, amosando a satisfacción do profesorado co nivel de coñecemento previo e a participación e motivación do estudantado, así como cos recursos dispoñibles e a organización da docencia. Tamén foi moi elevado o nivel de satisfacción do profesorado coa titulación. A puntuación media foi de 4.42 (similar á de cursos pasados), con puntuacións superiores a 4 en todos os ítems, valorando, polo tanto, moi positivamente a organización, horarios e recursos dispoñibles, así como o rendemento e motivación do estudantado.

Por último, e a pesar de que non se trata en sentido estrito de profesorado do Máster, cabe mencionar que os/as titores/as profesionais da materia Prácticum valoraron moi positivamente a experiencia, a información que se lles proporciona dende o Máster e a participación do alumnado nos equipos de traballo, cunha puntuación global media de 4.36⁸⁵.

2.3.4. Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria

- ***Procesos de admisión e accións de captación de alumnado***

A Facultade realiza anualmente unha charla de presentación dos títulos de Máster oficiais do centro dentro das xornadas de orientación que se organizan para o estudantado de 4º curso do Grao en Psicoloxía. Na mesma, a coordinación do MUPXS presentou as súas principais características e os eidos profesionais ao que vai dirixido. Ademais, a propia USC participa anualmente en feiras e exposicións acerca da oferta docente, tanto a nivel autonómico coma nacional e internacional, para promocionar a súa oferta de estudos. O número de preinscricións no MUPXS continúa sendo elevada, con 595 solicitudes para o curso 2022-23 (aumentando con respecto ás 505 no 2021-22 e as 407 no 2020-21). Este

⁸² 4317022_INF.06_2022-2023.pdf

⁸³ 4317022_INF-P-MUPS_01_2022-2023.pdf

⁸⁴ 4317022_INF.14_2022-2023.pdf

⁸⁵ 4317022_P.Ind_2022-2023.pdf

dato reflíctese no incremento gradual ⁸⁶ cada curso académico, situándose nun 8.42 no curso 2022-23 (8.31 no 2021-22, 8.28 no 2020-21 e 8.18 no 2019-2020).

- ***Ratios de estudantes***

A ratio, no caso da docencia expositiva, foi axeitada tanto en materias optativas coma obrigatorias (de media, 11 e 35 alumnos matriculados, respectivamente)⁸⁷. Respecto á docencia interactiva, a ratio foi axeitada no caso das materias optativas e na única materia obrigatoria que ten asignados grupos de laboratorio. No caso do resto das obrigatorias, o número real de alumnos por grupo de docencia interactiva foi de 35 (o total dos matriculados). Na proposta de modificación substancial do título que se procederá a tramitar novamente no curso 2024-25, expónse a necesidade de que os grupos de interactivas pasen de ser grupos de seminario a grupos de laboratorio (máis reducidos), e así conseguir unha ratio axeitada.

- ***Complementos formativos e accións de orientación académica e/ou profesional***

No MUPXS non se contempla a necesidade de complementos formativos. En cada curso realízanse actividades complementarias ás académicas que se relacionan tanto con aspectos académicos coma profesionais⁸⁸. Na maior parte dos casos, estas actividades son levadas a cabo por profesionais do ámbito da Psicoloxía Xeral Sanitaria que tamén son títos profesionais nas prácticas externas. No curso 2022-23 leváronse a cabo tres actividades impartidas por profesionais do ámbito do Máster que traballan en centros que colaboran nas prácticas curriculares e unha actividade acerca das fontes de información documental e difusión de traballos de investigación científica impartida por persoal da Biblioteca Intercentros da USC.

De novo este curso, a CT considera especialmente relevante aproximar o eido profesional ao académico, polo que se propón continuar a realización de actividades complementarias de orientación e formación a cargo de profesionais, concretándose na seguinte AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Continuar a organizar actividades formativas con profesionais en exercicio nos distintos eidos de aplicación da Psicoloxía (OC-12).

Acción de Mellora (AM): AM_C-12.b. Continuar realizando actividades complementarias de orientación e formación académica e profesional invitando a profesionais en exercicio no Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

- ***Participación en programas de mobilidade***

Dado que a formación que se desenvolve neste Máster obedece ao cumprimento da lexislación vixente en relación ao exercicio da profesión de Psicoloxía en España (Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro), non contempla acordos ou convenios de colaboración con programas de formación, nin a posibilidade de intercambio de estudantes ou mobilidade. Cabe sinalar, tal e como se recolle nos indicadores⁸⁹, que o 28.38% dos matriculados no MUPXS son estudantes nacionais procedentes de fóra de Galicia e o 40.54% obtiveron o título de acceso ao Máster fóra da USC. Ademais, un 2.70% son estudantes estranxeiros.

⁸⁶ 4314481_P.Ind_2022-2023.pdf

⁸⁷ 4314481_P.Ind_2022-2023.pdf

⁸⁸ <https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias-saude/master-universitario-psicologia-xeral-sanitaria/web-propia/actividades-complementarias>

⁸⁹ 4314481_P.Ind_2022-2023.pdf

- ***Mecanismos de adaptación para persoas con necesidades específicas de apoio educativo***

Todos os docentes son informados convenientemente polo Servicio de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) ao inicio de cada semestre respecto a aqueles estudantes que requiren algún tipo de adaptación, levando a cabo os procedementos precisos en cada caso en función do informe recibido e as necesidades sinaladas.

- ***Resultados de aprendizaxe***

En relación coa análise dos resultados da aprendizaxe correspondentes ás materias impartidas no MUPXS, cómpre sinalar que tódalas materias acadaron una taxa de éxito do 100%, a excepción da materia Intervención psicolóxica na nenez e na adolescencia (cun 97.14%). En canto ás taxas de rendemento e avaliación, todas as materias obrigatorias acadaron un 97.14%, salvo Prácticum I (94.44%), Prácticum II (100%) e TFM (84.21%) e Intervención psicolóxica na nenez e na adolescencia (cunha taxa de avaliación do 100%). As taxas de rendemento e avaliación nas materias optativas oscilaron entre o 83.33% e o 100%. A táboa seguinte resume estes resultados, contabilizando as materias con alumnado matriculado (24 de 26 ofertadas):

Táboa 12. Taxas de rendemento, éxito e avaliación das materias do MUPXS no 2022-23.

	Taxa de rendemento ⁹⁰	Taxa de éxito ⁹¹	Taxa de avaliación ⁹²
Media	95.46%	99.85%	95.6%
Mínimo	83.33%	97.14%	83.33%
Nº de materias con taxas nos rangos indicados:			
<80%	0	0	0
≥80 - <90%	2	0	2
≥90 - <95%	4	0	4
≥95 - ≤100%	18	24	18

No caso do TFM⁹³, no curso 2022-23, defendéronse 32 traballos acadando unha puntuación media de 8.65, na liña dos cursos anteriores (8.5 no 2021-22). Respecto ás cualificacións das materias⁹⁴: no TFM, o 29% acadou unha cualificación de sobresaliente e o 50% de notable. Ademais, contactouse co estudantado que tiñan esta materia pendente (N = 2) para avaliar as dificultades que presentaban e ofrecerlles o apoio necesario. Respecto ao Prácticum I, o 2.8% obtivo a cualificación de matrícula de honra e o 83.33% de sobresaliente. No Prácticum II, o 3% obtivo a cualificación de matrícula de honra e o 93.94% de sobresaliente. Por último, en canto ao resto das materias do plan de estudos, a maioría das cualificacións sitúanse no notable e sobresaliente.

- ***Satisfacción do estudantado coa docencia***

A satisfacción xeral do alumnado coa docencia⁹⁵ foi moi elevada (4.61 sobre 5), sendo moi superior á do curso previo (4.03), e contando tamén cunha taxa de participación moi elevada (88.89%) en comparación co curso previo (12.12%). Este aumento na participación é resultado das accións de mellora implementadas durante o curso para

⁹⁰ 4314481_INF.18_2022-2023.pdf

⁹¹ 4314481_INF.17_2022-2023.pdf

⁹² 4314481_INF.19_2022-2023.pdf

⁹³ 4314481_E17_Listaxe_TFG-TFM_2022-2023.pdf

⁹⁴ 4314481_INF.15_2022-2023.pdf

⁹⁵ 4314481_INF.13_2022-2023.pdf

fomentar a implicación do estudantado nas enquisas de satisfacción, polo que a CT considerou necesario seguir a traballar neste sentido para manter os bos niveis de participación, como se detallou na Directriz 2. No caso das prácticas externas⁹⁶, esta tamén foi elevada (4.21), resultando lixeiramente superior á do curso 2021-22 (4.13), continuando o incremento con respecto aos anos anteriores.

Con respecto aos datos extraídos das enquisas propias, a puntuación media de satisfacción xeral coa titulación⁹⁷ na enquisa de valoración xeral que realiza o estudantado ao rematar o Máster foi de 4.12 (cunha taxa de participación do 65.8%). A puntuación media de satisfacción xeral coas materias cursadas foi de 4.57 e a valoración media dos docentes foi de 4.56 (cunha taxa de participación próxima ao 100%), sendo ambos valores superiores aos do curso 2021-22 (4.12 e 3.92, respectivamente). Respecto ao Prácticum I (taxa de participación: 30.5%) a puntuación en satisfacción xeral foi de 4.56 e no Prácticum II (taxa de participación: 60.61%) foi de 4.75⁹⁸, superior ao 4.3 do curso anterior. No caso do TFM⁹⁹ (N = 15) a satisfacción xeral foi de 3.9.

Para incrementar a satisfacción co TFM e seguir mantendo os bos niveis de satisfacción coas prácticas externas, sendo o Prácticum (I e II) materia especialmente relevante na titulación que ten un carácter habilitante para o exercicio da profesión da Psicoloxía Xeral Sanitaria, a CT considera necesario seguir a realizar actividades e elaborando materiais de apoio audiovisuais, que teñan por obxecto informar ao estudantado das características das prácticas externas e do TFM e os procedementos necesarios para a súa realización de maneira óptima, o que se concreta nas seguintes AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Avaliar e axustar a oferta formativa ás demandas académicas e profesionais da psicoloxía (OC-6).

Acción de Mellora (AM): AM_C-6.a. Incrementar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria ten acerca das características e actividade profesional dos dispositivos ofertados para a realización de prácticas externas.

Acción de Mellora (AM): AM_C-6.b. Continuar ofrecendo información ao alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria sobre o proceso e procedemento de realización de prácticas externas.

Acción de Mellora (AM): AM_C-6.c. Continuar ofrecendo información ao alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria sobre o proceso e procedemento de realización do Traballo Fin de Máster.

- *Satisfacción do profesorado coa docencia*

A satisfacción do profesorado¹⁰⁰ coa docencia impartida continuou incrementándose chegando ata o 4.77 (sobre 5), a pesar de atoparse xa en valores previos moi elevados (4.50 no curso 2021-22). No caso da satisfacción dos titores/as profesionais coas prácticas externas (taxa de participación: 35.09%), a satisfacción tamén continuou incrementándose, situándose nunha media de 4.45 (4 no curso 2021-22). Cabe destacar que o 83.33% deles estaría disposto a contratar ao estudante e o 100% volvería a ofertar praza de prácticas. En canto á satisfacción dos titores/as académicos coas prácticas externas, a puntuación media tamén foi elevada, situándose no 4.58.

⁹⁶ 4314481_INF.06_2022-2023.pdf

⁹⁷ 4314481_INF-P-MUPXS_05_2022-2023.pdf

⁹⁸ 4314481_INF-P-MUPXS_02_2022-2023.pdf

⁹⁹ 4314481_INF-P-MUPXS_03_2022-2023.pdf

¹⁰⁰ 4314481_P.Ind_2022-2023.pdf

Rematada a análise pormenorizada dos títulos no curso 2022-23, a CCC considera relevante subliñar que, ademais dos esforzos de revisión da aprendizaxe baseados en proporcionar as competencias e aprendizaxes propios da Psicoloxía nas distintas titulacións, o centro tamén se implica en proporcionar ao alumnado unha formación integral en competencias máis transversais de tipo ético, cívico e cultural. Para seguir favorecendo a aprendizaxe integral do noso estudiantado, propónse manter as seguintes AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Fomentar a participación do estudiantado en programas de formación extracurriculares e de voluntariado (OC-10).

Acción de Mellora (AM): AM_C-10.b. Fomentar a participación do estudiantado do centro en actividades extracurriculares culturais e físico-deportivas.

Así mesmo, a promoción das actividades organizadas dende a Comisión de Igualdade do centro supón un eixo transversal na formación integral da nosa comunidade universitaria, no que atinxe á consecución de obxectivos estratéxicos vinculados co Sistema de Garantía de Calidade, así como co III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC 2021-24. En relación con isto, a CCC considera necesario seguir mantendo a seguinte AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Fomentar o papel da Comisión de Igualdade da Facultade na programación académica e na organización de actividades extracurriculares (OC-22).

Acción de Mellora (AM): AM_C-22. Promover actividades extracurriculares no marco da axenda feminista da Comisión de Igualdade.

Por último, a CCC considera acaído seguir fomentando o acercamento da práctica profesional ao ámbito académico, favorecendo a organización de cursos formativos organizados por profesionais da psicoloxía en exercicio externos á facultade que solicitan a colaboración do centro, fortalecendo así as AM que desde as titulacións se concretan para manter relacións de colaboración con profesionais en exercicio a través da realización de actividades complementarias de orientación e formación académica e profesional que poidan dirixirse ao estudiantado. Isto concrétase nas seguintes AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Manter o contacto cos profesionais en exercicio para identificar necesidades e temáticas emerxentes na práctica profesional (OC-7).

Acción de Mellora (AM): AM_C-7. Colaborar coa cesión de espazos para a realización de cursos formativos organizados por profesionais da psicoloxía en exercicio.

En definitiva, e en cumprimento da AM_C-2 proposta para a súa aplicación neste curso, a CCC considera que o centro está comprometido dende o comezo da implantación do SGC coa perspectiva de aprendizaxe centrada no estudiantado. Neste senso, este aspecto constitúe unha das liñas estratéxicas do centro que consiste, precisamente, en fomentar o desenvolvemento dunha formación integral do estudiantado, recollendo unha boa parte das accións de mellora de cada plan anual proposto nas memorias de calidade do centro. Os mecanismos de revisión e coordinación do centro posibilitan que o estudiantado desempeñe un papel activo en todos os pasos do deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe. Os informes de resultados, con taxas de rendemento e éxito elevados en

	MEMORIA DE CALIDADE 2022-23
	Páxina 86 de 137

todas as titulacións e os resultados das enquisas de satisfacción avalan os esforzos realizados neste eido.

2.4 Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Na Facultade de Psicoloxía, a garantía e mellora dos procesos relacionados cos recursos humanos (persoal académico e persoal de apoio) réxese polo establecido no proceso de soporte *PS-01, Xestión dos recursos humanos*, do Manual de Procesos do SGC do centro. Neste ámbito, a Facultade non ten competencia plena e está sometida a procesos que corresponden a instancias superiores, e que se recollen no Manual de procesos institucionais da USC, particularmente o *PI-03, Xestión dos recursos humanos*.

Tal e como se sinala no SGC, á Facultade compéttelle avaliar a suficiencia e adecuación do persoal co que conta e as condicións en que desempeña o seu traballo. A este fin preséntanse, de seguido, os trazos principais da estrutura dos recursos humanos da Facultade de Psicoloxía correspondentes ao curso 2022-23.

2.4.1. Persoal académico

Tendo en consideración as necesidades dos programas de estudos previstas nas respectivas memorias de verificación das titulacións oficiais adscritas á Facultade de Psicoloxía, así como o número e distribución de estudantes que as cursan, o cadro de profesorado que imparte a docencia é suficiente e adecuado. A maioría do profesorado que imparte docencia nos programas formativos das titulacións da Facultade ten

vinculación permanente: 70% no GPs, 50% no MUPXer, 77.41% no MUPs e 88% no MUPXS. As seguintes táboas recollen as características deste profesorado en función da súa categoría, titulación e experiencia docente e investigadora¹⁰¹.

Táboa 13. Datos do profesorado do GPs por categoría.

GRAO EN PSICOLOXÍA				
PDI-Categoría	Nº prof.	%	Nº horas	% horas
Catedrático/a de Universidade	15	16.67	1335.5	16.14
Titular de Universidade	45	50.00	4449.75	53.77
Contratado Doutor	3	3.33	313.0	3.78
Axudante Doutor LOU	8	8.89	1009.5	12.2
Asociado de Universidade LOU	1	1.11	48	0.58
Contratado posdoutoral Xunta	3	3.33	215.5	2.6
Interino/substitución	2	2.22	181	2.19
Total profesorado	77	85.55	7552.25	91.26
Persoal Investigador en Formación(*)				
Contr. Predoutoral Ministerio	3	3.33	146	1.76
Contr. Predoutoral Xunta/USC	10	11.12	577.5	6.98
Total PIF	13	14.45	723.5	8.74

(*) Os datos sobre o persoal investigador en formación (PIF), contratado a través de programas de recursos humanos, preséntase de forma separada dado que colaboran na labor docente impartindo horas de docencia supervisada polo PDI coordinador das materias, sen ter responsabilidade docente plena.

Táboa 14. Datos do profesorado do MUPXer por categoría.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA				
Categoría	Nº prof	%	Horas	% horas
Catedrático/a de Universidade	2	10.0	28	8.33
Titular de Universidade	5	25.0	148	44.05
Contratado Doutor	3	15.0	63	18.75
Asociado de Universidade LOU	2	10.0	8	2.38
Axudante Doutor LOU	2	10.0	59	17.56
Profesor ad Honoren	1	5.0	10	2.96
Profesional área externa	5	25.0	20	5.95
Total	20	100	336	100

Táboa 15. Datos do profesorado do MUPs por categoría.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA				
Categoría	Nº prof	%	Horas	% horas
Catedrático/a de Universidade	6	19.35	113	17.63
Titular de Universidade	16	51.61	307	47.89
Contratado Doutor	2	6.45	21	3.28
Prof. Asociado	1	3.23	52.5	8.19
Profesor Emérito LOU	1	3.23	21	3.28
Axudante Doutor LOU	3	9.68	115.5	18.02
Profesor área externa	2	6.45	11	1.72
Total	31	100	641	100

¹⁰¹ Ver Códigotítulo_E15_2022-2023

Nota: A información das táboas pode non coincidir coa que figura nesos documentos debido a que aquí preséntase corrixida para diferenciar o profesorado con plena capacidade docente daquelas figuras que poden participar na docencia con finalidade formativa (persoal investigador en formación, PIF / contratados predoutorais).

Táboa 16. Datos do profesorado do MUPXS por categoría.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA				
Categoría	Nº prof	%	Horas	% horas
Catedrático/a de Universidade	5	20.00	141	22.78
Titular de Universidade	14	56.00	347	56.06
Contratado Doutor	3	12.00	52	8.4
Axudante Doutor LOU	2	8.0	61	9.85
Contratado posdoutoral Xunta	1	4.0	18	2.91
Total	25	100	619	100

Un indicador do nivel de cualificación do profesorado responsable dos programas formativos é a súa **experiencia docente e investigadora**¹⁰², evidenciada no recoñecemento de complementos por méritos docentes (quinquenios) e investigadores (sexenios) do profesorado permanente. Nas táboas seguintes detállanse estes indicadores para as titulacións incluídas nesta Memoria. A información organízase por áreas de coñecemento o que permite, ademais, visualizar a distribución do profesorado entre as áreas de coñecemento directamente vinculadas coas titulacións:

Táboa 17. Número de profesorado con quinquenios e sexenios no GPs por área de coñecemento.

GRAO EN PSICOLOXÍA			
Área	Nº profs	Experiencia docente	Experiencia investigadora
[620] Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	9	51	39
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	22	64	46
[725] Psicobioloxía	16	60	43
[730] Psicoloxía Básica	13	69	22
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	12	37	15
[740] Psicoloxía Social	11	31	12
[743] Psicol. Organiz., Xurídica Forense e Metodoloxía	7	21	14
Total PDI	90	333	191
Ratio por profesor/a		3.7	2.12

Táboa 18. Número de profesorado con quinquenios e sexenios no MUPXer por área de coñecemento.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA (USC)			
Área	Nº profs	Experiencia docente	Experiencia investigadora
[383] Filosofía Moral	1	6	4
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	1	4	4
[725] Psicobioloxía	3	16	11
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	4	8	6
[620] Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	1	3	0
[745] Psiquiatría	3	6	3
[805] Teoría e Historia da Educación	1	5	0
[P2171] Área externa á USC	6	n.d.	n.d.
Total	20	48	28
Ratio por profesor/a		2.4	1.4

¹⁰² Códigotítulo_E15_2022-2023

Táboa 19. Número de profesorado con quinquenios e sexenios no MUPs por área de coñecemento.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA			
Área	Nº profs	Experiencia docente	Experiencia investigadora
[345] Filoloxía Inglesa	1	6	4
[620] Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	4	23	17
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	3	12	10
[725] Psicobioloxía	1	3	3
[730] Psicoloxía Básica	9	45	19
[740] Psicoloxía Social	9	28	11
[805] Teoría e Historia da Educación	2	7	1
[P3411] Área externa á USC	2	n.d.	n.d.
Total	31	124	65
Ratio por profesor/a		4	2.09

Táboa 20. Número de profesorado con quinquenios e sexenios no MUPXS por área de coñecemento.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA			
Área	Nº profs	Experiencia docente	Experiencia investigadora
[620] Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	4	23	17
[650] Organización de Empresas	1	5	0
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	15	59	41
[725] Psicobioloxía	5	23	14
Total	25	110	72
Ratio por profesor/a		4.44	2.88

A seguinte táboa dá conta da porcentaxe de profesorado funcionario, profesorado doutor e profesorado con sexenios que imparte docencia en cada unha das titulacións da Facultade de Psicoloxía, en comparación coa media da USC¹⁰³:

Táboa 21. Comparación de indicadores das titulacións do centro coa media da USC.

% sobre o PDI total	Grao USC	GPs	Máster USC	MUPXer	MUPs	MUPXS
PDI con sexenio	85.20	90.32	90.34	80	88.24	90.91
PDI doutor	81.31	97.3	90.37	85.71	95	100
PDI funcionario	50.70	78.38	45.61	50	75	79.17

No caso do MUPXer, cómpre engadir unha táboa con datos correspondentes a cada unha das universidades implicadas no título:

Táboa 22. Comparación de indicadores nas universidades implicadas na docencia do MUPXer.

% sobre o PDI total	UB	USal	USC	UV
PDI con sexenio	67	75	80	84.60
PDI doutor	77.7	100.0	85.71	94.74
PDI funcionario	56	66.66	50	75

¹⁰³ Ver Códigotítulo_MedUSC_2022-2023. Indicar que neste caso non se dispón da información necesaria para excluír do cómputo ao PIF, polo que as porcentaxes que se presentan están infraestimadas en todos os casos, con respecto ás que representan sobre o profesorado con plena responsabilidade docente.

A experiencia investigadora do cadro de PDI pode ser valorada tamén a través dos datos incluídos no rexistro de investigadores da Vicerreitoría con competencias nesta materia. Na súa base de datos están rexistrados 12 grupos de investigación que aglutinan a máis de 70 profesores/as de todos os departamentos adscritos á Facultade de Psicoloxía e que imparten docencia nas súas titulacións.

Táboa 23. Grupos de investigación dos departamentos adscritos á Facultade de Psicoloxía.

Código	Nome	Nº PDI Psicoloxía
GI-1414	Avaliación e tratamento das adiccións, trastornos alimentarios, do estado de ánimo e psicoloxía da saúde Tratapsicológico	5
GI-1416	Unidade de investigación das condutas de risco e os trastornos no desenvolvemento UNDERISK	11
GI-1420	Problemas sociais: Análise, avaliación e intervención Problemas sociais	4
GI-1455	Grupo de investigación en Cognición Humana GRCH	2
GI-1456	Comportamento Social e Psicometría Aplicada COSOYPA	8
GI-1462	Imaxe Mental	1
GI-1806	Grupo de Investigación en Neurociencia Cognitiva e Afectiva NECeA	8
GI-1807	Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía NeuCogA-Aging	16
GI-1842	Procesos cognitivos e conduta Cogniciónneconducta	8
GI-1875	Aspectos evolutivos e intervención psicoeducativa AEIPSE	6
GI-1466	Psicoloxía do consumidor e usuario PsiCom	4
GI-2179	Grupo de Investigación en desenvolvemento e inclusión no ciclo vital INDEIN	2

En relación coa **suficiencia do cadro de profesorado segundo a media de alumnado matriculado**¹⁰⁴, no caso do GPs é, en promedio, adecuada. A dotación permite unha organización docente cunha media de 91.04 estudantes por grupo de docencia expositiva nas materias obrigatorias, moi aproximada ao previsto na MVT, de 80 estudantes por grupo; nas materias optativas a media é de 62.53 estudantes por grupo. No caso da docencia interactiva, a media de estudantes por grupo (21.01) é lixeiramente superior á do curso 2021-22 (20.68), e tamén está próxima aos 20 previstos na MVT. Non obstante, este dato medio non se axusta á realidade nalgunhas materias, nas que o número de estudantes se sitúa por riba dos 25 por grupo, debido a que, en certas áreas de coñecemento, aínda é insuficiente a dotación de profesorado. No caso das *ratios* dos másteres tamén se axustan ao establecido nas MVT, non superando os 20 estudantes por grupo de docencia, a excepción do MUPXS con grupos de docencia expositiva de 35 alumnos.

En canto á **tipoloxía de profesorado que imparte docencia nos diferentes niveis**, para o caso da titulación GPs, a seguinte táboa amosa a asignación de profesorado por curso¹⁰⁵. Dado que en 1º curso todas as materias son de formación básica e en 2º e 3º son todas obrigatorias, pódese apreciar como a distribución, por cursos e tipos de materias, é equilibrada en canto a categorías; así mesmo, a práctica totalidade do profesorado da titulación ten encargo na titorización do Prácticum e do TFG.

¹⁰⁴ Ver 5064_Informe_de_indicadores_2022_23 (IN55C; IN56C; IN32C)

¹⁰⁵ 2500462_E15_2022-2023

Táboa 24. Número de profesorado por categoría que imparte docencia no GPs.

	CU	TU	CDR	AXUDR	Outros (ASO, posdoutoral)
1º curso	3	18	-	1	5
2º curso	10	15	-	2	5
3º curso	2	12	2	6	5
4º curso	2	10	2	3	7

No caso dos másteres, a situación é similar, con profesorado de todas as categorías con responsabilidade tanto en materias obrigatorias como optativas, titorización de TFM e prácticas externas.

No relativo á **formación do profesorado e a mobilidade**, o PDI da Facultade de Psicoloxía participa de modo habitual no Programa de Formación e Innovación Docente (PFID), se ben as porcentaxes varían considerablemente de ano a ano. Na táboa seguinte preséntanse os datos dos tres últimos cursos¹⁰⁶:

Táboa 25. Porcentaxe de participación do PDI das titulacións no PFID.

Titulación	2020-21	2021-22	2022-23
GPs	60.44	31.52	19.15
MUPXer	66.67	27.78	35
MUPs	68.89	36.84	18.6
MUPXS	62.50	37.50	20

Cómpre sinalar que se incrementou, nos cursos 2020-21 e 2021-22, o interese pola participación en cursos de formación de profesorado, fundamentalmente pola necesidade do uso das novas tecnoloxías aplicadas á docencia, dadas as particularidades derivadas da situación provocada pola crise sanitaria, que nos forzou a modificar a metodoloxía docente e de avaliación para adaptala á modalidade telemática de modo súpeto e imprevisible. Unha vez adquiridas as ferramentas para a docencia telemática, e recuperada a normalidade docente, os niveis de participación do PDI nos cursos de formación (PFID) reduciron as súas taxas. Para intentar paliar esta baixada na participación, a Facultade de Psicoloxía considerou acaído propoñer ao PFID un curso para cubrir as necesidades de actualización e formación do PDI da USC en materia de saúde mental nas aulas, en parte derivadas das consecuencias que tivo sobre a mesma a situación sanitaria vivida (ver AM_C-17 no Informe de Execución da presente memoria). A solicitude do curso *Como xestionar situacións de risco psicolóxico do alumnado nas aulas* foi aprobado polo PFID a finais do curso 2022-23, para a súa implementación a principios do curso 2023-24. Neste sentido, a CCC propón seguir mantendo a AM vencellada a esta formación:

Obxectivo de Calidade (OC): Solicitar e organizar actividades para PDI que contribúan á actualización das competencias didácticas e pedagóxicas (OC-15).

Acción de Mellora (AM): AM_C-15. Fomentar a participación no curso aprobado para formar ao PDI na xestión e promoción da saúde mental do alumnado.

A mobilidade e as estadías de investigación, que son dúas das vías que o profesorado universitario utiliza para manterse actualizado e, que xa viñan sendo baixas debido, en

¹⁰⁶ 5064_I6-17_2022-2023

boa medida, ao axustado calendario académico, descenderon no curso 2020-21 como consecuencia da crise situación sanitaria mundial provocada pola COVID-19 e, a día de hoxe, aínda non se recuperaron¹⁰⁷.

En síntese, o persoal académico da Facultade de Psicoloxía é suficiente e adecuado para atender ás necesidades dos programas de estudos, e conta con posibilidades de formación continuada no ámbito docente. Cómpre sinalar ademais que o PDI da Facultade de Psicoloxía, que imparte docencia tanto no título de Grao como nos diferentes másteres oficiais do centro, presenta un alto grado de especialización e acreditada participación en actividades de formación e innovación educativa, así como en proxectos de investigación, como se pode deducir dos datos aquí recollidos. Non obstante, o cadro de PDI presenta unha elevada idade media e hai un número importante de xubilacións previstas nos próximos anos, polo que é preciso que os órganos de goberno da USC poñan en marcha un plan de dotación de prazas para paliar esta situación.

En canto á **satisfacción, queixas e suxestións do PDI**, o informe de satisfacción deste persoal coa docencia que imparte (único indicador dispoñible de satisfacción co traballo) é satisfactorio, con puntuacións superiores a 4 sobre 5 (4.30 no GPs, 4.35 no MUPXer, 4.37 no MUPs e 4.76 no MUPXS)¹⁰⁸. En canto á satisfacción do PDI que participou en actividades de formación do PFID, non se dispón de datos desagregados, pero a valoración media do conxunto do PDI da USC sobre a formación recibida nestes cursos tamén recibe unha valoración xeral de 4.59, superior a 4.4 en todos os ítems, cunha taxa de participación do 39.81%¹⁰⁹.

2.4.2. Persoal de apoio

A **dotación de Persoal Técnico de Xestión, Administración e Servizos (PTXAS)** na Facultade de Psicoloxía está configurada por un cadro bastante estable, con 23 persoas en tarefas de servizos e administración¹¹⁰, cuxa distribución se pode apreciar na táboa seguinte. É importante salientar que o persoal biblioteca presta servizos conxuntamente ás Facultades de Psicoloxía e de Ciencias da Educación no Campus Vida. Sinalar tamén que non se conta con persoal técnico de apoio directo á docencia.

Táboa 26. Número de PTXAS por categoría.

Área	Categoría / Grupo	Nº postos
Administración	Xestión	1
	Administración	6
Biblioteca	Axudante de Arquivos, Bibliotecas e Museos	6
	Auxiliar de Arquivos, Bibliotecas e Museos	6
Conserxería	Responsable Punto Atención Información Servizos	1
	Auxiliar Técnico de servizos	3
Total		23

Un ano máis cómpre destacar a boa disposición do PTXAS da Facultade. En particular, a especial implicación do persoal da Biblioteca do Centro en tarefas de apoio directo aos

¹⁰⁷ 5064_I10_2022-2023

¹⁰⁸ Ver IN47 en Códigotítulo_P.Ind_2022-2023

¹⁰⁹ 5064_INF.10_2022-2023

¹¹⁰ 5064_E16_2022-2023

programas formativos. Este persoal colabora coas actividades de formación do estudantado en competencias de busca e selección de información bibliográfica. Ademais, realiza anualmente a revisión da bibliografía recomendada nos programas das materias para asegurar a súa dispoñibilidade, e participa activamente na prestación dos servizos da Biblioteca a potenciais futuros estudantes no marco das xornadas de portas abertas.

Como ocorre no caso do PDI, a **formación do PTXAS** conta cun programa de formación estable e os datos indican unha notable participación do persoal da Facultade de Psicoloxía. Se ben, como ocorre co PDI, esta participación ten unha certa variabilidade ao longo dos anos e veuse determinada pola tipoloxía dos cursos ofertados, pero sobre todo pola crise sanitaria, que provocou un descenso na participación. Pese a todo, cómpre destacar un repunte na participación no curso académico obxecto de análise nesta memoria: 82.61% no curso 2022-23, con respecto ao 52.17% en 2021-22 e ao 34.62% en 2020-21. Igual que no caso do PDI, as enquisas de satisfacción sobre as actividades de formación non están desagregadas por centros; para o conxunto da universidade, cunha taxa de resposta do 37.89%, acadouse un 8.27 sobre 10¹¹¹ no curso 2022-23. Por último, no curso 2022-23 a **satisfacción do PTXAS co traballo desenvolvido**¹¹² foi satisfactoria obtendo unha puntuación de 3.85 sobre 5.

Vencellado a manter e mellorar, na medida do posible, a satisfacción do PDI e do PTXAS co desenvolvemento da súa labor docente, de xestión e administrativa, a CCC propón seguir mantendo a AM relacionada coa promoción e facilitación da conciliación laboral:

Obxectivo de Calidade (OC): Introducir fórmulas de flexibilización da xornada laboral para facilitar a conciliación (OC-16).

Acción de Mellora (AM): AM_C-16. Facilitar a conciliación da xornada laboral coa vida familiar e persoal.

Finalmente, tendo en conta que, antes de xaneiro do 2025, o centro debe someterse á renovación da acreditación institucional, é fundamental que se manteña o número de PDI co que contamos na actualidade para garantir a calidade da docencia polo que, de novo debemos remarcar a necesidade de que, desde o goberno da USC, se habilite un plan de dotación de prazas coas que se cubran as baixas por xubilación que se producirán proximamente, dada a elevada idade media do PDI (temos áreas de coñecemento nas que a idade media do PDI supera os 60 anos). Nesta mesma liña, cómpre sinalar que, das seis persoas de administración pertencentes ao PTXAS, está previsto que se xubilen tres no prazo dun ano, polo que tamén urxe que, desde o goberno da USC, se faga a previsión adecuada para a súa reposición, dada a súa necesaria contribución e apoio de cara ao proceso de acreditación institucional.

¹¹¹ 5064_INF.11_2022-2023

¹¹² 5064_INF.21_2022-23.pdf

2.5 Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico- técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado orientano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

2.5.1. Infraestruturas e recursos materiais

As infraestruturas e recursos dos que dispón a Facultade de Psicoloxía son adecuados e suficientes para cubrir as necesidades das titulacións que nela se organizan. Esa é a conclusión unánime referida polas CT a partires da información recadada nas reunións cos axentes implicados e polos resultados das enquisas oficiais de satisfacción coas titulacións, amosando en todos os grupos (profesorado¹¹³ e estudantado¹¹⁴). En todas as titulacións valórase por enriba da media a satisfacción coas aulas, equipamentos e infraestruturas e materiais por riba da media. Estas conclusións acerca da satisfacción

¹¹³ Códigotítulo_INF.23_2022-2023.pdf

¹¹⁴ Códigotítulo_INF.22_2022-2023.pdf

coas instalacións e cos recursos materiais son extensivas as universidades que participan no MUPXer.

Os [espazos físicos](#) dedicados á docencia son: 14 aulas de propósito xeral (10 de 98/100 postos, unha delas de 150, e 4 con 25/30 postos), 8 aulas-seminarios de propósito xeral de 20-25 postos, 10 aulas de prácticas específicas (laboratorios docentes) de 20-25 postos, unha sala de lectura e varios locais para titorías e traballo en grupo. A dotación (equipamento, conectividade) coa que contan estes espazos pódese consultar, a través da ligazón indicada máis arriba, na ficha específica de cada local. Ademais destes recursos, hai que ter en conta os documentais (biblioteca) e informáticos (campus virtual) que se comentan máis adiante. Os espazos de traballo dispoñibles para o persoal docente e investigador permiten, no momento actual, contar con despachos individuais para todo o PDI e diversos despachos compartidos para o persoal investigador en formación e para os profesores doutros departamentos que veñen a impartir docencia de forma puntual á nosa facultade. Así mesmo, no curso obxecto de avaliación desta memoria, habilitáronse casilleiros individuais e pechados para a distribución das comunicacións por correo ordinario ao profesorado que ten o seu despacho no módulo C2 (ver AM_C-19 no Informe de Execución presentado na Directriz 1), así como para os responsables das unidades asistenciais, completando desta forma as accións de mellora iniciadas no curso 2020-21 (instalación de casilleiros nos módulos A e B).

O proceso de xestión e mantemento destes recursos recóllese no proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos* do Manual de Procesos do SGC da facultade. Se se conta cunha dotación axeitada, o que se require é un correcto mantemento e unha renovación e substitución periódica de equipos que vaian quedando obsoletos, ao que se engade a detección de novas necesidades. Para isto planifícase anualmente o investimento en función dos recursos económicos dispoñibles. O PMA para 2022-23 (ver OC-20, 21 e 22 no Informe de Execución na Directriz 1) recollía varias accións neste eido, que foron executadas conforme ao previsto: procedeuse a renovar o mobiliario para optimizar a docencia interactiva na aula 8C; a manter unha dotación axeitada de equipamento para a docencia; a incrementar as conexións eléctricas nos espazos dedicados a docencia nas aulas 4, 8C e 9C; e a adquirir equipamento para dotar de sistemas de videoconferencia varios espazos dedicados a docencia.

Ademais destas intervencións, cómpre destacar que, ao abeiro do programa AUDALIX, xestionado pola Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación, renovouse parcialmente o equipamento informático dun laboratorio dedicado á realización de clases interactivas do Grao en Psicoloxía (cunha dotación de sete PC's completos AIO). No marco deste programa tamén se substituíron os equipos informáticos obsoletos do PDI e de docencia, tomando como criterio para a súa renovación aqueles que tiñan máis de dez anos de antigüidade (o alcance desta renovación foi de 16 PC's completos, unha CPU e un monitor).

Con respecto ao mantemento do equipamento nos espazos dedicados á docencia, a CCC propón as seguintes AM para o vindeiro curso:

Obxectivo de Calidade (OC): Renovar e manter os espazos físicos e o mobiliario, atendendo as necesidades actuais, e prevendo a adaptación ás novas necesidades (OC-17).

Acción de Mellora (AM): AM_C-17. Renovar e mellorar os espazos para PTXAS no centro.

Obxectivo de Calidade (OC): Revisar e renovar as instalacións e equipamento docente das aulas e espazos docentes para asegurar unha docencia de calidade (OC-18).

Acción de Mellora (AM): AM_C-18.a. Renovar mobiliario e manter unha dotación adecuada de equipamento para optimizar a docencia.

Acción de Mellora (AM): AM_C-18.b. Incrementar as conexións eléctricas nos espazos dedicados á docencia.

Por último, para optimizar o aproveitamento da permanencia do alumnado no centro e atender ás súas necesidades, no curso 2022-23 acondicionouse un espazo para uso do alumnado como sala de lactación (ver AM_C-23 no Informe de Execución na Directriz 1). Neste eido, a CCC considera necesario seguir a traballar na optimización dos espazos para o uso do estudantado, polo que se propón a seguinte AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Proporcionar ao estudantado espazos de traballo e infraestruturas que permitan optimizar o aproveitamento da súa permanencia na Facultade (OC-19).

Acción de Mellora (AM): AM_C-19. Mellorar o espazo Psicolabis para que o alumnado poida comer cando o necesite.

En canto á adecuación dos espazos e infraestruturas ao establecido polas normativas de **seguridade no traballo**, o [plan de autoprotección](#) da Facultade revísase periodicamente e mantense actualizado conforme á normativa de aplicación e ao que determina o [Servizo de prevención de riscos laborais](#). De acordo co máis recente deses informes, a Facultade non conta con ningún punto de risco elevado para a saúde laboral ou a seguridade das persoas.

Polo que atinxe ao compromiso do centro coa sostibilidade, o PMA para 2022-23 (ver OC-29 no Informe de Execución na Directriz 1) recollía varias accións que foron executadas conforme ao previsto: optimizouse o consumo enerxético do centro substituíndo as luces de diversas dependencias por LED, eliminouse o depósito en papel dos traballos fin de grao e leváronse a cabo diferentes iniciativas e actividades implicando a profesorado e estudantado co fin de promover o comportamento sostible. Por outra banda, con respecto á instalación das fontes de auga filtrada, esta AM non puido ser executada no tempo previsto, polo que se mantén a proposta de instalación para o vindeiro curso. Neste eido, e co compromiso coa sostibilidade do medio ambiente, a CCC aposta polo adecuado tratamento e xestión dos recursos e residuos no centro, proponendo a continuidade das seguintes AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Fomentar o compromiso coa política de sostibilidade, tratamento e xestión adecuada de residuos, e co uso racional dos recursos (OC-23).

Acción de Mellora (AM): AM_C-23.a. Dotar o centro de fontes de auga filtrada.

Acción de Mellora (AM): AM_C-23.b. Optimizar o consumo enerxético do centro.

Acción de Mellora (AM): AM_C-23.c. Reducir o consumo de papel nos procedementos de xestión e actividades académicas.

Acción de Mellora (AM): AM_C-23.d. Levar a cabo iniciativas e actividades extracurriculares que promovan o comportamento sostible en alumnado e profesorado.

2.5.2. Servizos

En canto aos **servizos**, de entre todos os servizos xerais da USC, os máis directamente vinculados co desenvolvemento dos programas formativos son, sen dúbida, o **Campus Virtual e a Biblioteca**.

Desde o [Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe](#) da USC dáse cobertura ao deseño, apoio e mantemento do *Campus Virtual*, baseado na plataforma Moodle. Sen lugar a dúbida, as ferramentas dispoñibles no Campus Virtual seguen xogando un papel relevante no proceso de ensinanza/aprendizaxe, dando soporte á docencia telemática e guiando os procesos de aprendizaxe autónomo por parte do estudantado. A través da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, en concreto mediante a pregunta “O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?”, no curso 2022-23 a valoración do estudantado mostrou puntuacións por riba da media, coa excepción da puntuación obtida no Máster Universitario en Psicoloxía (GPs: 4.21 puntos sobre 5; MUPXer: 4.33; MUPs: 1; e MUPXS: 3). O profesorado, a través da enquisa de satisfacción coa titulación, valórao con medias superiores a 4.5 (GPs: 4.59; MUPXer: 4.67; MUPs: 4.63; MUPXS: 4.90).

Por outra banda, a **Biblioteca Universitaria**, na sección da Facultade ([Biblioteca Intercentros de Psicoloxía e CC. da Educación](#)) conta cun amplo fondo documental en acceso directo e dispoñibilidade de bases de datos e publicacións electrónicas¹¹⁵ que resulta axeitado e suficiente para atender aos programas formativos, toda vez que o persoal da Biblioteca se ocupa cada ano, antes de comezar o curso, de verificar, e no seu caso completar, a dispoñibilidade de exemplares de toda a bibliografía básica contida nos programas das materias de todas as titulacións do Centro. A consecuencia da crise sanitaria, o centro fixo un importante esforzo para que a maior parte destes recursos electrónicos fosen accesibles de forma virtual mediante servizos de autenticación de usuarios. A pesar de que se segue a empregar o servizo de préstamo e de uso na sala, esta nova forma de acceso continúa a ser empregada polos usuarios e supón un apoio importante tanto para a docencia como para a investigación.

A satisfacción do estudantado co servizo de biblioteca pódese valorar a través da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, en concreto mediante a pregunta “Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?”. Neste ítem a puntuación media obtida subiu lixeiramente no Grao, pero sufriu unha pequena baixada nos másteres (GPs: 3.69; MUPXer: 3.67; MUPs: 3; MUPXS: 2.5), debendo ser cautos na interpretación destes resultados debido á baixa participación nestas enquisa. En canto ao profesorado, logrouse unha maior participación na enquisa de satisfacción coa titulación, obtendo un alto grao de satisfacción xeral cos servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo, que se deducen da pregunta ¿Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?), o que reflicte, en boa medida, a adecuación dos mesmos para o desenvolvemento das materias (GPs: 4.38; MUPXer: 4.44; MUPs: 4.44; MUPXS: 4.70).

Outros servizos importantes dirixidos ao estudantado son os de orientación e acollida e os de xestión académica. No caso dos **servizos de orientación e acollida**, ademais das actividades que se realizan no marco de cada titulación (tal como se recolleu nas reflexións

¹¹⁵ 5064_Informe_fondos_bibliográficos_recursos_documentais_2022-2023.pdf

na Directriz 3), a USC conta con diversos *servizos xerais* para estas funcións. Entre eles destaca para o estudiantado o [programa 'A Ponte'](#) e o [Servizo de participación e integración universitaria \(SEPIU\)](#), que identifica as demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo (aos que se fixo tamén referencia no apartado 2.3.1); a [Área de orientación laboral e emprego](#), dirixida a orientar ao estudiantado para a incorporación ao mercado laboral, no tramo final de estudos; e o [Servizo de axudas e servizos ao alumnado](#), responsable da tramitación de bolsas de estudos, do servizo universitario de residencias e doutros servizos de apoio. A [Oficina de información universitaria \(OIU\)](#) orienta aos estudantes sobre toda esta información e diríxeos aos servizos correspondentes en función das necesidades que presenten.

Para atender ás **xestións académicas** do estudiantado, a USC conta cun servizo centralizado para todos os procedementos administrativos derivados do estudo na USC, o denominado [Servizo de xestión académica](#). As súas unidades son as que se encargan da tramitación, e tamén da información, en materia de matriculación, recoñecementos e validacións, consulta e certificación de expedientes, expedición de títulos, etc. O servizo está dispoñible por vía telemática a través da Secretaría Virtual do Alumno, o que permite realizar calquera trámite as 24 horas do día desde calquera lugar. Este servizo de xestión académica complementase, a nivel do ámbito específico da Facultade coa **Unidade de Apoio a Xestión de Centros e Departamentos**. Esta unidade atende a determinados aspectos da xestión académica (tramitación de acordos de intercambio, informes de recoñecemento e validación parcial de estudos, creación de actas individualizadas de TFG/TFM e outras), e supón un punto de atención e contacto máis próximo ao estudiantado.

Entre os servizos que a USC dispón para garantir o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do estudiantado cabe destacar o [Servizo de Atención Psicolóxica ao Estudiantado](#). Este servizo, demandado durante anos pola Facultade de Psicoloxía e agora coordinado por unha PDI do noso centro, creouse en maio de 2021 para dar resposta ás consecuencias psicolóxicas derivadas da pandemia e a súa repercusión no ámbito académico. Máis aló das consecuencias da COVID-19 na saúde mental, este servizo erixiuse coma un recurso fundamental para apoiar de xeito continuado o proceso de aprendizaxe e a procura do benestar psicolóxico do estudiantado. Tanto é así que, durante o curso 2022-23, recibiu 291 solicitudes de atención e desenvolvéronse 853 sesións de atención psicolóxica.

Tamén é relevante sinalar, nesta parte dos servizos xerais, a dispoñibilidade da **administración electrónica da USC**, que facilita a relación administrativa coa institución por vía exclusivamente telemática ao persoal, estudiantado e calquera outro grupo de interese (taboleiro-e, ferramenta de sinatura-e, rexistro-e, servizo de notificacións e consulta de expedientes administrativos-e, etc.).

Para rematar coa análise dos datos do curso 2022-23, cómpre facer referencia ás **instalacións nas que se realizan prácticas externas**, que se consideran, a efectos dos procesos de calidade, como parte dos recursos materiais e servizos. En 2022-23, a Facultade de Psicoloxía conseguiu 29 novos convenios de prácticas, sumando un total de 275 convenios activos asinados con dispositivos externos. A través destes convenios, a Facultade proporciona un número de prazas suficientes para garantir a supervisión profesional individualizada de cada estudante nunhas condicións axeitadas e cunha certa

	MEMORIA DE CALIDADE 2022-23
	Páxina 100 de 137

capacidade de elección de dispositivos^{116, 117}. En conxunto, ofrécense anualmente en torno a 240 prazas de Prácticum para o alumnado de Grao e 80 prazas para o alumnado dos másteres, que abranguen todas as áreas de intervención e exercicio profesional da Psicoloxía.

Novamente, dando conta da AM_C-2 proposta nesta Memoria de Calidade, a CCC considera que os recursos materiais e servizos supoñen un eixe imprescindible para asistir ás necesidades de docencia, xestión académica e labor profesional e científico-técnica no noso centro. Os retos futuros neste eido pasan por seguir actualizando estes espazos e equipamentos docentes e de investigación, para dar resposta ás novas necesidades e ao axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do estudiantado. Así mesmo, seguiremos a facer esforzos por dotar ao alumnado, PDI e PTXAS dos equipos informáticos necesarios e dos espazos de traballo acondicionados para un bo desempeño das súas funcións.

¹¹⁶ Códigotítulo_E20_centros_pract_2022-2023.pdf

¹¹⁷ Códigotítulo_I11_asign_pract_2022-2023.pdf

2.6 Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información.
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

O proceso de soporte *PS-06, Información pública*, do SGC institucional establece como se realiza a xestión da información pública das facultades, co obxectivo de garantir que toda a información relevante das titulacións que se imparten nos centros se faga pública, se revise periodicamente e se actualice co fin de manter informados aos grupos de interese. A canle principal para facer pública esta información é a web institucional, que se organiza en varios niveis axustados ás necesidades dos diferentes grupos de interese. Nela está dispoñible toda a información que se relaciona na [Táboa de Información](#) mínima a publicar, anexa ao manual institucional do SGC da USC que se revisa e, de ser o caso, se actualiza anualmente. A información xeral sobre a Facultade de Psicoloxía, dirixida aos diversos grupos de interese (esencialmente futuros estudantes, pero tamén calquera persoa interesada na oferta de estudos da Universidade) está accesible desde a páxina principal da Universidade. Ademais, e en cumprimento do [Regulamento de Transformación dixital da USC](#), o centro está substituíndo a publicación de información en taboleiros físicos por medios electrónicos a través do Taboleiro de anuncios oficial da Sede Electrónica da USC (ver AM_C-25.c no Informe de Execución desta memoria).

Na súa revisión da información pública para a elaboración desta memoria, e analizando boas prácticas levadas a cabo noutros centros da USC e doutras universidades, a CCC considera apropiado seguir traballando na labor de transparencia e difusión pública da información da oferta formativa da nosa Facultade, así como da información relevante para os grupos de interese sobre actividades e outros resultados de interese social. Isto comporta, entre outras accións, manter actualizada a web pública e a intranet do centro:

Obxectivo de Calidade (OC): Manter a información actualizada nas páxinas web do centro (OC-21).

Acción de Mellora (AM): AM_C-21. Actualizar e publicar a información relevante en materia de calidade, procedementos de organización e xestión académica, así como actividades e avisos relevantes para os grupos de interese.

A nivel da Facultade, na intranet mantense o contido informativo enfocado aos grupos de interese internos á universidade (estudantes, PDI e PTXAS), que son os que acoden prioritariamente ao sitio web do Centro. Neste nivel preténdese atender ás necesidades de información no día a día ao longo do curso académico. O espazo web da intranet serve de repositorio para aglutinar toda a información relevante para o desenvolvemento dos estudos e o funcionamento da facultade: composición das comisións, calendario académico, horarios, plan de acción tutorial, guías académicas específicas para Prácticum

e TFG, ou información sobre programas de mobilidade, entre outros aspectos. A información sobre o calendario académico, horarios e guías docentes específicas actualízase na intranet antes do inicio do período de matrícula de cada curso (no mes de xullo), para que o estudantado conte coa información académica necesaria para tomar as súas decisións sobre a matrícula; o resto da información sobre convocatorias, actividades e eventos de interese académico vaise actualizando, cando corresponda, ao longo do curso académico.

A satisfacción do estudantado coa información pública pódese valorar a través da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, en concreto mediante a pregunta “Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?”, con puntuacións iguais ou superiores a 3 sobre 5 en todas as titulacións do centro (GPs: 3.75; MUPXer: 4; MUPs: 3; MUPXS: 3.5).

Para seguir mellorando a información que o estudantado ten sobre a oferta formativa e, especialmente, sobre o sistema de avaliación das materias, a CT do GPs considera necesario seguir a implementar a acción de mellora comezada o curso anterior (ver AM_C-24.d. no Informe de Execución presentado anteriormente) respecto á necesidade de incluír nos programas das materias información relativa aos criterios de avaliación aplicables á dispensa de asistencia, de ser o caso. Isto concrétase na seguinte AM:

Obxectivo de Calidade (OC): Difusión de cara ao exterior, de forma axeitada e eficaz, da oferta formativa (OC-20).

Acción de Mellora (AM): AM_C-20.c. Mellorar a transparencia da información incluída nas programacións relativa ao sistema de avaliación das materias do Grao en Psicoloxía.

Por último, a información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade (política de calidade, Plan Estratéxico, manuais do sistema, memorias de calidade, plan de melloras) está publicada na web da Facultade, no sitio ‘[Calidade-Documentación do SGC](#)’, e, complementariamente, para as cuestións que son xerais da Universidade (plan estratéxico da universidade, procesos institucionais, plan de auditorías, planificación anual das enquisas), na [web da ACMP](#) da USC. En canto á información relativa aos acordos da CCC, e tamén das CT, esta publícase na web da Facultade, no sitio ‘[Calidade – órganos do SGC](#)’, nas ligazóns correspondentes a cada unha destas comisións.

Os cambios continuos que se están producindo na sociedade na contorna dixital derivan na necesidade de ter un especial coidado na difusión efectiva de información obxectiva e accesible. Isto implica publicar e transmitir a información aos grupos de interese relacionada cos procedementos de xestión académica e os procesos de organización e desenvolvemento das ensinanzas, así como coa calidade, seguimento e acreditación das súas titulacións.

	MEMORIA DE CALIDADE 2022-23
	Páxina 103 de 137

3. Plan de Melloras do centro, 2023-2024

3.1. Obxectivos de calidade e accións de mellora relacionadas

No PMA que se detalla a continuación defínense 23 obxectivos de calidade e 41 accións de mellora relacionadas con eles:

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-1. Revisar e actualizar a documentación do SGC do centro en base ao SGC da USC.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Elaborar o plan estratéxico da Facultade para a vindeira década (1.1). Manter actualizado o SGC da Facultade, promovendo o mantemento da acreditación institucional do centro (1.2)		
Procesos chave relacionados	PS-03. Xestión documental		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-1.a. Actualizar a documentación do SGC do centro: Política de calidade, Manual de procesos e Manual do SGC		
Indicador/es de medición	Aprobación dos manuais de centro	Meta a conseguir:	Actualizar a Política de calidade, o Manual de procesos e o Manual do SGC
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-1.b. Elaborar o Plan Estratéxico 2024-26 do centro aliñado co Plan Estratéxico da USC		
Indicador/es de medición	Aprobación do PE	Meta a conseguir:	Actualizar o Plan Estratéxico do centro

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-1.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	A documentación relativa ao SGC do centro debe ser actualizada en liña coas novas directrices de política e obxectivos de calidade da USC.
Definición/ descrición proposta	Actualizar a documentación do SGC do centro: a Política de calidade, o Manual de procesos e o Manual do SGC. Segundo as recomendacións da Comisión Avaliadora da ACSUG, levaranse a cabo concretamente as seguintes actualizacións no Manual de Procesos: -Modificación do fluxograma do PE-01 incluíndo saída a PE-02. -Definición de indicadores en cada proceso. -Definición de metas en cada proceso. -Sistematización da análise de resultados O Manual do SGC e a Política de Calidade serán actualizados correspondentemente.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Responsable de Calidade do Centro

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-1.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	O Plan Estratéxico 2021-22 do centro debe ser actualizado. Segundo as recomendacións da Comisión Avaliadora da ACSUG e aliñándose co PE institucional, a CCC elaborará un novo PE de centro.
Definición/ descrición proposta	Elaborar o Plan Estratéxico 2024-26 do centro, atendendo especialmente a:

MEMORIA DE CALIDADE 2022-23	
Páxina 104 de 137	

	-Aliñamento co Plan Estratéxico da USC; -Revisión da relación entre obxectivos estratéxicos, obxectivos de calidade e accións de mellora; -Definición de códigos de mellora inequívocos e estables; -Inclusión de responsables, temporalización, indicadores e metas, para garantir o correcto seguimento do SGC.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Responsable de Calidade do Centro

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-2. Manter a acreditación institucional do centro.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Manter actualizado o SGC da Facultade, promovendo o mantemento da acreditación institucional do centro (1.2)		
Procesos chave relacionados	PE-02. Revisión e mellora		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-2. Revisar e axustar, se procede, a implantación das titulacións da facultade para garantir a renovación da acreditación institucional.		
Indicador/es de medición	Actas de CCC e CT	Meta a conseguir:	Revisar e recompilar a documentación precisa para o proceso de acreditación

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-2
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Antes de xaneiro de 2025 será necesario proceder co proceso de renovación da acreditación institucional do centro, polo que procede seguir a traballar no seu mantemento.
Definición/ descrición proposta	Revisar e recompilar a documentación precisa para o proceso de renovación da acreditación institucional a través da auditoría externa da ACSUG.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Responsable de Calidade do Centro

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-3. Sistematizar a coordinación dos grupos de interese na política de calidade do centro.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Implicar na política de calidade a todos os sectores da Facultade (1.3)		
Procesos chave relacionados	PE-02. Revisión e mellora		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-3. Elaborar e implementar un formato de seguimento da acción titorial das prácticas externas e TFM común ás catro universidades implicadas no Máster Interuniversitario de Psicoxerontoloxía.		
Indicador/es de medición	Aprobación do formato de seguimento	Meta a conseguir:	Mellorar a coordinación das distintas universidades implicadas no MUPXer

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-3
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Análise causa	A Comisión Interuniversitaria identificou a necesidade de homoxeneizar a avaliación e seguimento das actividades de titorización das prácticas externas e do TFM, tanto en liña como presenciais, de forma unificada entre as catro universidades que imparten o MUPXer.
Definición/ descripción proposta	Elaborar e aprobar o modelo de seguimento do plan de acción titorial cun formato unificado para as catro universidades do MUPXer.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinador do MUPXer

OBXECTIVO DE CALIDADE**OC-4. Mellorar a información dispoñible relativa á satisfacción dos grupos de interese.**

Obxectivo estratéxico relacionado	Implicar na política de calidade a todos os sectores da Facultade (1.3).		
Procesos chave relacionados	PE-02. Revisión e mellora		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-4. Aplicar a enquisa unificada para titores profesionais de prácticas externas nas catro universidades implicadas no Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía.		
Indicador/es de medición	% de participación	Meta a conseguir:	Obter, a lo menos, un 20% de participación dos titores nas enquisas do MUPXer

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-4		
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23		
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade		
Análise causa	A Comisión Interuniversitaria do Máster identificou como unha necesidade a aplicación unificada de enquisas para Titores Profesionais de Prácticas Externas nas catro universidades do MUPXer, polo que desenvolveu a enquisa durante o curso 2022-23.		
Definición/ descripción proposta	Aplicación da enquisa para a recollida de datos de satisfacción dos titores de prácticas durante (e a partir de) o curso 2023-24 nas catro universidades do MUPXer.		
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023		
Responsables	Coordinador do MUPXer		

OBXECTIVO DE CALIDADE**OC-5. Supervisar anualmente o cumprimento e propor modificacións das memorias de verificación dos títulos.**

Obxectivo estratéxico relacionado	Actualizar e adaptar os programas formativos para dar resposta ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico (2.1)		
Procesos chave relacionados	PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-5.a. Presentar proposta de modificación substancial da memoria do título de Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.		
Indicador/es de medición	Aprobación da modificación substancial da MVT do título	Meta a conseguir:	Adaptar o programa formativo do título do MUPXS ás novas necesidades normativas e formativas
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-5.b. Presentar a proposta de modificacións non substanciais das memorias das titulacións do centro para adscribirse aos novos ámbitos de coñecemento.		

Indicador/es de medición	Aprobación das modificacións non substanciais das MVT dos títulos	Meta a conseguir:	Adaptar as memorias de verificación dos títulos ás novas necesidades normativas
--------------------------	---	-------------------	---

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-5.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	A acción de mellora proposta na memoria anterior relativa á modificación substancial da MVT do MUPXS non puido ser executada como se esperaba (ver Informe de Execución, AM_C-5), polo que resulta necesario prorrogar a acción de mellora nos mesmos termos.
Definición/ descrición proposta	Elaborar e tramitar a proposta de modificación substancial da memoria do título de Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria para a súa aprobación.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinadora do MUPXS

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-5.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	En disposición do R.D. 822/2021, todas as titulacións deben levar a cabo modificacións non substanciais para adecuar as súas MVT aos novos ámbitos de coñecemento presentados no Anexo I do R.D. 822/2021.
Definición/ descrición proposta	Elaborar e tramitar as propostas de modificacións non substanciais das memorias de verificación dos títulos do centro para adscribirse aos ámbitos de coñecemento do Anexo I do R.D. 822/2021.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Responsable de Calidade do Centro

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-6. Avaliar e axustar a oferta formativa ás demandas académicas e profesionais da psicoloxía.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Actualizar e adaptar os programas formativos para dar resposta ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico (2.1)		
Procesos chave relacionados	PC-03. Apoio a estudantes		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-6.a. Incrementar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria ten acerca das características e actividade profesional dos dispositivos ofertados para a realización de prácticas externas.		
Indicador/es de medición	Número de dispositivos con materiais elaborados	Meta a conseguir:	Elaborar materiais informativos de 2 novos dispositivos de prácticas no MUPXS
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-6.b. Continuar ofrecendo información ao alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria sobre o proceso e procedemento de realización de prácticas externas.		
Indicador/es de medición	Número de actividades informativas realizadas	Meta a conseguir:	Realizar, a lo menos, 1 actividade informativa sobre as prácticas no MUPXS

Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-6.c. Continuar ofrecendo información ao alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria sobre o proceso e procedemento de realización do Traballo Fin de Máster.		
Indicador/es de medición	Número de actividades informativas realizadas	Meta a conseguir:	Realizar, a lo menos, 1 actividade informativa sobre TFM no MUPXS
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-6.d. Incrementar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía ten acerca das características e actividade profesional dos dispositivos ofertados para a realización de prácticas externas.		
Indicador/es de medición	Número de dispositivos con materiais elaborados	Meta a conseguir:	Elaborar materiais informativos de 1 novo dispositivo de prácticas no MUPXS

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-6.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Para manter os bos valores de satisfacción coas prácticas externas e, de ser posible, incrementalos, o Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria continuará a aportar material audiovisual informativo dos dispositivos de prácticas co fin de axustar a selección de dispositivo aos intereses do alumnado.
Definición/ descrición proposta	Elaboración de material audiovisual acerca das características e actividade profesional dos dispositivos ofertados para mellorar o coñecemento dos estudantes acerca dos dispositivos de prácticas externas.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinadora do MUPXS

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-6.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Para manter os bos valores de satisfacción coas prácticas externas e, de ser posible, incrementalos, o Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria continuará a realizar unha charla informativa sobre o proceso e procedemento de realización de prácticas externas (tipos de dispositivos, criterios de avaliación, elaboración da memoria...).
Definición/ descrición proposta	Realización de actividades informativas para mellorar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria ten sobre o proceso e procedemento de realización de prácticas externas.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinadora do MUPXS

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-6.c
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Para manter os bos valores de satisfacción co Traballo Fin de Máster e, de ser posible, incrementalos, o Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria continuará a realizar unha charla informativa sobre o proceso e

	procedemento de realización do TFM (modalidade de TFM, requisitos, recursos dispoñibles...).
Definición/ descrición proposta	Realización de actividades informativas para mellorar a información que o alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria ten sobre o proceso e procedemento de realización do Traballo Fin de Máster.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinadora do MUPXS

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-6.d
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Durante o curso 2022-23 púxose en marcha unha iniciativa consistente na creación dun repositorio dixital conformado por charlas gravadas polos titores e titoras dos centros cos que existen convenios para a realización do Prácticum da Especialidade en Psicoloxía da Intervención social e Comunitaria. A CT do MUPs considera necesario continuar nos vindeiros cursos con esta iniciativa.
Definición/ descrición proposta	Elaboración de materiais audiovisuais para dar a coñecer ao alumnado os centros de prácticas e, máis concretamente, as actividades que neles realizan os profesionais da psicoloxía.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinadora do MUPs

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-7. Manter o contacto cos profesionais en exercicio para identificar necesidades e temáticas emerxentes na práctica profesional			
Obxectivo estratéxico relacionado	Actualizar e adaptar os programas formativos para dar resposta ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico (2.1)		
Procesos chave relacionados	PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-7. Colaborar coa cesión de espazos para a realización de cursos formativos organizados por profesionais da psicoloxía en exercicio.		
Indicador/es de medición	Número de ocasións nas que se cederon espazos	Meta a conseguir:	Ceder espazos, a lo menos, en 2 ocasións durante o curso para mellorar a colaboración con profesionais en exercicio

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-7
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Séguese considerando necesario traballar no establecemento de pontes entre o centro e os profesionais externos, polo que se debe fomentar o contacto e as relacións de colaboración cos profesionais en exercicio.
Definición/ descrición proposta	Colaborar coa cesión de espazos para a realización de cursos formativos organizados por profesionais da psicoloxía en exercicio.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Responsable de Calidade do Centro

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-8. Promover o contacto con egresados para avaliar os índices de empregabilidade e axustar a formación recibida ás demandas do exercicio profesional.

Obxectivo estratéxico relacionado	Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade (2.2)		
Procesos chave relacionados	PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-8.a. Continuar o proceso de sistematización da xestión e envío da autorización de contacto cos egresados do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.		
Indicador/es de medición	% de participación nas enquisas	Meta a conseguir:	Aumentar nun 10% a participación dos egresados nas enquisas do MUPXS
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-8.b. Aplicar a enquisa unificada para alumnado egresado nas catro universidades implicadas no Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía.		
Indicador/es de medición	% de participación nas enquisas	Indicador/es de medición	Obter, a lo menos, un 20% de participación dos egresados nas enquisas do MUPXer

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-8.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	Detectáronse dificultades para manter o contacto cos estudantes do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria unha vez xa egresados, polo que resulta preciso contar coa súa autorización para recibir comunicacións dende o máster (enquisas de grao de inserción, ofertas laborais...) antes de que rematen os estudos.
Definición/ descrición proposta	Sistematizar a xestión e envío da autorización de contacto co alumnado do último curso do MUPXS para manter o contacto como egresados e facilitarlles enquisas de empregabilidade e ofertas laborais.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinadora do MUPXS

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-8.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	Detectouse a ausencia de datos institucionais sobre inserción laboral do alumnado egresado do Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía, polo que a Comisión Interuniversitaria identificou a necesidade de elaborar unha enquisa propia (desenvolta durante o curso 2022-23) para obter estes datos de xeito unificado nas catro universidades do MUPXer e reforzar os vínculos co alumnado egresado.
Definición/ descrición proposta	Aplicación da enquisa para a recollida de datos de satisfacción dos egresados coa formación e o seu impacto no acceso ao mercado laboral a partir do curso 2023-24 nas catro universidades do MUPXer.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinador del MUPXer

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-9. Procurar novos convenios con centros e dispositivos de realización de prácticas para promover a empregabilidade do estudiantado.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade (2.2) Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais (3.2)		
Procesos chave relacionados	PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-9. Procura de novos convenios para a realización do Prácticum nas distintas titulacións do centro.		
Indicador/es de medición	Número de novos convenios asinados	Meta a conseguir:	Ampliar, a lo menos, 10 convenios con centros para realización de Prácticum

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-9
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	A formación práctica recibida no marco do Prácticum do Grao e dos Másteres do centro debe ampliarse mantendo a representación das distintas áreas profesionais da psicoloxía para favorecer a formación do estudiantado e promover a adquisición de habilidades profesionais que faciliten a súa empregabilidade no futuro.
Definición/ descrición proposta	Procura de novos convenios para a realización do Prácticum nas distintas titulacións do centro.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Responsable de Calidade do Centro

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-10 ¹¹⁸ . Fomentar a participación do estudiantado en programas de formación extracurriculares e de voluntariado.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Potenciar as competencias éticas e cívico-sociais na formación curricular (3.1)		
Procesos chave relacionados	PC-03. Apoio a estudantes		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-10.a. Fomentar a participación do estudiantado do Grao en Psicoloxía no programa de titores A Ponte.		
Indicador/es de medición	Número de estudantes titores	Meta a conseguir:	Incorporar novo alumnado no programa A Ponte do GPs
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-10.b. Fomentar a participación do estudiantado do centro en actividades extracurriculares culturais e físico-deportivas.		
Indicador/es de medición	Número de actividades realizadas	Meta a conseguir:	Organizar 2 actividades para mellorar a implicación do alumnado en actividades culturais

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-10.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

¹¹⁸ Para facilitar o seguimento do SGC, o OC-10 do actual PMA correspóndese co OC-11 do PMA 2022-23.

Análise causa	A participación do estudantado de Grao no programa A Ponte debe seguir manténdose, e mesmo mellorarse, a través da difusión de información e iniciativas de captación.
Definición/ descrición proposta	Fomentar a participación do estudantado do Grao en Psicoloxía como titores no Programa A Ponte.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinadora do GPs

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-10.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Séguese detectando a necesidade de fomentar entre o alumnado a participación e colaboración na organización de actividades culturais e físico-deportivas para promover a vinculación coa institución e o desenvolvemento de valores éticos e sociais.
Definición/ descrición proposta	Fomentar a participación do estudantado do centro en actividades culturais.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Responsable de Calidade do Centro

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-11¹¹⁹. Mellorar a información e orientación para a toma de decisións centrada na práctica laboral para o alumnado do último curso de grao e másteres.

Obxectivo estratéxico relacionado	Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade (2.2). Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais (3.2)		
Procesos chave relacionados	PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-11.a. Continuar a realizar actividades informativas sobre formación práctica, orientación laboral e saídas profesionais unha vez rematado o Grao en Psicoloxía.		
Indicador/es de medición	Número de actividades realizadas	Meta a conseguir:	Organizar 2 actividades informativas sobre orientación laboral e saídas profesionais no GPs
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-11.b. Promover a colaboración entre o Máster Universitario en Psicoloxía e o COPG para dar a coñecer ao alumnado as actividades profesionais da sección de intervención social.		
Indicador/es de medición	Número de actividades realizadas	Meta a conseguir:	Participar en, a lo menos, 1 actividade formativa organizada conxuntamente co COPG no MUPs

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-11.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	É importante para o estudantado obter máis información sobre orientación laboral e alternativas profesionais ao remate dos estudos, polo que se ve necesario seguir a organizar actividades informativas neste eido.

¹¹⁹ Para facilitar o seguimento do SGC, o OC-11 do actual PMA correspóndese co OC-12 do PMA 2022-23.

Definición/ descripción proposta	Seguir incluíndo como parte do Plan de Acción Titorial do Grao en Psicología a difusión de información formativa sobre orientación laboral e saídas profesionais unha vez rematado o Grao.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinadora do GPs

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-11.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	A colaboración entre a Facultade e o COPG está a dar moi bos resultados na formación do alumnado do Grao, polo que parece convinte reforzar esta colaboración con actividades específicas destinadas as titulacións de Máster.
Definición/ descripción proposta	Promover a colaboración entre o MUPs e o COPG, participando nas súas actividades e organizando unha xornada formativa no COPG, para dar a coñecer ao alumnado o seu funcionamento, así como as actividades profesionais que se integran na sección de intervención social.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinadora do MUPs

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-12 ¹²⁰ . Continuar a organizar actividades formativas con profesionais en exercicio nos distintos eidos de aplicación da Psicología.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade (2.2). Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais (3.2)		
Procesos chave relacionados	PC-03. Apoio a estudantes		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-12.a. Fomentar a participación de profesionais dedicados a eidos de especialización psicolóxica en conferencias e ciclos de charlas dirixidos ao alumnado do centro.		
Indicador/es de medición	Número de charlas impartidas por profesionais externos	Meta a conseguir:	Realizar, a lo menos, 9 charlas impartidas por profesionais da psicología nas titulacións do centro
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-12.b. Continuar realizando actividades complementarias de orientación e formación académica e profesional invitando a profesionais en exercicio no Máster Universitario en Psicología Xeral Sanitaria.		
Indicador/es de medición	Número de charlas impartidas por profesionais externos no MUPXS	Meta a conseguir:	Realizar 3 actividades informativas a cargo de profesionais sanitarios no MUPXS

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-12.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	A boa acollida dos ciclos de charlas “A práctica profesional da Psicología” e “Tempo da Psicología” por parte do alumnado, así como polos

¹²⁰ Para facilitar o seguimento do SGC, o OC-12 do actual PMA correspóndese co OC-13 do PMA 2022-23.

	profesionais invitados, suxire a súa continuidade precisando a incorporación de profesionais que se dediquen a novos ámbitos profesionais, ampliando a variedade na oferta formativa e reflexando unha perspectiva de abordaxe psicolóxica novidosa e adaptada ás novas realidades sociais.
Definición/ descrición proposta	Fomentar a participación de profesionais dedicados a eidos de especialización psicolóxica novidosos e en auxe en conferencias e ciclos de charlas dirixidos ao alumnado do centro.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Responsable de Calidade do Centro

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-12.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	A boa acollida da iniciativa de participación de profesionais da psicoloxía en actividades formativas aconsellan a súa continuidade e formalización, de maneira que poida converterse nunha dinámica permanente.
Definición/ descrición proposta	Continuar realizando actividades complementarias de orientación e formación académica e profesional invitando a profesionais en exercicio no Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria na medida en que os recursos o permitan.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinadora do MUPXS

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-13¹²¹. Fomentar a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Implicar na política de calidade a todos os sectores da Facultade (1.3) Facilitar a integración do estudantado na Facultade e no seu funcionamento (3.3)		
Procesos chave relacionados	PS-04. Satisfacción, expectativas e necesidades		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-13.a. Continuar a fomentar a participación do estudantado do Grao en Psicoloxía nas enquisas de satisfacción institucionais da USC.		
Indicador/es de medición	% de incremento na participación	Meta a conseguir:	Aumentar nun 10% a participación do estudantado nas enquisas do GPs
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-13.b. Continuar a incrementar a participación do alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria nas enquisas de satisfacción institucionais da USC.		
Indicador/es de medición	% de incremento na participación	Meta a conseguir:	Aumentar nun 10% a participación do estudantado nas enquisas do MUPXS
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-13.c. Continuar a fomentar a participación do alumnado do Máster Universitario en Psicoloxía nas enquisas de satisfacción institucionais da USC.		
Indicador/es de medición	% de incremento na participación	Meta a conseguir:	Aumentar nun 10% a participación do estudantado nas enquisas do MUPs

¹²¹ Para facilitar o seguimento do SGC, o OC-13 do actual PMA correspóndese co OC-14 do PMA 2022-23.

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-13.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Se ben os datos de participación nas enquisas propias do centro son adecuados, os niveis de participación do alumnado nas enquisas institucionais relativas á docencia impartida no Grao e nos programas de mobilidade son moi baixos.
Definición/ descrición proposta	Ademais de seguir incluíndo formas de acceso electrónico ás enquisas de satisfacción propias do Grao, tratarase de fomentar a participación con outras accións dirixidas a aumentar a súa motivación, a través da implicación dos delegados e o alumnado Titor A Ponte e das reunións de coordinación de curso, así como o envío de recordatorios específicos para o alumnado de mobilidade.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinadora do GPs

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-13.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Se ben a participación nas enquisas de elaboración propia do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria, obsérvase unha menor participación do estudiantado nas enquisas oficiais da USC de valoración da titulación do Máster, polo que se precisa implementar accións adicionais para seguir aumentando a participación.
Definición/ descrición proposta	As accións de mellora que xa están sendo implementadas para mellorar a participación nas enquisas, facendo coincidir a súa realización, na medida do posible, coa enquisa propia do Máster, fortaleceranse a través de outras accións dirixidas a aumentar a motivación do alumnado, como a implicación dos delegados e as reunións de coordinación de curso.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinadora do MUPXS

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-13.c
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Malia que as actividades realizadas nesta dirección en cursos pasados deron resultado, a porcentaxe de participación nas enquisas de satisfacción coa docencia non é suficiente, polo que é preciso modificar o enfoque utilizado até o de agora.
Definición/ descrición proposta	Tratarase de fomentar a participación do alumnado nas enquisas oficiais da USC referidas á valoración xeral do Máster Universitario en Psicoloxía, a través da solicitude de adaptación do calendario de enquisas e do contacto máis directo co alumnado a través, por exemplo, dos delegados de curso.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Coordinadora do MUPs

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-14 ¹²² . Favorecer a integración do estudantado no funcionamento do centro.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Facilitar a integración do estudantado na Facultade e no seu funcionamento (3.3)		
Procesos chave relacionados	PC-03. Apoio a estudantes		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-14.a. Aumentar o apoio, orientación e integración do alumnado de novo ingreso, de 1º curso e do alumnado con necesidades específicas.		
Indicador/es de medición	Número de iniciativas de apoio realizadas	Meta a conseguir:	Realizar 3 iniciativas para aumentar a integración do estudantado
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-14.b. Optimizar e axilizar o proceso de incorporación ao centro do alumnado de traslado procedente doutras universidades.		
Indicador/es de medición	Número de prazas de traslado ofertadas	Meta a conseguir:	Axustar o número de prazas ofertadas para axilizar a incorporación de estudantado de traslado

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-14.a
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Séguese detectando a necesidade de brindar máis apoio e orientación ao alumnado de 1º curso, outro alumnado de novo ingreso (traslado de expediente, mobilidade), así como ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e/ou discapacidade indicadas polo SEPIU, para promover a súa integración no centro.
Definición/ descrición proposta	Realizar accións, a través do alumnado Titor no programa A Ponte e das coordinacións de curso, para mellorar o apoio, orientación e integración do alumnado de 1º curso, outro alumnado de novo ingreso (traslado de expediente, mobilidade) e do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e/ou discapacidade.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Responsable de Calidade do Centro

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-14.b
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Se ben a aplicación da AM no curso anterior, dirixida a actualizar a táboa de equivalencias para a validación automática das materias cursadas na UNED, axilizou o proceso de incorporación do alumnado de traslado de expediente reducindo o tempo de espera na tramitación das validacións, segue a haber un desfase na incorporación efectiva no desenvolvemento da docencia no Grao en Psicoloxía. Polo tanto, a CT considerou apropiado revisar e axustar o número de prazas ofertado para este tipo de estudantado.
Definición/ descrición proposta	Optimizar e axilizar o proceso de incorporación ao centro do alumnado de traslado procedente doutras universidades a través do axuste do número de prazas ofertadas.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Responsable de Calidade do Centro

¹²² Para facilitar o seguimento do SGC, o OC-14 do actual PMA correspóndese co OC-15 do PMA 2022-23.

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-15¹²³. Solicitar e organizar actividades para PDI que contribúan á actualización das competencias didácticas e pedagóxicas.

Obxectivo estratéxico relacionado	Promover a actualización formativa e a adquisición de competencias de innovación docente do PDI (4.1)		
Procesos chave relacionados	PS-01. Xestión dos recursos humanos		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-15. Fomentar a participación no curso aprobado para formar ao PDI na xestión e promoción da saúde mental do alumnado.		
Indicador/es de medición	Número de prazas cubertas	Meta a conseguir:	Cubrir a totalidade das prazas ofertadas no curso de formación

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-15		
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23		
Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos		
Análise causa	Tras detectar a necesidade de formar ao profesorado en habilidades para promocionar comportamentos e actitudes saudables nas aulas e, especialmente, para xestionar calquera problemática relacionada coa saúde mental do alumnado que poida xurdir durante o desenvolvemento das horas lectivas, propúxose ao PFID dende a Facultade de Psicoloxía a organización dun curso formativo, que foi aprobado para a súa realización.		
Definición/ descrición proposta	Realizar, cubrindo todas as prazas, o curso <i>Como xestionar situacións de risco psicolóxico do alumnado nas aulas</i> aprobado polo PFID para formar PDI da USC na xestión e promoción da saúde mental do alumnado.		
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023		
Responsables	Responsable de Calidade do Centro		

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-16¹²⁴. Introducir fórmulas de flexibilización da xornada laboral para facilitar a conciliación.

Obxectivo estratéxico relacionado	Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal (4.3)		
Procesos chave relacionados	PS-01. Xestión dos recursos humanos		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-16. Facilitar a conciliación da xornada laboral coa vida familiar e persoal.		
Indicador/es de medición	Número de solicitudes concedidas	Meta a conseguir:	Fomentar a conciliación do persoal do centro

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-16		
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23		
Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos		
Análise causa	Tras difundir a información e normativa sobre conciliación da USC ao PDI e PTXAS do centro, véñense detectando necesidades no persoal no centro para conciliar a vida laboral coa vida familiar e persoal.		
Definición/ descrición proposta	Revisión e axuste de horarios para dar resposta ás solicitudes de conciliación laboral presentadas polo PDI e o PTXAS do centro.		
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023		
Responsables	Responsable de Calidade do Centro		

¹²³ Para facilitar o seguimento do SGC, o OC-15 do actual PMA correspóndese co OC-17 do PMA 2022-23.

¹²⁴ Para facilitar o seguimento do SGC, o OC-16 do actual PMA correspóndese co OC-18 do PMA 2022-23.

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-17¹²⁵. Renovar e manter os espazos físicos e o mobiliario, atendendo as necesidades actuais, e prevendo a adaptación ás novas necesidades.

Obxectivo estratéxico relacionado	Mellorar e ampliar as infraestruturas e servizos de apoio á docencia (5.1)		
Procesos chave relacionados	PS-02. Xestión dos recursos materiais e servizos		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-17. Renovar e mellorar os espazos para PTXAS no centro.		
Indicador/es de medición	Número de espazos renovados	Meta a conseguir:	Renovar os espazos de traballo do PTXAS

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-17		
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23		
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos		
Análise causa	Detectouse que os espazos do centro dedicados á xestión e servizos, como, por exemplo, o Punto de Atención, Información e Servizos ou a Unidade de Apoio á Xestión de Centro e Departamentos, deben ser mellorados para garantir o correcto desempeño das labores profesionais do PTXAS.		
Definición/descrición proposta	Proceder á remodelación dos espazos dedicados a xestión e servizos do centro para maximizar a ergonomía dos postos de traballo.		
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023		
Responsables	Decana da Facultade		

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-18¹²⁶. Revisar e renovar as instalacións e equipamento docente das aulas e espazos docentes para asegurar unha docencia de calidade.

Obxectivo estratéxico relacionado	Mellorar e ampliar as infraestruturas e servizos de apoio á docencia (5.1) Dispoñer de infraestrutura que posibilite a incorporación progresiva do uso das TIC na docencia (5.2)		
Procesos chave relacionados	PS-02. Xestión dos recursos materiais e servizos		
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-18.a. Renovar mobiliario e manter unha dotación adecuada de equipamento para optimizar a docencia.		
Indicador/es de medición	Número de espazos renovados	Meta a conseguir:	Renovar a dotación dos espazos de docencia
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-18.b. Incrementar as conexións eléctricas nos espazos dedicados á docencia.		
Indicador/es de medición	Número de espazos renovados	Meta a conseguir:	Renovar as conexións eléctricas nos espazos de docencia

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-18.a.		
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23		
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos		
Análise causa	Detectouse certo deterioro no mobiliario e equipamento dalgunhas aulas do centro destinadas á docencia que necesita ser actualizado para mellorar a calidade da docencia.		

¹²⁵ Para facilitar o seguimento do SGC, o OC-17 do actual PMA correspóndese co OC-19 do PMA 2022-23.

¹²⁶ Para facilitar o seguimento do SGC, o OC-18 do actual PMA correspóndese cos OC-20 e OC-21 do PMA 2022-23.

Definición/ descripción proposta	Renovar mobiliario e manter unha dotación adecuada de equipamento, incluíndo a actualización dos equipos informáticos, para optimizar a docencia tanto expositivas como interactivas.
Datas	Finalización: 31/07/2024/ Inicio: 01/09/2023
Responsables	Decana da Facultade

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-18.b.
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2022-23
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	Detectouse que aula 3 do módulo B non hai puntos suficientes de conexión eléctrica para cubrir as necesidades do estudantado.
